CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT12	Traballo en equipo
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Adquirir coñecementos básicos da cultura e da sociedade dos países de lingua oficial portuguesa, de acordo co nivel A2 do Marco Comum Europeu de Referência das Línguas.	CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE4 CE8 CE10 CE21 CE22 CE25 CE28 CE32	CT2 CT4 CT12 CT17 CT22 CT23
Saber traballar en grupo na realización de actividades prácticas nas aulas.	CB1 CB3 CB4	CE1 CE2 CE4 CE10 CE25 CE28 CE32	CT4 CT12 CT22 CT23

Contidos	
Tema	
Contidos gramaticais	Contidos relacionados co nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas.
Contidos lexicais	Contidos lexicais e semánticos relacionados co nivel A2 de lingua portuguesa do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas.
Contidos pragmáticos	Formas de tratamento. Idiomatismos. Falsos amigos. Diferenzas entre o portugués de Portugal e o do Brasil.
Elementos básicos de Cultura Lusófona	Aspectos seleccionados da Historia de Portugal, Historia do Brasil, Historia dos países africanos de língua portuguesa; Historia da literatura na lusofonía; música e arte nas culturas lusófonas actuais; sistemas políticos dos países lusófonos; outros aspectos culturais da lusofonia.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	35	37	72
Traballo tutelado	27	63	90
Eventos científicos	5	5	10
Práctica de laboratorio	1	10	11
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	8	10
Traballo	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Organización e explicación da materia: calendario, exames, exercicios, bibliografía, ferramentas de traballo.
Lección maxistral	O profesorado explicará, combinando teoría e práctica, os contidos esenciais de cada un dos temas, aclarando os conceptos-clave da materia e orientando ao alumnado nas lecturas obrigatorias relacionadas con cada tema.
Traballo tutelado	Sesións prácticas, exercicios prácticos de produción oral e escrita. Revisión de contidos gramaticais con exercicios realizados dentro da aula.
Eventos científicos	Asistencia a conferencias, seminarios, filmes ou outras actividades relacionadas cos contidos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Atención a dúbidas.
Traballo tutelado	Atención a dificultades xurdidas durante as sesións prácticas. Atención a dificultades xurdidas durante a preparación de traballos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Traballo tutelado	Presentación de traballos individuais ou en grupos sobre temas gramaticais diversos a partir de textos de cultura lusófona. Estes traballos poderán ter unha frecuencia semanal.	30	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE8 CE21 CE32	CT2 CT4 CT17 CT22 CT23
Práctica de laboratorio	Exercicios orais de comprensión, expresión e fonética. Haberá unha proba oral individual.	30	CB3 CB5	CE1 CE2 CE10 CE22	CT12 CT17 CT22 CT23
Exame de preguntas de desenvolvemento	Unha proba escrita sobre os contidos teórico-prácticos e de civilización lusófona vistos durante o curso. O alumnado de avaliación única debe tamén estar presentes no día do exame.	40	CB1 CB2 CB3	CE1 CE2 CE8 CE21 CE25	CT4 CT17 CT22 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes deberán escoller, de forma obrigatoria, nas primeiras duas semanas do cuadrimestre en cuestión, entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua (cf. supra a descrición en Avaliación) ou un sistema de avaliación única. Recoméndase optar polo primeiro.

Avaliación continua

Dado que se trata do ensino dunha lingua estranxeira, é moi recomendábel asistir con regularidade ás aulas. Quen non teña posibilidade de asistir a un mínimo de 80% das aulas debe comunicalo ao profesorado. En todo caso, a non realización de probas ou exercicios parciais previstos polo sistema de avaliación continua (cf. supra a descrición en Avaliación) suporá a obtención dunha cualificación de 0 (cero) puntos nesta.

A data do último exame de avaliación continua coincidirá coa data do exame de avaliación única recollida no calendario oficial da FFT.

Avaliación única

A avaliación única consiste dunha proba escrita seguida doutra proba oral que se realizarán no mesmo día en salas de aula contiguas. É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para superar a materia e, en caso de suspenso, haberá que recuperar ambas as probas na convocatoria de xullo.

A avaliación única valorarase da seguinte forma:

1. Proba escrita teórico-práctica: 75% da nota final.

2. Proba oral: 25% da nota final. Esta proba será gravada en formato audio e a participación nela suporá o consentimento da gravación.

É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para aprobar a materia.

A non presentación a unha das probas sen xustificante suporá a obtención nela dunha cualificación de 0 (cero) puntos.

A copia ou o plaxio nos respectivos exames das avaliacións continua ou única será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nestas. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Segunda edición das actas

Os mesmos criterios da avaliación única aplicaranse na segunda edición das actas (xullo).

No caso particular do alumnado de avaliación continua que non superase a materia na primeira convocatoria e tiver que acudir á segunda edición das actas, este terá que examinarse exclusivamente da parte ou partes que teñan suspensas (exame oral e/ou escrito).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Carmo, Leonete, **Olá! Como está! Curso intensivo de lingua portuguesa**, Lidel, 2011

Coimbra, Isabel e Coimbra, Olga Mata., **Gramática Ativa 1,**, 3, Lidel, 2011

Coimbra, Isabel e Coimbra, Olga Mata., **Gramática Ativa 2**, 3.ª, Lidel, 2012
Cristóvão, Fernando (dir. e coord.), **Dicionário Temático da Lusofonia**, Texto Editores, 2005
Dicionário da Língua Portuguesa 2011., Porto Editora, 2010
Dicionário Editora de Espanhol-Português, Porto Editora, 2008
Dicionário Editora de Francês-Português., Porto Editora, 2011
Dicionário Editora de Inglês-Português., Porto Editora, 2010
Dicionário Editora de Português-Alemão,, Porto Editora, 2006
Dicionário Editora de Português-Espanhol,, Porto Editora, 2010
Dicionário Editora de Português-Francês., Porto Editora, 2009
Dicionário Editora de Português-Inglês., Porto Editora, 2010
Dicionário Moderno da Língua Portuguesa., Porto Editora, 2010
Dicionário Moderno de Sinónimos e Antónimos., Porto Editora, 2012
Dicionário Moderno de Verbos Portugueses., Porto Editora, 2010
Duarte, Gonçalo (org.)., **Histórias de Bolso**, Lidel, 2016
Henriques, Teresa Sousa & Federico de Freitas., **Qual é a Dúvida.**, Lidel, 2011
Machado, José Barbosa,, **Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas.**, Edições Vercial, 2009
Ruela, Isabel., **Vocabulário Temático.**, Lidel, 2015
www.flip.pt (Ferramentas para a língua portuguesa)),
http://www.portaldalinguaportuguesa.org/,
http://www.ciberduvidas.com/,
Bibliografía Complementaria
Castro, Ivo., **Introdução à História do Português**, Edições Colibri, 2006
Sobral, José Manuel., **Portugal, Portugueses: Uma Identidade Nacional,**, Fundação Francisco Manuel dos Santos, 2012

Recomendacións

Outros comentarios

-Recoméndase a asistencia regular ás aulas e ás titorías.

-É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións, cronograma) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

-Na plataforma Moovi da materia haberá un cronograma coa planificación semanal dos contidos impartidos e dos exercicios e traballos que deberán ser realizados.

-Un bo nivel de lingua galega axudará na comprensión e aproveitamento desta materia.

-A lectura e a audición de textos en lingua portuguesa axudarán a aumentar o léxico e a fluidez no uso da lingua.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática				
Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática			
Código	V01G230V01109			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Miquel Verges, Joan			
Profesorado	Méndez González, Ramón Miquel Verges, Joan			
Correo-e	jmv@uvigo.es			
Web	http://jmv.webs.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento e aprendizaxe das tecnoloxías e ferramentas informáticas (hardware e software) básicas necesarias para o labor profesional da tradución e a interpretación; e, introdución ao coñecemento e aprendizaxe das tecnoloxías e ferramentas informáticas (hardware e software) especializadas relacionadas coa tradución e a interpretación.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida
CE31	Coñecementos de informática profesional e TAC
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Estar en condicións de desenvolver un uso eficiente das ferramentas informáticas máis habituais para a tradución, tanto a nivel autónomo como no traballo en equipo.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE10 CE11	CT12 CT15
Saber escoller e utilizar con destreza as ferramentas informáticas máis axeitadas para cada situación na práctica profesional da tradución.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE14 CE23	
Coñecer os fundamentos conceptuais e técnicos das ferramentas necesarias para a práctica profesional da tradución.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE31	CT5

Contidos	
Tema	
Tema-1. Introdución á materia.	1.1. Pautas básicas a seguir na materia. 1.2. Metodoloxía docente empregada na materia: a aprendizaxe baseada en problemas ABP. 1.3. O proceso profesional da tradución: fases e ferramentas informáticas (hardware e software) asociadas. 1.4. Contidos da materia. 1.5. Dificultades intrínsecas da aprendizaxe e adopción de novas tecnoloxías.
Tema-2. Tradución e tecnoloxías: a ofimática avanzada aplicada á tradución.	2.1. Introdución á ofimática avanzada aplicada á tradución: os procesadores de texto, as follas de cálculo, a telemática e as bases de datos. 2.2. Funcións avanzadas dos procesadores de texto e das follas de cálculo relacionadas co ámbito profesional da tradución e coa maquetación profesional de documentos. 2.3. A telemática, e a creación, tradución e hospedaxe de páxinas web. 2.4. Os programas lexicográficos, as bases de datos e as follas de cálculo relacionados co ámbito profesional da tradución.
Tema-3. Tradución e tecnoloxías: a tradución (totalmente) automática T(T)A, a tradución asistida por ordenador TAO e a posedición PE.	3.1. Introdución á traducción (totalmente) automática T(T)A, á tradución asistida por ordenador TAO e a posedición PE. 3.2. A traducción (totalmente) automática T(T)A. 3.3. A tradución asistida por ordenador TAO. 3.4. A posedición PE.
Tema-4. Tradución e novas tecnoloxías: a tradución multimedia TM.	4.1. Introdución á tradución multimedia TM: a tradución audiovisual TAV e a localización L10N. 4.2. A tradución audiovisual TAV: a dobraxe, o subtitulado e as modalidades menores. 4.3. A localización L10N: a localización de páxinas web, a localización de programas informáticos e a localización de videoxogos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Flipped Learning	2.66	10.64	13.3
Actividades introdutorias	7.11	14.22	21.33
Prácticas con apoio das TIC	36.46	77.14	113.6
Exame de preguntas obxectivas	1.77	0	1.77
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Flipped Learning	Posta en marxa da materia empregando o modelo de Aula Invertida ('Flipped Learning'), relacionado co TEMA-1 de 'Introdución á materia.'
Actividades introdutorias	Sesión introdutoria, relacionada co TEMA-2, sobre 'Tradución e tecnoloxías: a ofimática avanzada aplicada á tradución.' Sesión introdutoria, relacionada co TEMA-3, sobre 'Tradución e tecnoloxías: a tradución (totalmente) automática T(T)A, a tradución asistida por ordenador TAO e a posedición PE.' Sesión introdutoria, relacionada co TEMA-4, sobre 'Tradución multimedia TM: a tradución audiovisual TM'.
Prácticas con apoio das TIC	PRÁCTICA-1 relacionada co TEMA-2 de 'Tradución e tecnoloxías: a ofimática avanzada aplicada á tradución'. PRÁCTICA-2 relacionada co TEMA-3 de 'Tradución e tecnoloxías: a tradución (totalmente) automática T(T)A, a tradución asistida por ordenador TAO e a posedición PE'; e co TEMA-4 de 'Tradución e novas tecnoloxías: a tradución multimedia TM'.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Prácticas con apoio das TIC	Comentario personalizado das diferentes probas prácticas (PRÁCTICA-1 e PRÁCTICA-2) realizadas polo alumnado.
Probas	**Descrición**

Exame de preguntas obxectivas	Comentario personalizado das diferentes probas tipo test (TEST-1 e TEST-2) realizadas polo alumnado.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Prácticas con apoio das TIC	PRÁCTICA-1. Proba práctica (dunha ou mais encomendas), de execución de tarefas reais e/ou simuladas, relacionada co TEMA-2 de 'Tradución e tecnoloxías: a ofimática avanzada aplicada á tradución' (45%). PRÁCTICA-2. Proba práctica (dunha ou mais encomendas), de execución de tarefas reais e/ou simuladas, relacionada co TEMA-3 de 'Tradución e tecnoloxías: a tradución (totalmente) automática T(T)A, a tradución asistida por ordenador TAO e a posedición PE'; e co TEMA-4 de 'Tradución e novas tecnoloxías: a tradución multimedia TM' (25%).	70	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE10 CE11 CE14 CE23 CE31 CT5 CT12 CT15
Exame de preguntas obxectivas	TEST-1. Exame de preguntas obxectivas para validar os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado na realización da PRÁCTICA-1 sobre 'Tradución e tecnoloxías: a ofimática avanzada aplicada á tradución'; e, tamén, para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos de maneira autónoma polo alumnado relacionados co TEMA-2 (15%). TEST-2. Exame de preguntas obxectivas para validar os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado na realización da PRÁCTICA-2 sobre a 'Tradución e tecnoloxías: a tradución (totalmente) automática T(T)A, a tradución asistida por ordenador TAO e a posedición PE' e a 'Tradución e novas tecnoloxías: a tradución multimedia TM'; e, tamén, para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos de maneira autónoma polo alumnado relacionados co TEMA-3 e o TEMA-4 (15%).	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE14 CE31 CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Primeira oportunidade (ou primeira edición de actas) da materia

Na primeira oportunidade (ou primeira edición de actas) da materia o alumnado vai ter ao seu dispor dúas modalidades de avaliación diferentes e excluíntes: a modalidade de 'avaliación continua' e a modalidade de 'avaliación única (ou exame final)'. Pode acollerse á primeira modalidade de 'avaliación continua' calquera alumno/a que estea matriculado/a oficialmente na materia, sen ningún requisito previo; so entregado as prácticas ou facendo os tests en tempo e forma. Pode acollerse á segunda modalidade de 'avaliación única (ou exame final)' so aquel alumnado que non se acolla previamente á primeira modalidade de 'avaliación continua'; e, de ser o caso, tampouco fai falta que o comunique de antemán. Noutras palabras, se un/unha alumno/a entrega unha práctica ou fai un test na avaliación continua, queda automaticamente excluído/a da avaliación única (ou exame final); agás casos moi excepcionais que vanse explicar mais adiante, no apartado de 'avaliación única (ou exame final)'.

2.1. Primeira oportunidade (ou primeira edición de actas) da materia: a modalidade de 'avaliación continua'

Dentro da primeira oportunidade (ou primeira edición de actas) da materia, a modalidade de 'avaliación continua', como o seu nome indica, está pensada para o alumnado que teña previsto asistir ás sesións presenciais da materia e entregar as diferentes prácticas e facer os diferentes tests en tempo e forma.

Si ben a asistencia do alumnado ás clases é un dereito, pero non un deber; é o profesorado quen debe habilitar os medios necesarios para facilitar a avaliación continúa ao alumnado que non asista ás clases. Por todo illo:

- Aínda que non é obrigatoria a asistencia as devanditas sesións-horas presenciais para poder acollerse a esta modalidade de avaliación, desaconséllase a mesma a aquel alumnado que non poida asistir a un mínimo do 80% das sesións presenciais.
- En calquera caso, o alumnado que decida acollerse a esta modalidade sen asistir ás sesións presenciais vai ter exactamente os mesmos dereitos e as mesmas obrigas que os/as que si asistan as sesións presenciais.
- O alumnado que decida acollerse a esta modalidade sen asistir ás sesións presenciais non van ter tampouco ningún tipo de trato preferente e/ou de axuda adicional polo devandito feito. Por exemplo, é responsabilidade súa estar informados/as sobre as datas de entrega das diferentes encomendas das diferentes prácticas e/ou das datas de realización das probas presenciais tipo test se as houbera; tamén é responsabilidade súa conseguir o material que os/as docentes da materia poidan distribuír nas clases presenciais, e/ou deixar na web ou na plataforma de teledocencia MooVi. Tampouco poden esixir 'clases particulares'; aínda que, obviamente, poden consultar as súas dúbidas nas horas de titoría, como os/as demais alumnos/as da materia.

- Por último, para evitar 'suplantacións de identidade', o alumnado que decida acollerse á modalidade de avaliación continua, obrigatoriamente, vai ter que estar dado de alta na plataforma de teledocencia MooVi da materia e completar (a ser posible) o seu perfil de alumno/a cunha fotografía súa actualizada e recoñecible. En calquera caso, o estatuto do estudante universitario permite ao persoal docente solicitar a identificación do estudantado (sexa cal sexa a súa modalidade de avaliación), sempre que sexa necesario: o cal deberá mostrar a súa tarxeta de estudante ou documento de identificación (art. 25.7). Nun ambiente en liña, tamén se pode solicitar ao estudantado que se identifique amosando a devandita documentación.

Na procura da equidade de todo o alumnado da materia, independentemente da asistencia ou non ás sesións presenciais, polo feito de non ser imputable ao alumnado, vanse ter en conta as especiais circunstancias de: 1) O alumnado de selectividade da convocatoria de setembro e o alumnado de intercambio (Erasmus, Sócrates, SICUE, etc.) que normalmente incorpórase máis tarde á docencia do curso; 2) O alumnado con algún tipo de necesidade específica de apoio educativo, sempre e cando a devandita necesidade estea avalada polo 'Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE)' (https://www.uvigo.gal/campus/atencion-diversidade/que-podemos-axudar); 3) Calquera outro caso que, segundo os/as docentes da materia, requira dun tratamento da avaliación diferenciado. Fora destas tres excepcións, o resto do alumnado será tratado sempre de igual maneira (cos mesmos dereitos e coas mesmas obrigas).

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación continua poderá (e deberá) ir acumulando nota ao longo do curso até un máximo de 10,0 puntos posíbeis (o 100% da nota final da materia). Para aprobar a materia na avaliación continua desta primeira oportunidade oficial de avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos sumando a cualificación obtida nas probas prácticas e a cualificación obtida nas probas de tipo test obtidas na avaliación continua da materia. Unha vez obtida esta cualificación, se quere, non fai falta que entregue ou faga ningunha práctica ou test máis.

A 'rúbrica' de corrección das diferentes probas prácticas e das probas tipo test (isto é, os parámetros relacionados coa corrección das diferentes encomendas/prácticas e coas posibles penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco nos exames de preguntas obxectivas tipo test) indicaranse antes da realización das respectivas probas.

A cualificación final obtida vai ser inamovíbel, salvo erro manifesto de cómputo nas cualificacións, alegacións tidas en conta dentro do período contemplado para illo, e/ou circunstancias moi excepcionais que serán estudadas polos/as docentes da materia.

O alumnado da avaliación continua que non supere a devandita primeira oportunidade de avaliación NON PODERÁ presentarse despois á avaliación única da primeira oportunidade de avaliación oficial (agás casos moi excepcionais, previamente xustificados, que serán estudados polos/as docentes da materia). Para poder aprobar a materia vai ter que presentarse á avaliación única da segunda oportunidade de avaliación oficial.

Al ser esta materia unha materia de 48 horas efectivas no Proxecto de Organización Docente (POD), a duración de 2 horas de cada clase (2 clases por semana) computa no POD so como 1,75 horas (isto é, 1 hora e 45 minutos); para que os cambios de aula entre clase (15 minutos en total) non repercutan nas horas de docencia efectivas. Por illo, as 48 horas (12 semanas) efectivas en POD son, na realidade, 54 horas (13,5 semanas) de clase real.

A distribución 'a priori' destas 54 horas (13,5 semanas) de clase é a que se mostra a continuación (obviamente, esta distribución 'ideal' está condicionada polo calendario académico e polo propio devenir da docencia da materia). As datas de entrega das diferentes prácticas (dunha ou varias encomendas) e de realización das diferentes probas tipo test vanse fixar no inicio de cada módulo da materia.

MÓDULO-1 - PRIMEIRA PARTE DO CURSO (6,00 PUNTOS): 'PRÁCTICA-1' de 4,50 puntos e 'TEST-1' de 1,50 puntos.

DOCENCIA: Prof. Joan Miquel-Vergés.

PERIODO: 1ª-9ª semana; 8,5 semanas; 17 clases; 34 horas reais (30,3 horas efectivas no POD).

- TEMA-1: 1ª semana; 3 horas.
- TEMA-2: 1ª-9ª semana; 29 horas.
- TEST-1 (presencial, a través do MooVi): 2 horas. Ao inicio do 'Módulo-1' indicarase a data de realización do TEST-1 do módulo. Procurarase que sexa nas últimas semanas de docencia do módulo.
- PRÁCTICA-1: ao inicio do 'Módulo-1' indicarase as datas para a entrega das diferentes encomendas (unha ou varias) da PRÁCTICA-1 do módulo. Procurarase que sexa nas últimas semanas de docencia do módulo.

MÓDULO-2 - SEGUNDA PARTE DO CURSO: (4,00 PUNTOS): 'PRÁCTICA-2' de 2,50 puntos e 'TEST-2' de 1,50 puntos.

DOCENCIA: Prof. Ramón Méndez González.

PERIODO: 9ª-14ª semana; 5,5 semanas; 17 clases; 20 horas reais (17,7 horas efectivas no POD).

- TEMA-3: 9ª-12ª- semana; 12 horas.
- TEMA-4: 12ª-14ª semana; 8 horas.
- TEST-2 (presencial, a través do MooVi): 2 horas. Ao inicio do 'Módulo-2' indicarase a data de realización do TEST-2 do módulo. Procurarase que sexa nas últimas semanas de docencia do módulo.
- PRÁCTICA-2: ao inicio do 'Módulo-2' indicarase as datas para a entrega das diferentes encomendas (unha ou varias) da PRÁCTICA-2 do módulo. Procurarase que sexa nas últimas semanas de docencia do módulo.

2.2. Primeira oportunidade (ou primeira edición de actas) da materia: a modalidade de 'avaliación única (ou exame final)'

So pode realizar esta modalidade de 'avaliación única (ou exame final)' o alumnado que non entregou nin fixo encomenda ou test algunho das diferentes prácticas e probas tipo tests da avaliación continua da materia. No momento que un/unha alumno/a entrega algunha encomenda dalgunha práctica e/ou fai algunha proba tipo test na avaliación continua da materia, queda automaticamente excluído/a da avaliación única (ou exame final) da primeira oportunidade (ou primeira edición de actas) da materia.

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación única na primeira oportunidade da materia vai ter que realizar un único exame de preguntas obxectivas cun valor máximo de 10,0 puntos en total (o 100% da nota final).

Nesta modalidade de avaliación única tamén é requisito que o alumnado estea dado de alta na plataforma de teledocencia MooVi da materia; neste caso, para que poida facer o exame de preguntas obxectivas no MooVi da materia. Al igual que no caso da avaliación continua, se o require o persoal docente, tamén vai ter que identificarse o día do exame con algún documento oficial onde conste o seu nome e apelidos e a súa fotografía.

A 'rúbrica' de corrección do test (isto é, os parámetros relacionados coas posibles penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco no exame de preguntas obxectivas) indicarase antes da realización da proba tipo test.

Para aprobar a materia nesta avaliación única da primeira edición de actas da materia o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos no exame de preguntas obxectivas (sen excepción algunha).

Por acordo da Xunta de Facultade da FFT do 03/06/16, 'O exame / A proba / A entrega de traballos para o alumnado de avaliación única será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de Facultade da FFT'.

2. Segunda oportunidade (ou segunda edición de actas) da materia

A segunda oportunidade (ou segunda edición de actas) da materia rexerase polos mesmos parámetros que a primeira oportunidade (ou primeira edición de actas) da materia, na súa modalidade de 'avaliación única (ou exame final)'. A 'rúbrica' de corrección do test (isto é, os parámetros relacionados coas posibles penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco no exame de preguntas obxectivas) indicarase antes da realización da proba tipo test; con todo, os parámetros empregados poden variar ao respecto dos empregados na primeira oportunidade.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Miquel-Vergés, J., **Blog de Joan Miquel-Vergés**, FFT-UVigo, 2022
Miquel-Vergés, J., **Espazo web de Joan Miquel-Vergés**, FFT-UVigo, 2022
Miquel-Vergés, J., **Twitter de Joan Miquel-Vergés**, FFT-UVigo, 2022
Martín-Mor, A.; Piqué, R.; Sánchez-Gijón, P., **"Cambios en el paradigma de la traducción digitalizada". En IX Simposio sobre la traducción, la terminología y la interpretación Cuba-Quebec-Canadá, La Habana, 10/12/14**, ACTI, 2014
Olalla-Soler, C.; Vert-Bolaños, O., **"Traducción y tecnología: uso y percepción de las tecnologías de la traducción. El punto de vista de los estudiantes". En Revista Tradumàtica, 11:338-356**, UAB, 2013
Piqué, R. y Sánchez-Gijón, P., **"La digitalización del proceso de traducción tareas y herramientas". En I Congreso Internacional de Traducción Especializada. Buenos Aires, 27/07/06**, UAB, 2006
Zetzsche, J., **The Translator's Tool Box. A Computer Primer for Translators. Version 14**, Version 14, 2020, International Writers' Group, LLC, 2020
Bibliografía Complementaria
Bowker, L., **Computer-Aided Translation technology: A practical introduction**, University of Ottawa Press, 2002
Chan, Sin-wai, **The future of translation technology: towards a world without Babel**, Routledge, 2019
Corpas, G.; Varela, M. J., **Entornos informáticos de la traducción profesional: las memorias de traducción**, Atrio, 2003

Díaz-Fouces O.; García-González, M. (eds.), **Traducir (con) software libre**, Comares, 2008
O□hagan, M., **The Routledge Handbook of Translation and Technology**, Routledge, 2020
Oliver,-González A., **Herramientas tecnológicas para traductores**, UOC, 2016
Oliver-González, J.A.; Moré, J.; Climent, S. (coords.), **Traducción y tecnologías**, UOC, 2008
Reineke, D. (coord.), **Traducción y localización: mercado, gestión y tecnologías**, Anroart Ediciones, 2005
Santilli, D. (coord.), **Manual de informática aplicada a la traducción, 2ª edición revisada**, CTPCBA, 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01924
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01923
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01922

Outros comentarios

1) É responsabilidade do alumnado da materia consultar no MooVi e/ou nos espazos web do profesorado da materia (de existir) toda a información e documentación contida nos mesmos, así como as actualizacións que poidan ter lugar nestes durante o curso académico.

2) Esta materia proporciona a adquisición de coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas básicas (hardware e software) de tipo xeral relacionadas coa tradución.

Para adquirir coñecementos e destrezas no manexo de ferramentas informáticas especializadas relacionadas coa tradución, e, sobre todo, relacionadas co ámbito da tradución multimedia (tradución audiovisual e localización), considérase imprescindible cursar no 4º curso do Grao: i) A materia de 'Ferramentas para a Tradución e Interpretación V: Informática avanzada' [que consolida e amplía os coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas de tradución asistida adquiridos na materia de 1º curso do grao; e, ademais, proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da localización: a localización de páxinas web, a localización de programas informáticos, e, a localización de videoxogos)]; e; ii) Algunha das combinacións lingüísticas da materia de 'Tradución medios audiovisuais' [que proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da tradución audiovisual: o subtitulado, a dobraxe, e, outras modalidades menores)].

Deste xeito pódese atinxir un dominio satisfactorio dos coñecementos e das destrezas das principais ferramentas informáticas (hardware e software) relacionadas coa práctica profesional da tradución e a interpretación glosados na listaxe de competencias do Grao (xenéricas e especializadas).

3) Dado que para o desenvolvemento e a avaliación da materia atinxen tanto as horas de traballo presenciais na aula informática como as horas de traballo persoal autónomo do alumnado, considérase imprescindíbel a asistencia do alumnado ás primeiras sesións (3 horas) introdutorias da materia (no grupo que teña asignado/a), realizadas seguindo o modelo de Aula Invertida (ou "Flipped Learning") coa finalidade de estar informados/as do funcionamento da materia, dos contidos, da planificación e metodoloxías docentes que vanse empregar, dos mecanismos de seguimento da docencia, etc. En particular, o alumnado vai poder contar coa suficiente información para poder decidir a modalidade de avaliación que quere seguir.

4) A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de encomenda ou proba tipo test suporá, automaticamente, a cualificación de suspenso/a (0,0 puntos) na cualificación da materia desa oportunidade da materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

5) Calquera aspecto relacionado con esta materia que non estea contemplado nesta Guía Docente da materia será analizado polo persoal docente desta materia; e, unha vez analizado, o alumnado da materia será informado o antes posible.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego				
Materia	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego			
Código	V01G230V01201			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Soto Andión, Xosé			
Profesorado	Soto Andión, Xosé			
Correo-e	xsotoandion@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Partindo de que o alumnado posúe un nivel C2 do Marco Europeo de Referencia para a aprendizaxe de linguas, a materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes á vez que incide na aplicación práctica da norma adaptada á construción de manifestacións discursivas formais nos diferentes contextos comunicativos orais e escritos.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
- Desenvolver autonomía na produción e corrección de diferentes tipos de textos orais e escritos utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega. Coñecementos de cultura xeral e civilización Dominio oral e escrito da lingua propia	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE17 CE18 CE25 CE27 CE33	CT7 CT8 CT9 CT15 CT23

Contidos
Tema

1. Escrita, oralidade e norma lingüística	1.1. Vogais e consoantes: a pronuncia estándar do galego 1.2. Letras e acentuación. Palabras conflitivas 1.3. Signos ortográficos 1.4. Grupos consonánticos 1.5. Sufixos e terminacións 1.6. Uso das maiúsculas 1.7. Paradigmas morfolóxicos do galego
2. Morfosintaxe	2.1. Artigo 2.2. Substantivo e adxectivo. A comparación 2.3. O pronome persoal 2.4. Posesivos e demostrativos 2.5. Cuantificadores e identificadores 2.6. O verbo e as perífrases verbais 2.7. O adverbio 2.8. A preposición e a conxunción
3. O texto	3.1. Tipoloxía textual en galego 3.2. Coherencia e cohesión textuais. 3.3 Principais marcadores discursivos 3.4. A estrutura da información

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	21	21	42
Eventos científicos	3	6	9
Presentación	3	21	24
Lección maxistral	15	30	45
Actividades introdutorias	4	8	12
Exame de preguntas obxectivas	2	16	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	O estudantado levará a cabo a resolución de problemas e exercicios específicos para a materia explicada. Adóitase utilizar como complemento da clase maxistral.
Eventos científicos	Os discentes asistirán a conferencias e actividades que complementen a súa formación, agás persoas con conciliación debidamente xustificada.
Presentación	O alumnado exporá perante o docente e/ou un grupo de estudantes un tema sobre os contidos da materia, os resultados dun traballo, exercicio ou lectura bibliográfica.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, directrices dun traballo ou traballos e actividades que o alumnado debe desenvolver.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado e reunir información sobre o grupo así como a presentar a materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	A profesora ou profesor ofrecerá titorías individualizadas ou en pequenos grupos antes da exposición dos temas por parte do estudantado así como antes dos exames ou da entrega de exercicios, ben sexa na clase, no despacho do profesor ou por medio do correo electrónico a petición do estudiantado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas	Durante o curso o profesorado especificará cales das diferentes actividades prácticas serán avaliables. Terase moi en conta a actitude e participación do alumnado nas aulas e a entrega do material que se demande.	20	CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE18 CE25 CE33	CT15 CT23

Eventos científicos	Valorarase a asistencia a calquera actividade programada relacionada coa materia e a entrega dunha recensión persoal.	5	CB2 CB5	CE25	CT8 CT15
Presentación	Valorarase a preparación dun traballo tutelado individual (6 folios) ou de traballos máis breves (2, 3 folios) nos que se atenderá especialmente, amais dos contidos, á corrección do texto e á oralidade.	10	CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE17 CE18 CE27 CE33	CT7 CT8 CT9 CT15 CT23
Lección maxistral	Valorarase a atención dos discentes, a súa curiosidade intelectual, a reflexión e mesmo o debate se se considera oportuno.	15	CB2 CB3 CB4 CB5		
Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse dúas probas durante o cuadrimestre: unha sobre a normativa ortográfica e morfolóxica (CONTRA A METADE DE MARZO) e outra sobre aspectos gramaticais e o texto, ben sexa o último día de clase ben sexa na data do exame final oficial. Ámbalas dúas deberán ser superadas para obter a cualificación total deste apartado. O estudantado que suspenda a primeira proba deberá examinarse da parte correspondente na devandita data oficial de exames.	50	CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE17 CE18 CE25 CE33	CT7 CT8 CT15 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder optar á avaliación continua, débense cumprir os seguintes requisitos: asistencia habitual ás aulas e entrega dos traballos obrigatorios. O estudantado que opte pola modalidade presencial someterase ás probas avaliables que dictamine o profesor/-a, necesarias para conseguir o aprobado na materia: unha sobre a normativa ortográfica e morfolóxica do galego e outra sobre as cuestións traballadas durante o curso en relación con aspectos de morfosintaxe, construción e corrección textual, gramátical e léxico-semántica. Ámbalas dúas probas deberán ser superadas. Na segunda edición das actas non se conservará a cualificación de ningunha das dúas probas superadas. O estudantado que non se acolla á modalidade presencial realizará na data oficial de exame tanto unha proba teórico-práctica sobre os contidos da materia coma unha proba oral e terá ademais a obriga de entregar un traballo individual consensuado de antemán coa profesora ou profesor. O mesmo sistema seguirase co estudantado que concorra á segunda ou posteriores convocatorias.

Calquera tipo de plaxio será penalizado co suspenso.

Terase en consideración o caso de persoas con obrigas de conciliación familiar debidamente xustificadas.

A bibliografía que se indica na guía docente para consulta e preparación de probas é toda básica. Aquela que non poida atoparse na biblioteca será fornecida polo docente a través de Moovi ou nas aulas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ÁLVAREZ, R. / MONTEAGUDO, H. / REGUEIRA, X.L., **Gramática galega**, Galaxia, 1986

ÁLVAREZ, R. e XOVE, X., **Gramática da lingua galega**, Galaxia, 2002

FREIXEIRO MATO, X.R., **Gramática da lingua galega II Morfosintaxe**, A Nosa Terra, 2000

HERMIDA, Carme, **Gramática Práctica (Morfosintaxe)**, Sotelo Blanco, 2004

ILG / RAG, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, ILG/RAG, 1995

CARBALLEIRA ANLLO, X. M., **Gran dicionario Xerais da lingua**, Xerais, 2000

FERNÁNDEZ SALGADO,B., **Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega**, Galaxia, 2004

NAVAZA BLANCO, G., **Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos**, Xerais, 1990

RAG, **www.realacademiagalega.org**,

www.edu.xunta.es/diccionarios/BuscaTermo.jsp,

digalego.com/diccionario/html/index.php,

htpp://gl.wikipedia.org.wiki/Portada,

Instituto da Lingua Galega, **Dicionario de pronuncia da lingua galega**, ILG/USC, 2016

López Viñas, Xoán, **Gramática práctica da lingua galega: comunicación e expresión**, 2ª, Baía edicións, 2011

Freixeiro, Xosé Ramón, **Gramática da lingua galega IV: gramática do texto**, Edicións A Nosa Terra, 2003

Freixeiro, Xosé Ramón, **Estilística da lingua galega**, Edicións Xerais, 2013

Merayo, Arturo, **Curso práctico de técnicas de comunicación oral**, 3ª ed., Tecnos, 2013

Pena, Xosé Antonio, **Dicionario Cumio de expresións e frases feitas**, Edicións do Cumio, 2002

Ballenato, Guillermo, **Comunicación eficaz**, Edicións Pirámide, 2013

Collard, Gilbert, **El arte de hablar en público**, Ed. Mensajero, 2012

Ribeiro, Lair, **La comunicación eficaz**, 2ª, Urano ediciones, 2017

Bizcarrondo, Gemma & Urrutia, Hernán, **Escribir y editar: guía práctica para la redacción y edición de textos**, Universidad de Deusto, 2010

Xunta de Galicia, **Manual básico de documentación administrativa e xurídica**, Xunta de Galicia, 2010

Xunta de Galicia, **Portal da lingua. https://www.lingua.gal/portada**, Secretaría Xeral de Política Liingüística,
ILG-USC, **https://ilg.usc.es/**,
Beltrán, Xosé Ramón, **Manual práctico de galego para oposicións**, 5ªed., Baía edicións, 2004

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01401

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109

Outros comentarios

O estudantado que non posúa un nivel avanzado de lingua galega (C2) deberá procuralo por medios alternativos á docencia desta materia: cursos CELGA, visionado de películas, lecturas, cursos de galego a través da web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, na Área de Normalización Lingüística da UVigo, mediante cursos CELGA, etc. ...

Lémbrase que calquera tipo de plaxio será penalizado.

Lémbrase que se prestará especial atención á corrección lingüística, tanto oral coma escrita, e terase en conta na avaliación.

Recoméndase encarecidamente o uso dos recursos da biblioteca. A bibliografía seleccionada nesta guía é toda básica. O docente poderá facilitar todas aquelas lecturas recomendadas que non estean dispoñibles na biblioteca.

O estudantado deberá estar pendente dos avisos de clase e da plataforma docente Moovi, por cuxos medios o profesorado manterá o contacto permanente co estudantado: notificacións, lecturas, uso e entrega de material, notas, avisos varios etc.

O profesorado poderá recomendar nova bibliografía actualizada básica de cada tema. De non se dispoñer dela na biblioteca, poderá ser facilitada polo/-a docente.

O profesorado terá en conta situacións de conciliación debidamente xustificadas.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español				
Materia	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español			
Código	V01G230V01202			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rodríguez Barcia, Susana			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	A materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes dunha das súas linguas maternas, o español. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT7	Toma de decisións
CT12	Traballo en equipo
CT18	Creatividade
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión escrita.	CB1 CB4	CE4	CT1
Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua materna español.	CB1	CE3	CT23
Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos.	CB2	CE10 CE18	CT1 CT18
Capacitar ao alumnado para analizar, sintetizar e extraer de forma crítica a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita e poñela en común.	CB3	CE18	CT7 CT12
Proporcionarlle a información e ferramentas necesarias ao discente para que manexe con soltura os recursos bibliográficos de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais de corrección, tradución e interpretación textual.	CB5		

Contidos
Tema

Tema 1. A comunicación escrita.	1.1. O proceso da escritura. Principais erros e dificultades. 1.2. Unidades e niveis na organización do texto. 1.3. Claridade, coherencia e cohesión.
Tema 2. O dicionario como ferramenta de uso.	2.1. Concepto e caracterización. 2.2. Tipos de dicionarios.
Tema 3. A comunicación oral.	3.1. Discurso oral/ discurso escrito. 3.2. Elementos da comunicación oral. 3.3. Claves para falar en público.
Tema 4. Como facer unha presentación.	4.1. Fases para a súa elaboración. 4.2. Exemplos de presentacións.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	3	5
Lección maxistral	18	45	63
Resolución de problemas de forma autónoma	14	21	35
Presentación	6	18	24
Traballo tutelado	4	8	12
Traballo	2	7	9
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	As primeiras sesións están dirixidas a coñecer o grao de coñecemento que ten o alumnado, cales son os seus intereses e expectativas, que obxectivos pretenden alcanzar, etc. Para iso realízanse algúns exercicios que teñen como obxecto reflectir o coñecemento da lingua e espertar o seu interese.
Lección maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos xerais da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e metodoloxías de análises. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos claros que aseguren a comprensión dos contidos. Ocasionalmente poderán estar apoiadas por presentacións.
Resolución de problemas	Algunhas clases serán dedicadas exclusivamente á resolución de exercicios gramaticais, destacando as diferenzas entre portugés, galego e castelán. Terá prioridade nestas clases os temas referentes á escrita.
Traballo tutelado	Desenvolvemento de actividades en clase con foco na expresión oral. Exhibición de vídeos e audios para a comprensión auditiva e expresión oral.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Exercicios orais e escritos que se realizarán durante as clases.	20	
Traballo tutelado	Realización/presentación de varios traballos - individuais ou en grupos, sobre temas diversos (gramática, léxico, pragmática e cultura lusófona).	25	

Resolución de problemas e/ou exercicios	Unha proba escrita sobre contidos de civilización lusófona e sobre elementos de tradución e cultura portuguesa (a realizar en novembro).	20
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita sobre os contidos teórico-prácticos vistos durante o curso. O exame realizarase na última sesión de clase.	15
Práctica de laboratorio	Diferentes exercicios prácticos orais a realizar nas clases. Exercicios de tradución oral. Proba oral individual (última semana de aulas).	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado debe elixir, de forma obrigatoria, nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre, entre dúas opcións: un sistema de avaliación **continua** (cf. descrición en"avaliación") ou un sistema de avaliación **única.**

É recomendable elixir o primeiro sistema, **avaliación continua,** xa que se trata do ensino dunha lingua estranxeira e é necesario asistir con regularidade ás clases. Quen non teña a posibilidade de asistir ás clases e ás actividades da materia coa frecuencia necesaria debe comunicalo ao profesor. A non realización das probas ou exercicios parciais, previstos polo sistema de avaliación continua, supón o suspenso cunha nota de 0 (cero) puntos na mesma.

Primeira edición das actas

A data do último exame de avaliación continua coincidirá coa data do exame "avaliación única" indicada no calendario oficial da FFT. A data do exame oral será acordada co profesor ao longo do período de exames. A proba oral deberá ser gravada en forma de audio, coa debida autorización do alumnado. Para aprobar na materia, é necesario aprobar ambas as probas (escrita e oral). Ao suspender unha delas, é necesario recuperar ambas as probas na convocatoria de xullo.

A **avaliación única** consiste nun exame escrito, realizado en data indicada no calendario oficial da FFT, seguido doutro exame oral, que será realizado no mesmo día nunha aula contigua. A avaliación única será valorada da seguinte maneira:

1. Exame escrito teórico-práctico: 75% da nota final.

2. Exame oral: 25% da nota final. A proba oral deberá ser gravada en forma de audio coa debida autorización do alumnado.

Para poder aprobar a materia, é necesario aprobar ambos os exames (escrito e oral). No caso de que se suspenda un dos exames, o alumno/a deberá repetir as dúas partes (escrita e oral) na convocatoria de xullo.

Segunda edición das actas

Os mesmos criterios de avaliación serán aplicados na segunda edición das actas (xullo). A data do exame coincidirá coa data destacada no calendario oficial da FFT.

Consideracións xerais

Copia ou plaxio nos exames de avaliación continua ou única serán penalizados cun suspenso (0 puntos).

Recoméndase a asistencia regular ás clases e ás titorías, así como a consulta regular de materiais e información específica na plataforma Moovi.

As datas e os horarios das probas nas súas diferentes convocatorias seguirán o calendario oficial de exames aprobado pola Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ciberdúvidas da Língua Portuguesa,

Dicionário e Tradução,

Dicionário Priberam da Língua Portuguesa,

Coimbra, Isabel, e Coimbra, Olga, **Gramática Ativa 2**, Lidel, 2012

Cunha, Celso e Lindley Cintra, **Nova Gramática do Português Contemporâneo**, 6, Lexikon Editorial, 2013

Dias, Ana Cristina, **Entre nós 3 : método de português para hispanofalantes : nivel B2/C1**, Lidel, 2019

Duarte, Gonçalo, **Histórias de bolso : 21 contos de autores lusófonos anotados para estrangeiros / escolha dos textos, anotações e exercícios**, Lidel, 2016

Júnior, Joaquim Mattoso Câmara, **Estrutura da Língua Portuguesa**, Vozes, 1989

Mascarenhas, Lúcia; Sousa, Susana Carvalho, **Cultura e história de Portugal : ensino português no estrangeiro, vol. 2 B2/C1**, Porto Editora, 2013

Bibliografía Complementaria

Dicionário Temático da Lusofonia, Porto Editora, 2010

Corrector ortográfico e sintáctico,

Boléo, Ana, **Por falar nisso ... Manual de expressâo oral em português**, Lidel, 2019
Coelho, Luísa; Oliveira, Carla, **Aprender português 3 : curso intermédio de língua portuguesa para estrangeiros : nível B2 : caderno de exercícios / Carla Oliveira, Luísa Coelho**, Texto Editores, 2016
Machado, José Barbosa, **Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas**, Edições Vercial, 2009
Rosa, Leonel Melo, **Vamos lá continuar! : explicações e exercícios de gramática e de vocabulário : níveis intermédio e avançado**, Lidel, 2003

Recomendacións

Outros comentarios

-É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións, cronograma) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

-A lectura e a audición de textos en lingua portuguesa axudan a aumentar o léxico e a fluidez en lingua portuguesa.

-A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

-
Un bo nivel en lingua galega favorecerá a comprensión dos contidos de lingua portuguesa nesta materia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego				
Materia	Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01309			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Álvarez Lugrís, Alberto			
Profesorado	Álvarez Lugrís, Alberto			
Correo-e	alugris@gmail.com			
Web	http://http://faitic.uvigo.es - http://alugris.paratraduccion.com			
Descrición xeral	Esta Tradución inglés-galego é unha materia obrigatoria 6 créditos ECTS situada no primeiro cuadrimestre do segundo curso do Grao en Tradución e Interpretación. En xeral, as distintas materias de tradución concíbense como continuación da materia de Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación e como un afondamento do alumnado no proceso tradutor e en tódolos parámetros que o determinan. É unha disciplina que proporciona unha formación básica e xeneralista. Básica porque o alumnado afonda nos rudimentos tanto teóricos como sobre todo prácticos para facerlles fronte ás encargas de tradución e ó resto de materias do grao; xeneralista porque se lle presentan unha grande cantidade de tipos textuais, encargos e problemas de tradución que emulan o traballo real que existe fóra da aula. Os textos cos que se adoita traballar nesta materia teñen un baixo grao de especialización no sentido de que non presentan grandes problemas de terminoloxía nin de documentación sobre campos temáticos especializados, pero non se pode dicir que sexan textos especialmente sinxelos ou básicos. De feito, tódolos materiais cos que o alumnado traballa tanto na clase como individualmente son reais e non adaptados, susceptibles de seren obxecto de tradución e non simples actividades creadas ad hoc. Podemos dicir que a Tradución idioma I é, xunto coa Antropoloxía de primeiro curso, a base común da formación de tradutores e intérpretes. Falamos de base común porque as dúas actividades (tradución e interpretación) se poden ver como dúas variantes dun mesmo comportamento social de mediación na comunicación. Existen, por suposto, diferenzas entre ámbalas dúas, pero tras delas subxace unha mesma actividade de transferencia. Esta materia mantén por iso estreitas relacións didácticas, pedagóxicas, conceptuais e de procedemento coas demais materias do grao, xa que afonda nas ferramentas do proceso tradutor, que lle servirán ó alumnado para encarar, por exemplo, o estudo das traducións especializadas, inversas, etc. Para o seguemento eficaz e produtivo desa materia recoméndase un nivel C1 ou B2 do MCER. A lingua principal de impartición da docencia é o galego.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE22	Destrezas de tradución
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia

CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT14	Motivación pola calidade
CT16	Adaptación a novas situacións
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Saber cales son os criterios que definen unha actuación pertinente, relevante e oportuna dentro da cultura de chegada e de partida, como afastarse deles e que consecuencias terá esa decisión	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE2 CE4 CE8 CE12 CE22	CT1 CT10 CT17
Domina-los mundos textuais e mitolóxicos das dúas culturas coas que traballa, as distintas convencións sociais e, sobre todo, o papel do tradutor en ámbalas dúas	CB2 CB3	CE1 CE2 CE4 CE17 CE18	CT4 CT9
Ser quen de se adaptar a un mercado laboral cambiante que esixe de contino novas especializacións temáticas	CB2 CB3 CB4 CB5	CE17	CT3 CT9 CT14
Estar ó día das innovacións tecnolóxicas que afectan o desenvolvemento da súa profesión: novas formas de comunicación, novas fontes documentais, novos soportes da información, novos sectores de mercado, etc.	CB2 CB3 CB5	CE18 CE22	CT3 CT14 CT16 CT17
Relacionarse profesionalmente cos demais actores implicados no proceso de tradución: iniciador, cliente, informantes e expertos, receptores, etc. : a) desenvolver habilidades para as relacións interpersoais e o traballo cooperativo; b) aprender a traballar en equipos de carácter transdisciplinar; c) adquirir un compromiso ético ante o labor tradutor; d) aprender a asumir responsabilidades; e) aumentar o grao de confianza do alumno nas súas propias capacidades: autoconcepto de tradutor profesional; f) crear un espírito crítico e autocrítico.	CB1 CB2 CB3 CB4	CE10 CE17 CE18 CE22	CT3 CT4 CT7 CT9 CT14 CT17
Desenvolver un interese polo traballo responsable e eficaz e pola boa praxe profesional	CB1 CB4	CE1 CE2 CE4 CE10 CE17 CE18 CE22	CT3 CT4 CT7 CT9 CT14 CT17

Contidos

Tema	
1. A natureza interdisciplinar da Tradución. A necesidade de especialización.	- as competencias do tradutor. - a tradución no proceso de comunicación. - conceptos e realidade da tradución. - a encarga de tradución - bibliografía: March (1995), Toury (sen data).
2. A Tradución en Galicia. O tradutor no seu contexto: paratradución, ética e responsabilidade do tradutor.	- lingua, literatura e tradución. - historia da tradución en Galicia: a Idade Media; do Rexurdimento ó Golpe de Estado do 1936; a ditadura franquista; a época actual. - a tradución como compromiso. - traducir en Galicia na actualidade. - bibliografía: Even-Zohar (1996), Figueroa (2001), Woodsworth (1996), Ferro Ruibal (1999), González Millán 1995), Milán Varela (1996, 1998), Noia Campos (1995).
3. Tradución de ensaio humanístico. O tradutor profesional	- o tradutor profesional - presentación e entrega de traducións - elaboración de facturas - ergonomía e saúde laboral
4. Tradución de textos literarios: relato curto	- Lectura crítica e interpretación de textos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Estudo de casos	33	66	99
Prácticas con apoio das TIC	3	18	21
Lección maxistral	8	16	24
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación do curso e do programa. Creación de grupos de traballo. Tarefas de xestión e administración da conta do alumnado en Moovi e noutras aplicacións que se empregarán no curso.
Estudo de casos	Preséntaselle ó alumnado unha situación real de tradución ante a cal deberá de tomar unha serie de decisións sobre como realizar a encarga e solucionar os problemas que presenta.
Prácticas con apoio das TIC	A través da plataforma Moovi e doutras TIC da web 2.0 o alumnado deberá estudar temas, desenvolver e entregar traballos, responder a encargas, participar en debates, realizar cuestionarios de autoavaliación, participar no traballo en grupos, etc.
Lección maxistral	Nestas sesións o profesor presentará: a) os temas introdutorios que servirán de marco de traballo para o resto do cuadrimestre, b) as cuestións metodolóxicas e técnicas relevantes en cada encarga de tradución

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma Moovi. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Actividades introdutorias	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma Moovi. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Prácticas con apoio das TIC	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma Moovi. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Estudo de casos	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma Moovi. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Probas	**Descrición**
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma Moovi. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Estudo de casos	Axeitamento dos exercicios propostos e das traducións realizadas e entregadas á encarga e á situación de tradución	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE4 CE8 CE10 CE12 CE17 CE18 CE22	CT1 CT3 CT4 CT7 CT9 CT10 CT14 CT16 CT17
Prácticas con apoio das TIC	Valoración das distintas actividades realizadas polo alumno en Moovi	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE4 CE8 CE10 CE12 CE17 CE18 CE22	CT1 CT3 CT4 CT7 CT9 CT14 CT16
Lección maxistral	Probas propostas ó fio dos contidos das sesións maxistrais	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22	CT3 CT4 CT7 CT14 CT16 CT17
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame final	60	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22	CT1 CT3 CT4 CT7 CT9 CT14 CT16

Outros comentarios sobre a Avaliación

Nas dúas primeiras semanas de clase, todas as persoas matriculadas deberán cubrir os seus datos persoais na plataforma de teledocencia e subir unha foto (primeiro plano, recoñecible). Non se avaliará ningunha persoa que non cubra eses datos e suba unha foto.

Tanto na modalidade de avaliación continua como na modalidade de avaliación única os exames poderán realizarse a través da plataforma de teledocencia Moovi (https://moovi.uvigo.gal/) ou da plataforma de exames BeA (https://bea.det.uvigo.es).

Para ter dereito á avaliación continua e a unha cualificación final, o alumnado deberá participar en todas as actividades previstas na materia, tanto na clase presencial como a través da plataforma de teledocencia.

Nas distintas probas propostas será imprescindible responder todas as preguntas. Salvo que se indique outra cousa, pódese responder en calquera das dúas linguas de traballo da materia.

Con respecto á corrección dos exames e exercicios, cómpre sinalar que se lle prestará unha especial atención ó dominio das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Tres erros ortotipográficos ou morfosintácticos invalidarán calquera exame ou exercicio.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Nos exames permitirase o uso de dicionarios, apuntamentos, ordenador con conexión a internet e outros materiais nas preguntas prácticas pero non nas teóricas.

No caso do alumnado que non se acolla á avaliación continua, deberá realizar un único exame na data fixada no calendario ofical da facultade. O exame terá unha parte teórica (resposta a unha ou dúas preguntas sobre a parte teórica do temario e/ou as lecturas obrigatorias; valor 50%) e outra práctica (tradución dun texto dunhas 350 palabras; valor 50%). Haberá que realizar as dúas partes obrigatoriamente.

O exame, obrigatorio para todo o alumnado, realizarase na data fixada no calendario oficial da facultade**.**

Na convocatoria de xullo o alumnado deberá realizar un único exame na data fixada pola facultade. O exame terá unha parte teórica (resposta a unha pregunta sobre a parte teórica do temario; valor 50%) e outra práctica (tradución dun texto dunhas 350 palabras; valor 50%). Haberá que realizar as dúas partes obrigatoriamente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, Rosario & Xove, Xosé, **Gramática da lingua galega**, Galaxia, 2002

VV.AA., **Gran Dicionario Xerais da Lingua Galega**, Xerais, 2009

Guinovart, X. (coord.), **Diccionario CLUVI inglés-galego**, 2008

Guinovart, X., Álvarez Lugrís & Díaz Rodríguez, **Dicionario moderno inglés galego**, 2.0 Editora, 2012

RAG-ILG, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, RAG-ILGA, 2003

VV.AA., **Webster□s Third New International Dictionary of the English Language Unabridged.**, Könemann, 1993

Gentzler, Edwin, **Contemporary Translation Theories**, Routledge, 1993

Larose, Robert, **Théories contemporaines dela traduction**, Presses de l□Université de Québec, 1989

Holmes, James S., **Translated! Papers on Literary Translation and Translation Studies**, Editions Rodopi, 1988

Even-Zohar, Itamar, **A posición da traducción literaria dentro do polisistema literario**, 1996

Ferro Ruibal,Xesús, **Reflexións verbo da traducción da Biblia ó galego**, 1999

González-Millán, Xan, **Cara a unha teoría da traducción para sistemas literarios □marxinais□. A situación galega**, 1995

Noia Campos, María Camino, **Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea**, 1995

Millán-Varela, Carmen, **A identidade do texto traducido. Arredor do texto galego do Ulysses**, 1996

Millán-Varela, Carmen, **Nacionalismo versus universalismo nos anacos galegos de Ulyses**, 1998

Figueroa, Antón, **Nación, literatura, identidade**, Xerais, 2001

Woodsworth, Judith, **Language, Translation and the Promotion of National Identity. Two Test Cases**, 1996

Toury, Gideon, **A traducción á lingua hebrea**, 1997

March, Kathleen, **Compromiso e ética da traducción**, 1995

Toury, Gideon, **Enhancing Cultural Changes By Means of Fictitious Translations**, sen data

Rabadán, Rosa, **Equivalencia y traducción. Problemática de la equivalencia translémica inglés-español**, León, 1991

Fernández Polo, Francisco Javier, **Traducción e Retórica Contrastiva: pasado e perspectivas de futuro da investigación no campo**,

Samuelsson-Brown,Geoffrey, **A Practical Guide for Translators**, Multilingual Matters, 1998

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502
Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego/V01G230V01605

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés/V01G230V01303

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209
Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103
Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés/V01G230V01203

Outros comentarios

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

En xeral, para cursar a materias de Tradución Idioma I,1 ingles-galego, o alumno deberá posuír certos coñecementos e destrezas previos que se consideran ferramentas básicas de traballo:
- dominio das normas cultas das dúas linguas de traballo e corrección na expresión oral e escrita
- lectura comprensiva de textos (detección de dobres sentidos, intencionalidades ocultas, ironía, manipulación ideolóxica, etc.) escritos nas dúas linguas de traballo
- coñecementos de ofimática, comunicación electrónica e internet: procesador de textos, correo electrónico, navegadores, dicionarios e enciclopedias electrónicos, correctores ortográficos, etc.
- uso eficiente dos fondos das bibliotecas, fontes de documentación e dicionarios

Para conseguir estes prerrequisitos proponse o seguinte plano de traballo que o alumno debería desenvolver antes de comeza-lo período de docencia:
- estudo das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (véxase apartado de bibliografía) e da gramática inglesa
- exercicios de lectura de todo tipo de textos escritos nas dúas linguas de traballo
- traballo práctico co ordenador para familiarizarse co seu manexo, cos distintos programas e cos diferentes formatos textuais
- sesións de traballo práctico na rede: busca e consulta de fontes de documentación (dicionarios, enciclopedias), xestión de

contas de correo electrónico, envío de arquivos, etc.
- asistencia ós cursos de formación ofrecidos pola Bibiblioteca xeral e pola biblioteca da facultade

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 1, I: Inglés-Español				
Materia	Tradución idioma 1, I: Inglés-Español			
Código	V01G230V01310			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Pereira Rodríguez, Ana María			
Profesorado	Pereira Rodríguez, Ana María			
Correo-e	pereira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia concíbese como un espazo didáctico que ha de servir o alumno, en primeiro lugar, para alcanzar competencia de resolución de problemas xerais de tradución na combinación lingüística inglés-español, en segundo, para desenvolver as súas habilidades e competencia profesional na tradución de textos xerais (escritos por especialistas ou semiespecialistas e dirixidos a destinatarios non necesariamente especialistas) producidos en inglés e, finalmente, para prepararse para a tradución especializada. Dáse por suposto que o alumno posúe bos coñecementos das linguas e culturas de traballo.			

Competencias	
Código	
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE22	Destrezas de tradución
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT14	Motivación pola calidade
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
(*)O alumno será capaz de analizar o xénero e registro do TO e o encargo de tradución co fin de deseñar unha estratexia xeral de tradución apropiada.	CE2 CE4 CE17 CE22 CE27	CT4 CT22
(*)O alumno será capaz de detectar problemas de tradución e resolvelos escollendo, de entre as diversas posibilidades, a máis apropiada.	CE3 CE4 CE8 CE17 CE22 CE27	CT4 CT6 CT14 CT22
(*)O alumno coñecerá e manexará as fontes documentais básicas para a tradución inglés-español.	CE4 CE8	CT6
(*)O alumno será capaz de levar a cabo de forma apropiada o proceso de tradución de textos ingleses de xéneros diferentes e sabrá defender o seu traballo.	CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE22 CE27	CT4 CT6 CT14 CT17 CT22

Contidos
Tema

(*)Unidad 1. A tradución	(*)1.1. Definición 1.2. Estratexias de trasvase 1.3. Problemas de tradución
(*)Unidad 2. O contexto de cultura e situación dos textos	(*)1.1. O contexto de cultura: xénero e dimensións de análise 1.2. O contexto de situación: rexistro e dimensións de análise 1.3. A tradución de xéneros de instrucións
(*)Unidad 3. Fontes de consulta para a tradución inglés-español	(*)1.1. Fontes de consulta en formato electrónico 1.2. Fontes de consulta en formato papel 1.3. A tradución de guías de viaxes e folletos turísticos
(*)Unidad 4. Seleccionamos estratexias de trasvase e resolvemos problemas de tradución I	(*)4.1. A tradución de contos para nenos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	2	0	2
Resolución de problemas	21	0	21
Traballo tutelado	9	0	9
Resolución de problemas de forma autónoma	0	21	21
Estudo previo	0	15	15
Lección maxistral	12	24	36
Actividades introdutorias	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14
Traballo	0	30	30
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Seminario	Nas tutorías grupais comentaranse e revisarán o exercicios e entregas da materia.
Resolución de problemas	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistrais exercitaranse a través de actividades de resolución de problemas e distintos tipos de exercicios que se farán na aula, normalmente en parellas ou pequenos grupos.
Traballo tutelado	Actividades máis extensas nas que non só se pon en práctica o asimilado a través de explicacións e lecturas, senón que buscan fomentar a aprendizaxe autónoma, o espírito crítico, o traballo en equipo, etc. e que se poden desenvolver na aula, pero tamén na biblioteca ou na sala de ordenadores.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistrais exercitaranse a través de actividades de resolución de problemas e distintos tipos de exercicios que o alumno realizará individualmente na casa.
Estudo previo	Todas as unidades do temario teñen unha bibliografía básica obrigatoria que o alumno debe asimilar, xa que será examinado do seu contido.
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais explicaranse os puntos teóricos que, a continuación, se exercitarán mediante actividades fóra e dentro da aula. É fundamental que os devanditos puntos teóricos sexan estudados e asimilados polo estudante.
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial desta materia dedicarase a explicar con detalle os obxectivos que se pretende alcanzar, o temario, a forma en que se desenvolverá a docencia e os procedementos de avaliación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en horas de titoría (presenciais ou telemáticas) para resolver dúbidas.
Traballo tutelado	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en horas de titoría (presenciais ou telemáticas) para resolver dúbidas.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Resolución de problemas	A participación activa en clase medirase polo traballo realizado nas actividades de resolución de problemas e/ou exercicios.	5	CE3 CE4 CE22	CT4 CT22
Traballo tutelado	A participación activa en clase medirase polo labor realizado nos traballos de aula.	5	CE3 CE4 CE22	CT4 CT22

Exame de preguntas de desenvolvemento	1) Teoría, na que se examinará ao alumno, tanto dos contidos explicados nas clases maxistrais, como dos contidos das lecturas obrigatorias e 2) práctica, que consistirá na tradución dun texto con axuda de dicionarios en formato papel. DATAS: Proba de teoría (30%): a data desta proba coincidirá coa da proba de avaliación única do calendario de exames aprobado en Xunta de Facultade. Proba práctica (30%): semana 13 de clase.	60	CE3 CE4 CE8 CE17 CE22	CT4 CT22
Traballo	Realizarase unha entrega obrigatoria que consistirá nun encargo de tradución e comentario traductológico dun texto instructivo. DATA: semana 9 de clase.	30	CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE22 CE27	CT4 CT6 CT14 CT17 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Esta materia é presencial e a súa avaliación continua (as probas e porcentaxes da avaliación continua son os arriba especificados). No entanto, se algún alumno, por motivos xustificados, non pode seguir a avaliación continua, deberá presentar nas dúas semanas seguintes ao día no que se matricule un xustificante especificando este particular. Nese caso, para ser avaliado na primeira edición de actas deberá ir a avaliación única na data especificada no calendario de exames aprobado en Xunta de Facultade. A proba consistirá en: unha tradución con presión de tempo (35%), un exame teórico dos contidos da materia (35%) e a entrega dun encargo (30%). Para superar esta proba é necesario aprobar as tres partes da mesma.

CONVOCATORIA DE XULLO

Os alumnos que sigan o sistema de avaliación continua e non alcancen a nota mínima presentaranse en xullo ás partes non superadas na data especificada no calendario de exames. As partes aprobadas só gardaranse ata a edición de xullo.

Os alumnos que sigan o sistema de avaliación única e non superen a materia na primeira edición de actas presentaranse á proba fixada no calendario de exames, que consistirá en: unha tradución con presión de tempo (35%), un exame teórico dos contidos da materia (35%) e a entrega dun encargo (30%). Para superar esta proba é necesario aprobar as tres partes da mesma.

Todas as probas realizaranse na lingua termo da combinación da materia.

Con respecto á avaliación de traballos e proxectos, se se detecta que estes (ou algunha das súas partes) son plaxios, a cualificación dos mesmos será 0.

É responsabilidade do alumno consultar os materiais e novidades a través da plataforma de teledocencia Moovi e estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

ALUMNADO ERASMUS

Necesítase nivel B2 de lingua A español. Realizarase unha proba de nivel as primeiras semanas do curso.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

López Guix, J. G. y Minett Wilkinson, J., **Manual de traducción inglés-castellano**, 1, Gedisa, 1997

Nord, C., **Text Analysis in Translation: Theory, Methodology and Didactic Application of a Model for Translation-oriented Text Analysis (traducción del original alemán de 1988)**, 2, Rodopi, 2005

Venuti, L., **The Translator´s Invisibility: a History of translation**, 2, Routledge, 2008

Bibliografía Complementaria

Baker, Mona, **Routledge Encyclopedia of Translation Studies**, 2, Routledge, 2009

Delisle, J., Lee-Jahnke, H. y Cormier, M., **Terminología de la traducción**, 1, John Benjamins, 1999

Suttleworth, M. y Cowie, M., **Dictionary of Translation Studies**, 1, St. Jerome, 1997

Nord, C., **Translating as a Purposeful Activity: Funcionalist Approaches Explained**, 1, Routledge, 2014

Toury, G., **Descriptive Translation Studies and Beyond**, 1, John Benjamins, 2012

Newmark, P., **A Textbook of Translation**, 1, Prentice Hall International, 1988

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, II: Inglés-Español/V01G230V01503

Outros comentarios

A bibliografía desta materia completarase en clase e na plataforma de docencia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 1, I: Francés-Español				
Materia	Tradución idioma 1, I: Francés-Español			
Código	V01G230V01312			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cruces Colado, María Susana			
Profesorado	Cruces Colado, María Susana			
Correo-e	scruces@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia é o primeiro contacto do alumnado co proceso de tradución. Os seus contidos e actividades están concebidos para adquirir e desenvolver os coñecementos e estratexias básicos deste proceso, na combinación lingüística francés-español.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Producir un texto traducido en Lingua I (español) seleccionando o material lingüístico que cumpra cos estándares de norma e uso de textos orixinais similares, contrastándoo para iso con textos paralelos. Aplicar criterios razoados de revisión	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE3 CE4 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27	CT3 CT4 CT7 CT9 CT23

Coñecer e manexar as fontes documentais básicas para a tradución francés-español	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE2 CE3 CE4 CE26	CT1 CT7

Contidos	
Tema	
Bloque I: Etapas de elaboración do encargo de tradución: aplicación á tradución do francés ao español	Unidade.1. Introdución á tradución 1.1. As etapas do proceso de tradución. 1.2 Comprensión do texto en francés: análise textual e identificación de problemas Unidade 2. A documentación básica: introdución Unidade 3. A reformulación do texto en español 3.1. Estratexias tradutoras e xustificación das mesmas 3.2. A revisión: etapas e corrección de probas
Bloque II: Dificultades da tradución do francés ao español relacionadas con elementos contrastivos	Unidade 4: Convencións da escritura Unidade 5: Dificultades morfosintácticas Unidade 6: Dificultades léxico-semánticas Unidade 7: Dificultades estilísticas e discursivas
Bloque III: Dificultades da tradución do francés ao español relacionadas con problemas específicos de tradución	Unidade 8:. Procura da equivalencia textual Unidade 9: Referencias culturais e intertextuais Unidade 10 : Metáforas e usos metafóricos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Traballo tutelado	32	45	77
Resolución de problemas de forma autónoma	0	30	30
Estudo previo	4	27	31
Lección maxistral	6	0	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia no relativo aos contidos, avaliación, metodoloxía docente, etc. Farase unha pequena proba de avaliación diagnóstica que non se terá en conta para a avaliación final
Traballo tutelado	O estudante realiza exercicios preparatorios para a tradución, de sensibilización co proceso tradutor, elabora traducións na aula baixa as directrices e supervisión da profesora, e realiza revisión de textos. O seu desenvolvemento pode estar vinculado coas actividades autónomas do estudante.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado realizará individualmente encargos de tradución que reproducen situacións reais aínda que simplificadas da actividade profesional. Para iso aplicarán os coñecementos e destrezas adquiridos durante os traballos de aula.
Estudo previo	O alumnado ha de contestar un cuestionario relativo aos contidos das lecturas obrigatorias.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto en clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificados, de forma telemática. Todo o material empregado en clase (apuntamentos, textos, etc.) atoparase dispoñible na plataforma Moovi
Traballo tutelado	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto en clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificados, de forma telemática. Todo o material empregado en clase (apuntamentos, textos, etc.) atoparase dispoñible na plataforma Moovi
Resolución de problemas de forma autónoma	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto en clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificados, de forma telemática. Todo o material empregado en clase (apuntamentos, textos, etc.) atoparase dispoñible na plataforma Moovi

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Traballo tutelado	Estes traballos consistirán en traducións realizadas na aula, revisións de traducións ou outros que propoña a docente. A efectos de avaliación terase en conta a participación activa. Será obrigatoria a entrega de polo menos tres traballos para a súa corrección e avaliación. É obrigatoria a lectura dunha obra literaria en francés (en español para o alumnado Erasmus) que se indica na bibliografía recomendada da materia. Esta será obxecto dun control de lectura que se realizará o día da proba final	10	CB1 CB2	CE4	CT1 CT7
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado realizará individualmente 2 encargos de tradución que reproducen situacións reais da actividade profesional. A tradución irá acompañada dun comentario da mesma. Para iso aplicarán os coñecementos e destrezas adquiridos durante os traballos de aula. O primeiro encargo realizarase a segunda semana de novembro. O segundo encargo a semana tras a volta de vacacións, a partir do 8 de xaneiro. A nota deste apartado será a media entre ambas as probas. Si a segunda proba obtén unha cualificación superior en polo menos un (1) punto que a primeira, entón só contará a segunda nota para calcular a porcentaxe.	40	CB1 CB2	CE1 CE2 CE4	CT1 CT7
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse dúas probas de tradución con tempo limitado (2 horas cada proba). A primeira a última semana de outubro, e a segunda, denominada proba final, en decembro, o día sinalado no calendario de exames da FFT. a) Soamente se poderá usar documentación en papel que debe levar o alumnado. Permitirase unicamente o uso de libros e dicionarios, pero non de apuntamentos propios ou similares. Non se poderá empregar o computador nin calquera outro dispositivo electrónico. b) A nota deste apartado será a media entre ambas as probas. Se a segunda proba obtén unha cualificación superior en polo menos un (1) punto que a primeira, entón só contará a segunda nota para calcular a porcentaxe. É necesario que a nota do segundo exame sexa igual ou superior a 5. De non ser así, deberase repetir esta proba na convocatoria de xullo.	50	CB1 CB2	CE1 CE2 CE4 CE18	CT1 CT4 CT7 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas, etc.O plaxio ou copia parcial ou total dun encargo ou proba suporá a perda do dereito a avaliación continua. Considérase plaxio o uso de programas de tradución automática mesmo cando o texto resultante presente algunhas correccións. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade.

AVALIACIÓN CONTINUA

1- O alumnado deberá informar o profesorado nas dúas primeiras semanas de clase a súa decisión de acollerse á avaliación continua ou non. Para esta recoméndase a asistencia continuada a clase.

2- Aquelas persoas que por motivos de traballo ou familiares non poidan asistir ás clases, deben comunicalo persoalmente á profesora para que esta tome as medidas compensatorias para facilitar a conciliación laboral e familiar.

3- O non entregar algún dos dous encargos ou non realizar algunha das dúas probas implicará a perda do dereito á avaliación continua e a anulación de todas cualificacións obtidas anteriormente. Terá entón que presentarse á convocatoria única

4- O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo na data de exame publicada polo decanato.

a) Se ten unha nota media superior a 5 nos dous apartados: Encargos de tradución (40%) e Traballos de aula (10 %), só deberá realizar unha proba en tempo limitado similar á proba final de decembro.

b) Se non se ten unha nota media superior a 5 nos dous apartados: Encargos de tradución (40%) e Traballos de aula (10 %) terá que realizar obrigatoriamente as probas que se especifican a continuación:

1. Tradución con tempo limitado (2 horas): 60% da nota. Soamente poderase usar documentación en papel que debe levar o alumnado e non se poderá empregar o computador. Permitirase unicamente o uso de libros e dicionarios, pero non de apuntamentos propios ou similares.

2. Encargo de tradución que recibirá o alumnado o día do exame oficial e que deberá entregar segundo as condicións especificadas no devandito encargo (tradución, comentario e/ou preguntas sobre a tradución) nun máximo de 7 días naturais: 40% da nota

No caso b) a nota mínima da tradución con tempo limitado para facer a media entre partes será dun 5 sobre 10. De non alcanzar esta nota, non se contará o encargo de tradución e a nota final será a do exame con tempo limitado.

CONVOCATORIA ÚNICA (XANEIRO E XULLO)

O alumnado que non se acolla á avaliación continua ou que teña a materia pendente de cursos anteriores presentarase na data oficial do exame (xaneiro ou xullo segundo corresponda) de xaneiro publicada polo decanato a unha proba que consistirá en:

1. Tradución con tempo limitado (2 horas): 60 % da nota. Soamente poderase usar documentación en papel que debe levar o alumnado e non se poderá empregar o computador. Permitirase unicamente o uso de libros e dicionarios, pero non de apuntamentos propios ou similares.

2. Encargo de tradución que recibirá o alumnado o día do exame oficial e que deberá entregar segundo as condicións especificadas no devandito encargo (tradución, comentario e/ou preguntas sobre a tradución) nun máximo de 7 días naturais: 40 % da nota.

A nota mínima da tradución con tempo limitado para facer a media entre ambas as partes será dun 5 sobre 10. De non alcanzar esta nota, non se contará o encargo de tradución e a nota final será a do exame.

ALUMNADO ERASMUS

Esta materia non está dirixida á aprendizaxe do español nin do francés. Considérase que o alumnado xa posúe un bo nivel do mesmo.

Para poder cursar a materia recoméndase un nivel B2 de español.

Non se recomenda seguir esta materia a aquel alumnado que:

1. Non teña como primeira ou segunda lingua de traballo o español.

2- Non curse estudos de linguas ou tradución.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

MUÑOZ MARTÍN, R., **Lingüística para traducir**, 1ª, Teide, 1995

REY, A. et DEBOVE, J, **Le nouveau petit Robert**, Le Robert, 2015

Bibliografía Complementaria

Instituto Cervantes, **El libro del español correcto: claves para hablar y escribir bien el español**, 8ª, Espasa, 2015

Se proporcionará bibliografía completa en clase,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, II: Francés-Español/V01G230V01505
Tradución idioma 1, III: Francés-Español/V01G230V01608

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104
Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés/V01G230V01204

Outros comentarios

Forma parte do traballo autónomo do alumnado a lectura tanto de libros, diarios, blogs e revistas da actualidade social, como o *visionado de películas e series das culturas francófonas e española.

O alumnado Erasmus que desexe cursar esta materia deberá presentarse como moi tarde a 3ª semana de clase. De non ser así, non poderá cursar a materia porque xa se impartiron clases fundamentais para poder seguir o seu desenvolvemento e participar activamente nesta.

O alumnado Erasmus que non teña como linguas de traballo principais francés e español debe realizar unha proba de nivel (redacción e/ou unha tradución curta), para comprobar que está capacitado para traducir cara ao español. Recoméndase polo menos *B2 para cada unha das linguas.

As probas de tradución con tempo limitado así como os encargos serán menos extensos para o alumnado Erasmus.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación				
Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación			
Código	V01G230V01313			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Marta Rodríguez, Valentina			
Profesorado	Marta Rodríguez, Valentina			
Correo-e	vmarta@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia está orientada á formación do estudantado de tradución nas técnicas de procura e análise documental, de tal maneira que, tras cursar esta materia, o alumnado sexa capaz de localizar focos fiables de xeración de documentos, tratar adecuadamente a información que se atopa nestes e aplicala pertinentemente ás súas necesidades.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
Traballo tutelado	Sesións prácticas, exercicios prácticos de produción oral e escritura. Revisión de contidos gramaticais con exercicios realizados na aula. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual os materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Exposición de contidos e observación da atención e participación do alumnado.	15	
Resolución de problemas	Exercicios orais e escritos breves a realizar durante as clases.	15	
Traballo tutelado	Realización/presentación de varios traballos en grupos ou individuais sobre temas diversos (gramática, léxico, pragmática e cultura lusófona).	25	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Unha proba escrita sobre contidos de civilización lusófona e sobre elementos de tradución e cultura (a realizar en marzo).	15	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita sobre os contidos teórico-prácticos vistos durante o curso. O exame realizarase na última sesión de clase.	20	
Práctica de laboratorio	Diferentes exercicios prácticos orais a realizar nas clases. Exercicios de tradución oral. Proba oral individual (última semana de clase).	10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado debe elixir, de forma obrigatoria, nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre, entre dúas opcións: un sistema de avaliación **continua** (cf. descrición en "avaliación") ou un sistema de avaliación **única.**

É recomendable elixir o primeiro sistema, **avaliación continua,** xa que se trata do ensino dunha lingua estranxeira e é necesario asistir con regularidade ás clases. Quen non teña a posibilidade de asistir ás clases e ás actividades da materia coa frecuencia necesaria debe comunicalo ao profesor. A non realización das probas ou exercicios parciais, previstos polo sistema de avaliación continua, supón o suspenso cunha nota de 0 (cero) puntos na mesma.

Primeira edición das actas

A **avaliación única** consiste nun exame escrito, realizado en data indicada no calendario oficial da FFT, seguido doutro exame oral, que será realizado no mesmo día nunha aula continua. A avaliación única será valorada da seguinte maneira:

1. Exame escrito teórico-práctico: 75% da nota final.

2. Exame oral: 25% da nota final. A proba oral deberá ser gravada en forma de audio coa debida autorización do alumnado.

Para poder aprobar a materia, é necesario aprobar ambos os exames (escrito e oral). No caso de que se suspenda un dos exames, o alumno/a deberá repetir as dúas partes (escrita e oral) na convocatoria de xullo.

Segunda edición das actas

Os mesmos criterios de avaliación serán aplicados na segunda edición das actas (xullo). A data do exame coincidirá coa data destacada no calendario oficial da FFT.

Consideracións xerais

Copia ou plaxio nos exames de avaliación continua ou única serán penalizados cun suspenso (0 puntos).

Recoméndase a asistencia regular ás clases e ás titorías, así como a consulta regular de materiais e información específica na plataforma Faitic.

As datas e os horarios das probas nas súas diferentes convocatorias seguirán o calendario oficial de exames aprobado pola Facultade para o ano académico.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ciberdúvidas da Língua Portuguesa,

Dicionário Priberam da Língua Portuguesa,

Boléo, Ana, **Por falar nisso ... Manual de expressão oral em português**, Lidel, 2019

Cristóvão, Fernando (dir. e coord.), **Dicionário Temático da Lusofonia**, Texto Editores, 2005

Coelho, Luísa; Oliveira, Carla, **Português em foco 4 : livro do aluno : níveis C1-C2 : QECR níveis C1-C2 / coordenação João Malaca Casteleiro**, Lidel, 2019

Cunha, Celso e Lindley Cintra, **Nova Gramática do Português Contemporâneo**, 6, Lexikon Editorial, 2009

Dias, Ana Cristina, **Entre nós 3 : método de português para hispanofalantes : nivel B2/C1**, Lidel, 2019

Duarte, Gonçalo, **Histórias de bolso : 21 contos de autores lusófonos anotados para estrangeiros / escolha dos textos, anotações e exercícios**, Lidel, 2016

Mascarenhas, Lúcia; Sousa, Susana Carvalho, **Cultura e história de Portugal : ensino português no estrangeiro, vol. 2 B2/C1**, Porto Editora, 2013

Bibliografía Complementaria

Dicionários on-line de idiomas,

Corrector ortográfico e sintáctico,

Júnior, Joaquim Mattoso Câmara, **Estrutura da Língua Portuguesa**, Vozes, 1989

Machado, José Barbosa, **Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas**, Edições Vercial, 2009

Recomendacións

Outros comentarios

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

A lectura e a audición de textos en lingua portuguesa axudan a aumentar o léxico e a fluidez en lingua portuguesa.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Aviso importante para o alumnado de intercambio (Erasmus): o ensino de Lingua Portuguesa na UVigo diríxese a un alumnado que ten as linguas galega e/ou castelá como linguas maternas, de maneira que a progresión habitualmente é rápida. Non se recomenda ao alumnado de intercambio que non teña xa ou un nivel B2 nestas linguas e un B2 alto (como mínimo) en Lingua Portuguesa matricularse nesta materia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Inglés-Español				
Materia	Tradución idioma 2, I: Inglés-Español			
Código	V01G230V01410			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Álvarez Lugrís, Alberto			
Profesorado	Álvarez Lugrís, Alberto			
Correo-e	alugris@gmail.com			
Web	http://http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta Tradución inglés-españolé unha materia obrigatoria 6 créditos ECTS situada no primeiro cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Tradución e Interpretación. En xeral, as distintas materias de tradución concíbense como continuación da materia de Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación e como un afondamento do alumnado no proceso tradutor e en tódolos parámetros que o determinan. É unha disciplina que proporciona unha formación básica e xeneralista. Básica porque o alumnado afonda nos rudimentos tanto teóricos como sobre todo prácticos para facerlles fronte ás encargas de tradución e ó resto de materias do grao; xeneralista porque se lle presentan unha grande cantidade de tipos textuais, encargos e problemas de tradución que emulan o traballo real que existe fóra da aula. Os textos cos que se adoita traballar nesta materia teñen un baixo grao de especialización no sentido de que non presentan grandes problemas de terminoloxía nin de documentación sobre campos temáticos especializados, pero non se pode dicir que sexan textos especialmente sinxelos ou básicos. De feito, tódolos materiais cos que o alumnado traballa tanto na clase como individualmente son reais e non adaptados, susceptibles de seren obxecto de tradución e non simples actividades creadas ad hoc. Podemos dicir que a Tradución idioma II é, xunto coa Antropoloxía de primeiro curso, a base común da formación de tradutores e intérpretes. Falamos de base común porque as dúas actividades (tradución e interpretación) se poden ver como dúas variantes dun mesmo comportamento social de mediación na comunicación. Existen, por suposto, diferenzas entre ámbalas dúas, pero tras delas subxace unha mesma actividade de transferencia. Esta materia mantén por iso estreitas relacións didácticas, pedagóxicas, conceptuais e de procedemento coas demais materias do grao, xa que afonda nas ferramentas do proceso tradutor, que lle servirán ó alumnado para encarar, por exemplo, o estudo das traducións especializadas, inversas, etc. Para o seguemento eficaz e produtivo desa materia recoméndase un nivel B2 do MCER. A lingua principal de impartición da docencia é o español.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE22	Destrezas de tradución
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT4	Resolución de problemas

CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT14	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Saber cales son os criterios que definen unha actuación pertinente, relevante e oportuna dentro da cultura de chegada e de partida, como afastarse deles e que consecuencias terá esa decisión	CB1 CB2 CB3 CB4	CE2 CE4 CE8 CE22	CT1
Dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que traballa, as distintas convencións sociais e textuais e, sobre todo, o papel do tradutor en ambas as dúas	CB1 CB2 CB3	CE2 CE4 CE17 CE18	CT4 CT9
Ser quen de se adaptar a un mercado laboral cambiante que esixe decontino novas especializacións temáticas	CB1 CB2	CE17	CT9 CT14
Relacionarse profesionalmente cos demais actores implicados no proceso de tradución: iniciador, cliente, informantes e expertos, receptores, etc.: a) desenvolver habilidades para as relacións interpersoais e o traballo cooperativo; b) aprender a traballar en equipos de carácter transdisciplinar; c) adquirir un compromiso ético ante o labor tradutor; d) aprender a asumir responsabilidades; e) aumentar o grao de confianza do alumno nas súas propias capacidades: autoconcepto de tradutor profesional; f) crear un espírito crítico e autocrítico.	CB1 CB2 CB3 CB4	CE10 CE17 CE18 CE22	CT4 CT7 CT9 CT14
Desenvolver un interese polo traballo responsable e eficaz e pola boa praxe profesional	CB1 CB3 CB4 CB5	CE2 CE4 CE10 CE17 CE18 CE22	CT4 CT7 CT9 CT14

Contidos

Tema	
1. A natureza interdisciplinar da Tradución. A necesidade de especialización	- As competencias de tradución - A tradución no proceso de comunicación - Conceptos e realidade da tradución - Ética da tradución - A encarga de tradución
2. A representación lingüística do inglés e do galego	- Correspondencias e discrepancias - Anglicismos de frecuencia, interferencias e calcos
3. Introdución á ortotipografía inglesa	- Ortografía técnica
4. Tradución de textos literarios I: niveis de lectura	- Lectura crítica e interpretación de textos
5. Tradución de textos literarios II: relato curto	- Características do xénero - Problemas/Estratexias de tradución
6. Tradución de textos turísticos	- Características do xénero - Documentación
7. Tradución de ensaio histórico	- Características do xénero - Documentación

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Estudo de casos	33	66	99
Prácticas con apoio das TIC	3	18	21
Lección maxistral	8	16	24
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición

Actividades introdutorias	Presentación do curso e da guía docente Explicación de actividades e creación de grupos de traballo Tarefas de xestión e administración da conta do alumnado en TEMA e noutras aplicacións que se poidan empregar ao longo do curso
Estudo de casos	Preséntaselle ao alumnado unha situación real de tradución ante a cal deberá de tomar unha serie de decisións sobre como realizar a encarga e solucionar os problemas que esta presenta
Prácticas con apoio das TIC	A través da plataforma TEMA e doutras TIC o alumnado deberá desenvolver e entregar traballos, responder a encargas, participar en debates, realizar cuestionarios de autoavaliación, participar no traballo en grupos, etc.
Lección maxistral	Nestas sesións a docente presentará: a) os temas introdutorios que servirán de marco de traballo para o resto do cuadrimestre b) as cuestións metodolóxicas e técnicas relevantes en cada encarga de tradución

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, os proxectos, os estudos de casos e mais a resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, a docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao.
Actividades introdutorias	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, os proxectos, os estudos de casos e mais a resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, a docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao.
Prácticas con apoio das TIC	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, os proxectos, os estudos de casos e mais a resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, a docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao.
Estudo de casos	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, os proxectos, os estudos de casos e mais a resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, a docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao.
Probas	**Descrición**
Resolución de problemas e/ou exercicios	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, os proxectos, os estudos de casos e mais a resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, a docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Estudo de casos	Axeitamento das traducións realizadas e entregadas á encarga e á situación de tradución	25	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE4 CE8 CE10 CE17 CE18 CE22	CT1 CT4 CT7 CT9 CT14
Prácticas con apoio das TIC	Valoración das distintas actividades realizadas polo alumnado en Moovi	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE4 CE8 CE10 CE17 CE18 CE22	CT1 CT4 CT7 CT9 CT14
Lección maxistral	Probas propostas ao fío dos contidos das sesións maxistrais	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22	CT4 CT7 CT14
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame final	50	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22	CT1 CT4 CT7 CT9 CT14

Outros comentarios sobre a Avaliación

Nas dúas primeiras semanas de clase, todas as persoas matriculadas deberán cubrir os seus datos persoais na plataforma de teledocencia e subir unha foto (primeiro plano, recoñecible). Non se avaliará ningunha persoa que non cubra eses datos e suba unha foto.

Tanto na modalidade de avaliación continua como na modalidade de avaliación única os exames poderán realizarse a través da plataforma de teledocencia Moovi (https://moovi.uvigo.gal/) ou da plataforma de exames BeA (https://bea.det.uvigo.es).

Para ter dereito á avaliación continua e a unha cualificación final, o alumnado deberá participar en todas as actividades previstas na materia, tanto na clase presencial como a través da plataforma de teledocencia.

Nas distintas probas propostas será imprescindible responder todas as preguntas. Salvo que se indique outra cousa, pódese responder en calquera das dúas linguas de traballo da materia.

Con respecto á corrección dos exames e exercicios, cómpre sinalar que se lle prestará unha especial atención ó dominio das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Tres erros ortotipográficos ou morfosintácticos invalidarán calquera exame ou exercicio.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Nos exames permitirase o uso de dicionarios, apuntamentos, ordenador con conexión a internet e outros materiais nas preguntas prácticas pero non nas teóricas.

No caso do alumnado que non se acolla á avaliación continua, deberá realizar un único exame na data fixada no calendario ofical da facultade. O exame terá unha parte teórica (resposta a unha ou dúas preguntas sobre a parte teórica do temario e/ou as lecturas obrigatorias; valor 50%) e outra práctica (tradución dun texto dunhas 350 palabras; valor 50%). Haberá que realizar as dúas partes obrigatoriamente.

O exame, obrigatorio para todo o alumnado, realizarase na data fixada no calendario oficial da facultade**.**

Na convocatoria de xullo o alumnado deberá realizar un único exame na data fixada pola facultade. O exame terá unha parte teórica (resposta a unha pregunta sobre a parte teórica do temario; valor 50%) e outra práctica (tradución dun texto dunhas 350 palabras; valor 50%). Haberá que realizar as dúas partes obrigatoriamente

.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

VV. AA., **Webster's Third New International Dictionary, Unabridged**, Merriam Webster, 2008
Even-Zohar, Itamar, **A posición da traducción literaria dentro do polisistema literario**, 1996
González-Millán, Xan, **Cara a unha teoría da traducción para sistemas literarios marxinais. A situación galega**, 1995
Toury, Gideon, **A tradución á lingua hebrea**, 1997
March, Kathleen, **Compromiso e ética da traducción**, 1995
Toury, Gideon, **Enhancing Cultural Changes By Means of Fictitious Translations**, Amsterdam; Philadelphia: John Benjamins Publishing, 2005
Samuelsson-Brown, Geoffrey, **A Practical Guide for Translators**, 5th ed., Multilingual Matters, 2010

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Inglés/V01G230V01105
Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés/V01G230V01205

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

Outros comentarios

En xeral, para cursar a materia de Tradución Idioma 2, I inglés-español o alumnado deberá posuír certos coñecementos e destrezas previos que se consideran ferramentas básicas de traballo:
- dominio das normas cultas das dúas linguas de traballo e corrección na expresión oral e escrita
- lectura comprensiva de textos (detección de dobres sentidos, intencionalidades ocultas, ironía, manipulación ideolóxica, etc.) escritos nas dúas linguas de traballo
- coñecementos de ofimática, comunicación electrónica e internet: procesador de textos, correo electrónico, navegadores, dicionarios e enciclopedias electrónicos, correctores ortográficos, etc.
- uso eficiente dos fondos das bibliotecas, das fontes de documentación e dos dicionarios

Para conseguir estes prerrequisitos proponse o seguinte plano de traballo que o alumno debería desenvolver antes de comezar o período de docencia:
- estudo das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma español (véxase apartado de bibliografía) e da gramática inglesa
- exercicios de lectura de todo tipo de textos escritos nas dúas linguas de traballo
- traballo práctico co ordenador para familiarizarse co seu manexo, cos distintos programas e cos diferentes formatos textuais
- sesións de traballo práctico na rede: busca e consulta de fontes de documentación (dicionarios, enciclopedias), xestión de contas de correo electrónico, envío de arquivos, etc.
- asistencia aos cursos de formación ofrecidos pola biblioteca xeral e pola biblioteca da Facultade

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Francés-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, I: Francés-Galego			
Código	V01G230V01411			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Luna Alonso, Ana			
Profesorado	Luna Alonso, Ana			
Correo-e	aluna@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia aposta pola adquisición ou a consolidación das habilidades básicas da tradución profesional, neste caso aplicadas á combinación francés-galego. Como tal, serve de reforzo para as competencias aprendidas na materia de Tradución Idioma I cursada no primeiro semestre. Esta materia de vocación xeneralista servirá ademais para familiarizarse con aspectos do sector da tradución en países francófonos, e con varios temas recorrentes nas temáticas obxecto de tradución.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE17	Capacidade de tomar decisións
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico. SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas linguïsticos.	CB1 CB2 CB3	CE2 CE4 CE13 CE17	CT2
COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto. SUBCOMPETENCIAS: coñecer textos de tipo xeral e as súas características (argumentativos, expositivos...)	CB1 CB2 CB3	CE4	CT2 CT7
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos redactados na lingua de partida. SUBCOMPETENCIA: Coñecer os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais, etcétera	CB1 CB2 CB3	CE1 CE2 CE3 CE17	CT9 CT17

COMPETENCIA TRADUTORA: adquirir as diferentes competencias precisas para traducir un texto de tipo xeral. SUBCOMPETENCIAS: Identificar os axentes que interveñen no proceso de tradución (autor, mediador, tradutor, cliente, lector...) e a función comunicativa do texto. Aprender a analizar textos con vistas á súa tradución. Coñecer as distintas técnicas e estratexias de tradución. Identificar os problemas de tradución e aprender a resolvelos, e argumentar as escollas. Traducir textos non especializados. Aprender a traballar con textos paralelos. Aprender a manexar as ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña...). Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Coñecer as normas de revisión e presentación de traducións. Coñecer o mercado laboral e a práctica profesional. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	CB1 CB2 CB3	CE3 CE4 CE8 CE17	CT4 CT7 CT15 CT22

Contidos

Tema	
1. Introduction	A materia no contexto dos estudos de grao / Obxectivos do curso, metodoloxía, actividades e sistema de avaliación / Galicia como referencia xeopolítica e cultural no prisma francés.
2. Traductions dirigées	Valoración, diagnóstico individual das fortalezas e das debilidades tradutivas do alumnado.
3. Gérer l'erreur	A falsa noción de problema en tradución / Incoherencias, fallas de cohesión, erros de tipo léxico e de rexistro / Clasificación das dificultades segundo a súa prioridade de intervención / Os erros involuntarios dos falsos erros e estratexia de tradución correspondente /Técnicas para neutralizar as dificultades irresolubles, dentro dun prazo de entrega fixado.
4. Le métier	Anticipación mediante o contraste das propiedades semánticas e da estrutura léxica e sintáctica das dúas linguas / Sensibilización ás dificultades da tradución para un sistema con déficit de rexistros / Convencións ortotipográficas do francés / Iniciación á linguaxe das profesións da tradución en Francia.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	10	20	30
Resolución de problemas	24	48	72
Obradoiro	12	32	44

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	A docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar así como o sistema de avaliación.
Lección maxistral	As sesións maxistrais destinaranse a presentar o marco profesional da tradución dende o francés cara ó galego e a relembrar o proceso da tradución. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativo e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas	Neste apartado realizaranse exercicios de tradución do nivel do alumnado de Idioma II e traballarase na resolución de dificultades propias dese nivel. Tamén se proporán exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistrais.
Obradoiro	Os obradoiros son a principal ferramenta diagnóstica. Neles proporanse traducións dirixidas, co fin de tentar a competencia tradutora do alumnado. Ó mesmo tempo, as traducións dirixidas permitirán familiarizarse co método de traballo e de avaliación da profesora.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	O alumnado recibirá atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Obradoiro	O alumnado recibirá atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Resolución de problemas	Realizaranse e entregaranse encomendas de tradución características do tipo de dificultades que se abordan na aula (individuais ou grupais). Traballos de clase Exposición de lecturas Exame práctico final	100	CB1 CB2 CB3	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17	CT2 CT4 CT7 CT15 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

Av. contínua
Encargas (40 %) poden ser individuais ou grupais.
Traballo de clase (20%) Exposición de lecturas (10 %)
Exame final práctico (30 %)
O alumnado que se acolle á avaliación continua na primeira edición de actas conserva a nota das probas superadas na segunda edición.

Av. única
Exame final práctico (50 %)
Encarga (para entregar unha semana despois da data do exame) (30 %)
Exame sobre lecturas (20 %)

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Corrección lingüística

Os erros de lingua que sobrepasen a proporción de tolerancia fixada polo docente durante o curso provocarán o suspenso de calquera traballo ou exame.

Teledocencia

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

IMPORTANTE:

A bibliografía recomendada, así como as lecturas obrigatorias estarán en Moovi a disposición do alumnado presencial e non presencial.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Xunta de Galicia, **O portal da Lingua**, 2021
ILGA, **Recursos e Dicionarios**, 2021
ANLUVigo, **Recursos e Ferramentas**, 2021
VV.AA., **Dictionnaire Larousse**, 2021
VV.AA., **Trésor de la Langue Française informatisé**, 2021
Galgo, **Tradutor e corrector**, 2021

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, II: Francés-Galego/V01G230V01508
Tradución idioma 2, III: Francés-Galego/V01G230V01611

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Francés-Español				
Materia	Tradución idioma 2, I: Francés-Español			
Código	V01G230V01412			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Gómez López, Elisa			
Profesorado	Gómez López, Elisa			
Correo-e	lisigomez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia aborda a práctica da tradución con textos de diversos tipos (non especializados) desde a segunda lingua estranxeira (francés). Os seus obxectivos residen en adquirir as técnicas necesarias para traducir textos xerais de diferente índole. Por esta razón, na aula traballarase fundamentalmente con encargos de tradución reais procedentes de ámbitos diversos e representativos dos xéneros máis habituais, co fin de que o alumnado adquira unha metodoloxía de traballo que lle permita enfrontarse, no futuro, a diferentes tipos de encargos e proseguir a súa formación de maneira autónoma. Ao final da materia, o alumnado deberá ser capaz de demostrar a súa capacidade para traducir textos non especializados nunhas circunstancias semellantes ás propias dunha contorna profesional.			

Competencias	
Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
- Producir un texto traducido en Lingua I (español) escollendo material lingüístico que cumpra cos estándares de norma e uso de textos orixinais similares, contrastándoos con textos paralelos. Aplicar criterios razonados de revisión.	CE1 CE4 CE17	CT2 CT7 CT15 CT17 CT22
Identificar as dificultades do texto a traducir, para planear razonadamente as estratexias de tradución, adaptadas á función do texto, do seu soporte e dos seus destinatarios	CE1 CE2 CE4 CE17	CT2 CT3 CT4 CT9 CT17 CT22
Interiorizar o papel do tradutor en tanto que mediador cultural e traballador que atende ás pautas profesionais e deontolóxicas do seu labor.	CE2 CE4 CE17 CE28	CT2 CT7 CT15 CT17

Contidos
Tema

Os contidos da materia céntranse na tradución de textos non especializados de diversos xéneros textuais. Divídense en varios bloques en función da variedade temática (textos xornalísticos, publicitarios, literarios, etc.) e da diversidade tipolóxica (textos expositivos, argumentativos, instructivos, etc.). Desde unha perspectiva eminentemente práctica, preténdese: que o alumnado se aproxime á realidade profesional do exercicio da tradución, profundar no proceso de comprensión do TO, dominar as competencias comunicativas en LT, analizar os aspectos contrastivos que desempeñan un papel capital na tradución do francés ao español e promover a competencia textual.	- A análise textual. - O proceso de tradución. - Dificultades de tradución francés-español (morfosintácticas, léxico-semánticas, estilísticas, etc.).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	6	15	21
Traballo tutelado	34	65	99
Resolución de problemas de forma autónoma	2	7	9
Práctica de laboratorio	4	15	19

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, as bases teóricas ou as directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que o alumnado debe desenvolver.
Traballo tutelado	O alumnado elabora traducións na aula baixo as directrices e supervisión do profesor.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado realizará individualmente encargos de tradución que reproducen situacións reais da actividade profesional. Para iso, aplicará os coñecementos e destrezas adquiridos durante os traballos de aula e o traballo autónomo.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas de forma autónoma	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto na clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificados, de forma telemática.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Traballo tutelado	Elaboración en equipo e exposición pública dun traballo consistente na tradución comentada dun texto.	35	CE1 CE2 CE4 CE17	CT2 CT7 CT17 CT22
Resolución de problemas de forma autónoma	Entrega de todas as encomendas de clase e presentación individual e posta en común dunha encomenda de tradución, comentando as fontes de documentación e bibliografía empregadas.	30	CE1 CE2 CE4 CE17	CT2 CT7 CT15 CT17 CT22
Práctica de laboratorio	Realización de modo autónomo e individual dunha encomenda de tradución con tempo coontrolado a cal trata de reproducir as condicións da práctica profesional.	35	CE1 CE2 CE4 CE17	CT2 CT4 CT7 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas, etc.

O plaxio ou copia parcial ou total dun encargo ou proba suporá a perda do dereito a avaliación continua.

Considérase plaxio o uso de programas de tradución automática mesmo cando o texto resultante presente algunhas correccións. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade.

AVALIACIÓN CONTINUA

1- O alumnado deberá informar o profesorado nas dúas primeiras semanas de clase a súa decisión de acollerse á avaliación continua ou non. Para esta recoméndase a asistencia continuada a clase.

2- Aquelas persoas que por motivos de traballo ou familiares non poidan asistir ás clases, deben comunicalo persoalmente á profesora para que esta tome as medidas compensatorias para facilitar a conciliación laboral e familiar.

3- O feito de non entregar algún dos encargos ou non realizar algunha das dúas probas implicará a perda do dereito á avaliación continua e a anulación de todas cualificacións obtidas anteriormente. Terá entón que presentarse á convocatoria única

4- O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo na data de exame publicada polo decanato.

É preciso ter como mínimo un 4,5 en cada apartado para aprobar.

CONVOCATORIA ÚNICA (MAIO E XULLO)

O alumnado que non se acolla á avaliación continua ou que teña a materia pendente de cursos anteriores presentarase na data oficial do exame (xaneiro ou xullo segundo corresponda) de xaneiro publicada polo decanato a unha proba que consistirá en:

1. Tradución con tempo limitado (1,5 horas): 80 % da nota que deberá realizar na data e hora do exame oficial.

2. Preguntas teóricas (0,5h): 20% Preguntas teóricas sobre o proceso de tradución.

ALUMNADO ERASMUS

Esta materia non está dirixida á aprendizaxe do español nin do francés. Considérase que o alumnado xa posúe un bo nivel do mesmo.

Para poder cursar a materia recoméndase un nivel **B2 de español.**

Non se recomenda seguir esta materia a aquel alumnado que:

1. Non teña como primeira ou segunda lingua de traballo o español.

2- Non curse estudos de linguas ou tradución.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Hurtado Albir, Amparo, **Aprender a traducir del francés al español: competencias y tareas para la iniciación a la traducción**, Edelsa, 2015

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, II: Francés-Español/V01G230V01509

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma 2, IV: Francés/V01G230V01406

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés/V01G230V01106
Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés/V01G230V01206
Idioma 2, III: Francés/V01G230V01306

Outros comentarios

Trátase dunha materia orientada eminentemente cara á práctica da tradución non especializada. Así pois, pretende que o alumnado adquira as competencias tradutoras básicas que se aplicarán e ampliarán a través das outras materias do Grao.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Alemán-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, I: Alemán-Galego			
Código	V01G230V01413			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Alemán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Küpper, Silvia			
Profesorado	Montero Küpper, Silvia			
Correo-e	smontero@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	Iniciarase a/o alumna/o na tradución de textos xerais na combinación lingüística alemán-galego facendo fincapé en aspectos estilísticos-contrastivos das dúas linguas e diferentes culturas.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE22	Destrezas de tradución
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e das súas culturas; dominar os elementos de interferencia léxica e discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión na construción textual nas dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.	CB3	CE2 CE3 CE4 CE17	CT7 CT17
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialidade dos repertorios das culturas orixinal e termo.	CB1 CB2 CB3 CB5	CE17 CE22	CT7
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos expositivos e textos exhortativos.	CB2 CB5	CE17 CE22	CT4 CT7 CT17

Competencias profesionais: coñecer o mercado da tradución para a combinación lingüística alemán-galego; desenvolver un autoconcepto de tradutor/a profesional e da súa autoestima; desenvolver a capacidade de tomar decisións; fomentar a habilidade para traballar coas ferramentas para a tradución, usar e xestionar recursos documentais lexicográficos para a tradución de textos xerais; desenvolver a capacidade para localizar e superar as fallas tradutivas individuais.	CB2 CB4	CE2 CE4 CE14 CE17	CT3 CT4 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14

Contidos	
Tema	
1. Contidos transversais ou xeneralidades	1.1. Fontes de documentación en formato papel, en liña e textos paralelos. O uso de dicionarios e glosarios: subcompetencia instrumental: emprego e xestión de recursos documentais lexicográficos para tradución de textos xerais. 1.2 Funcións textuais 1.3 Tipoloxías 1.4. Cohesión e estrutura textual
2. Contidos metodolóxicos	2.1 Estratexias tradutivas 2.2 Estratexias de autoavaliación 2.3 Metalinguaxe
3. Contidos contrastivos (estilísticos e culturais). Problemas específicos de tradución alemán-galego	3.1 Léxico (p.e. expresións formulaicas, citas, proverbios, modismos, metáforas, falsos amigos...) 3.2 Morfosintaxe (p.e. o verbo 'werden', uso do artigo, adverbio 'dabei' vs. 'bei'...) 3.3 Convencións tipográficas (uso de siglas e abreviaturas, puntuación, maiúsculas/minúsculas...) 3.4 Referentes culturais I 3.5 Cultura e civilización dos países xermanófonos
4. Tradución de textos contemporáneos	4.1 Textos expositivos divulgativos 4.2 Textos exhortativos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	7	19	26
Prácticas con apoio das TIC	12	24	36
Actividades introdutorias	2	0	2
Presentación	5	10	15
Resolución de problemas	11	31	42
Eventos científicos	2	0	2
Lección maxistral	5	10	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	4	6
Práctica de laboratorio	2	4	6
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	Inclúese aquí o traballo que o alumnado debe realizar obrigatoriamente para a avaliación continua. O traballo será de índole lexicográfico e versará sobre un campo semántico en alemán e galego. O alumnado contará coa tutela da docente. Durante as horas presenciais dedicadas a este apartado, a docente explicará o procedemento e as normas de elaboración e presentación do traballo cuxo resumo se subirá á plataforma moovi. Incluirase un resumo destas normas na plataforma. O traballo deberá ser exposto na aula antes do 30 de abril.
Prácticas con apoio das TIC	Farase sobre todo traballo documental previo á tradución e traballo de aprendizaxe dalgunhas ferramentas básicas para a tradución.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Explicarase, en especial, o sistema de avaliación, a bibliografía recomendada e a de lectura obrigatoria. Ó finalizar, e xa como traballo autónomo, o alumnado deberá localizar na biblioteca da facultade a bibliografía dada.
Presentación	Cada estudante realizará unha exposición oral de aprox. 15 minutos sobre un tema acordado coa profesora (cf. traballo tutelado). Haberá quenda de preguntas e debate.

Resolución de problemas	Realizaranse exercicios de tradución, que tentarán reproducir situacións reais e exercicios de resolución de problemas (dificultades de tradución). Logo dunha fase introdutoria ou preparatoria dos textos e temas o alumnado realizará varias tarefas pola súa conta. Finalmente, nas horas presenciais, farase a posta en común e corrección dos resultados. Esta parte terase en conta na avaliación continua.
Eventos científicos	Prevése a asistencia a eventos divulgativos como conferencias ou presentacións de programas de estudo, segundo a programación das actividades da facultade
Lección maxistral	As sesións maxistrais dedicaranse a explicar os contidos máis teóricos da materia, como a descrición do mercado da tradución do alemán ou a tipoloxía de erros, así como contidos teóricos fundamentais para desenvolver as tarefas prácticas, como aspectos contrastivos morfosintácticos e estilísticos entre as dúas linguas, referentes culturais etcétera. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativa e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A profesora guiará o alumnado na elaboración deste traballo e, de así o requerir o alumnado, doutras tarefas en titorías individuais e grupais.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Traballo tutelado	Avaliarase a preparación, o contido e o resumo. O traballo deberá ser exposto na aula antes do 30 de abril. O alumnado entregará unha sinopse do traballo (data límite: 20 de maio). É obrigatorio acordar o tema do traballo coa profesora antes do 25 de febreiro.	10	CB1 CB2 CB3 CB4	CE2 CE3 CE4 CE14 CE17 CE22	CT4 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14 CT17
Prácticas con apoio das TIC	Avaliaranse conxuntamente co apartado "Resolución dos problemas".	0	CB1 CB3		CT3 CT4 CT7 CT8
Presentación	cf. "Traballos tutelados" Avaliarase a preparación, presentación e o contido. A presentación realizarase antes do 15 de abril.	10	CB2 CB3 CB4	CE2 CE3	CT3 CT9 CT14
Resolución de problemas	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios realizados dentro e fóra da aula. Para poder acollerse á avaliacion continua cómpre realizar entregas de polo menos 3 exercicios e 4 traducións. As entregas (via moovi) faranse antes da respectiva corrección en clase.	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE14	CT3 CT4 CT7 CT8
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistirá na tradución dun texto de aprox. 200-250 palabras que abordará algún dos temas estudados ao longo do semestre. Poderá incluír un comentario. A tradución realizarase con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet.	50	CB1 CB2 CB3	CE2 CE3 CE4 CE14 CE17 CE22	CT3 CT4 CT7
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CE30	Coñecemento de idiomas
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

(*)1- Coñecer as dúas linguas de traballo, francés (idioma *II) e español (lingua I), a nivel *gramatical, *léxico e *fraseológico, e ser capaz de analizar as diferenzas e *similitudes de ambos sistemas lingüísticos		CE1 CE2 CE4 CE8 CE18 CE25 CE28 CE30 CE32 CE33	CT1 CT7 CT13 CT15 CT17 CT22
Capacidade de poder analizar o contexto *sociolinguïstico no que vai realizar o seu traballo así como de pór en prácticas todo o apreso no ámbito da comunicación *multilíngues, tanto para analizar unhas intervencións e a súa interpretación como para realizala	CB2	CE1 CE2 CE3 CE8 CE18 CE20 CE21 CE26 CE28	CT1 CT4 CT6 CT7 CT8 CT11 CT13 CT14 CT17 CT22 CT23

Contidos	
Tema	
1. A interpretación de enlace: caracterísiticas definitorias	1.1.Breve introdución á Interpretación. A interpretación de enlace 1.2. A bidireccionalidade 1.3. O intérprete como mediador: o uso da primeira ou a terceira persoa
2. Os ámbitos de traballo	2.1. A interpretación social e nos Servizos Públicos: comisarías de policía, tribunais, hospitais, outras institucións públicas 2.2. A interpretación nos negocios 2.3. A interpretación nos Medios de Comunicación 2.4. A interpretación diplomática 2.5. O intérprete acompañante
3. As distintas operacions da I.E	3.1. A división da atención. 3.2. A comprension e análise 3.3. A memoria 3.4. A produción 3.5. Introducción as Notas (toma e lectura)
4. Prácticas de exercicios introdutorios	4.1. Exercicios de clozing 4.2. Exercicios de memorización 4.3. Exercicios de división da atención 4.4 Exercicios de reformulación en lingua 1 e lingua 2
5. Prácticas de elaboración e enunciación de discurso en francés	5.1. Elaboración de guión: introdución á lectura de notas. 5.2. Enunciación dun discurso en francés 5.3. Corrección: produción e expresión en francés: gramática francesa.
6. Prácticas de Interpretación de enlace	6.1.Exercicios de interpretación de enlace 6.2. Escoita e corrección de exercicios: - Produción: fluidez, seguridade, prosodia -Transmisión de contidos: coherencia intra e intertextual - Expresión: corrección linguística (calcos ecóicos) 6.3. Elaboración de glosarios e fichas gramaticais

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	0	3
Traballo tutelado	32	72	104
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	22	22
Seminario	5	0	5
Lección maxistral	4	8	12
Práctica de laboratorio	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente
Descrición

Actividades introdutorias	Descrición da materia e do curso. Formulación de obxectivos. Descrición da metodoloxía. Formulación dos criterios de avaliación.
Traballo tutelado	Familiarización cos equipos de interpretación. Explicación e prácticas de exercicios introdutorios á IE. Corrección de exercicios. Produción e enunciación de intervencións para a súa posterior interpretación.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Prácticas individuais de IE (1-1, 2-2) a partir de visionado e escoita de sesións reais de entrevistas e debates en liña. Corrección de exercicios.
Seminario	Recoñecemento de fenómenos relevantes. Identificación e localización de problemas de lingua, de referencias culturais e sociais, gramática de contraste e tradución. Procura de solucións: tácticas e estratexias de traballo adaptadas a necesidades e capacidades de estudantes.
Lección maxistral	Explicación de contidos teóricos da materia que se impartirán de forma transversal nas sesións prácticas de traballo nas aulas (laboratorios de interpretación).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Realizaranse mediante titorías individuais. Escoitarase o exercicio e valorarase a corrección levada a cabo polo estudante. Detectaranse erros dentro das distintas operacións da IE analizando as súas causas e buscando solucións. Indicaranse tarefas e exercicios específicos para paliar deficiencias e erros. Non se escoitarán exercicios no correxidos polo alumnado.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Realizaranse mediante titorías individuais. Escoitarase o exercicio e valorarase a corrección levada a cabo polo estudante e su analisis de erros. Detectaranse erros dentro das distintas operacións da IE analizando as súas causas e buscando solucións. Indicaranse tarefas e exercicios específicos para paliar deficiencias e erros.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Traballo tutelado	Teranse en conta só para os estudantes que se acollan á avaliación continua. Valorarase a participación na resolución de problemas derivados da práctica da *IE e a entrega das correccións dos exercicios de *IE e produción de discursos en francés coa análise da súa evolución; así mesmo valorarase a elaboración e ampliación dos glosarios antes e despois dos distintos talleres temáticos así como a entrega dun traballo teórico.	15	CE1 CE4 CE18	CT1 CT4 CT7 CT8 CT14 CT15
Práctica de laboratorio	A proba constará de dous partes: 1. unha proba de interpretación de enlace (*IE) dunha entrevista ou intercambio de opinións enunciados pola profesora nas linguas da combinación (francés e español). Cualificaranse os seguintes elementos: -técnica: capacidade de lectura e escoita coordinadas, toma de decisións e resolución dos problemas. -contidos: coherencia intra e intertextual -produción: expresión oral, rexistro, fluidez, prosodia. - expresión: gramática e léxico. No caso de ter fallos gramaticales en todas as intervencions en lingua francesa suspenderase a proba. Si queda algunha intervención ou frase sen terminar suspenderase a proba. 2. a produción e enunciación dun discurso en lingua francesa na que se valorará os elementos xa citados: contido (coherencia intratextual), expresión e produción.	50+35	CE1 CE4 CE18	CT1 CT4 CT7 CT8 CT14 CT15

Outros comentarios sobre a Avaliación

1º CONVOCATORIA (DIC-XANEIRO) As probas para a evaluación continua desenvolvésense de forma presencial o telemática durante o período lectivo, en datas pactadas polo profesorado e o estudiantado que serán publicadas na plataforma de teledocencia. Será imprescindible obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba de IE para dar por aprobada a materia; consistirán nunha proba teórica así como unha práctica: unha interpretación de enlace (IE) dunha entrevista ou intercambio de opinións enunciados nas linguas da combinación francés e español e/o de producción dun discurso en francés

Tanto a evaluación única (para aqueles/os alumnos/as que renuncien á evaluación continua) como **a segunda convocatoria** (*ju-*jul) consistirán nunha proba teórica así como unha práctica: unha interpretación de enlace (IE) dunha entrevista ou intercambio de opinións enunciados nas linguas da combinación francés e español e/o de producción dun discurso en francés e se realizarán na data oficial fixada polo centro. En ambos os casos, para aprobar a materia será necesario obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba de IE.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gile, Daniel, **Regards sur la recherche en Interprétation de conférences**, Presses Universitaires de Lille, 1995
Rozan, J.F., **La prise de notes en consecutive**, Presses de l'Université Genève, 1984

Bibliografía Complementaria

COLLADOS ÁIS, A., FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, M. (coords., **Manual de interpretación bilateral.**, Comares, 2001
Escandell Vidal.,María Victoria, **Introducción a la pragmática**, Ariel, 2013
Gentile, Adolfo, Uldis Ozolins and Mary Vasilakakos, with Leong Ko and Ton-That Quynh-Du, **Liaison Interpreting: A Handbook,**, University Press, 1996
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M. Jesús, **"El 'don de la ubicuidad' en la interpretación bilateral. Esbozo didáctico para emprender los primeros pasos"**, Mediazioni, 2006
Herbert, Jean, **Manuel de l'Interprète**, Presses de l'Université de Genève, 1952
Mascuñán Tolón, Silvia, **La bidireccionalidad: formación y mercados laborales**, Editorial Atrio, 2003
Seleskovitch, Danica, **Langue, langage, mémoire: études de la prise de notes en Interprétation Consecutiva**, Minard, 1975
Torres, L.M, Da Silva J, **Comportamentos e atitudes essenciais na interpretação de acompanhamento: A perspectiva dos clientes**, tradterm v. 23, 2014
Valero Garcés, C y MDergam, **Mediador social=mediador lingúístico=intérprete: práctica, formación y reconocimietno del intérprete en los servicios sociales**, Sin fronteras, 3, Comares, 2001

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Español/V01G230V01620
Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Español/V01G230V01604

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209
Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418

Outros comentarios

Recoméndase unha actualización permanente das informacións nacionais e internacionais da actualidade política, social, económica e cultural utilizando material impreso e audiovisual, así como estar ao corrente dos debates internacionais sobre temas de distintos ámbitos.
Así mesmo, recoméndase o uso da plataforma de teledocencia, tanto para a corrección e actualización dos exercicios como para a información sobre teoria e práctica da interpretación, así como das temáticas estudadas e traballadas na materia.
Calquera plaxio ou copia total ou parcial nalgunha das partes do exame suporá un 0 nesa proba

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía				
Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía			
Código	V01G230V01518			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Galanes Santos, Iolanda Gloria			
Profesorado	Fernández Rodríguez, Áurea Galanes Santos, Iolanda Gloria			
Correo-e	iolag@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo que o alumnado adquira a competencia terminolóxica, é dicir, que integre coñecementos teóricos e prácticos, así como que interiorice os métodos de traballo terminolóxicos na súa práctica profesional			

Competencias	
Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Avaliar a adecuación terminolóxica en documentos especializados e xeneralistas	CB2	CE3 CE8 CE17	CT6 CT7 CT22
Utilizar adecuadamente os recursos terminográficos existentes	CB2 CB3	CE8 CE18	CT6 CT7 CT22
Coñecer, identificar e solucionar os problemas terminolóxicos presentes nos procesos de Tradución e de Interpretación	CB3	CE17 CE18	CT4 CT6 CT7 CT22
Integrar á práctica profesional a metodoloxía de elaboración de ferramentas terminolóxicas con obxectivos predefinidos	CB2	CE10 CE11 CE18	CT3 CT6 CT7 CT22

Contidos
Tema

TEMA 1. INTRODUCIÓN Á TERMINOLOXÍA E Á TERMINOGRAFÍA: CONCEPTOS, PRINCIPIOS E MÉTODOS	1. 1. Terminoloxía. Definición, obxecto, función, usuarios/as e aplicación ao proceso de tradución. Relación con outras disciplinas. Evolución da disciplina 1.2. Terminoloxía vs. terminografía vs. lexicografía. Métodos de traballo terminográfico 1.3. Lingua xeral e linguas de especialidade. O texto especializado 1. 4. O termo: definición, termo vs. palabra 1. 5. Identificación de termos en contexto
TEMA 2. EVOLUCIÓN DA TERMINOLOXÍA COMO DISCIPLINA.	2.1. Breve historia. A Terminoloxía preacadémica e a Terminoloxía académica 2.2. Escolas da Terminoloxía - A Teoría Xeral da Terminoloxía (TXT). As escolas terminolóxicas clásicas - Críticas á TXT - A Teoría Comunicativa da Terminoloxía (TCT)
TEMA 3. A UNIDADE TERMINOLÓXICA: DENOMINACIÓN E CONCEPTO	3.1. Introdución. Definicións de termo/unidade terminolóxica 3. 2. O concepto: características, tipos e relacións 3. 3. A denominación: morfoloxía. Procedementos de formación de termos 3. 4. Relacións entre denominación e concepto
TEMA 4. TRABALLO TERMINOGRÁFICO PUNTUAL E TRABALLO TERMINOGRÁFICO SISTEMÁTICO	4.1.Traballo terminolóxico puntual 4.2. Variación terminolóxica e neoloxía 4.3. O dosier terminolóxico 4.4. Traballo terminográfico sistemático: fases e instrumentos 4.5. A ficha terminográfica: entrada, definición, contexto, termos relacionados, fontes etc. 4.6. Presentación de información terminolóxica
TEMA 5. TERMINOLOXÍA E TERMINOGRAFÍA PARA A TRADUCIÓN E A INTERPRETACIÓN	5. 1. Fontes documentais 5. 2. Terminografía e Lexicografía. Produtos terminográficos: dicionarios, glosarios, léxicos, vocabularios etc. 5. 3. Ferramentas terminolóxicas para a Tradución e a Interpretación 5.4. Xerarquía de consulta de fontes 5.5. Introdución á Terminótica
TEMA 6. PRINCIPAIS ENTIDADES QUE TRABALLAN EN TERMINOLOXÍA E OS SEUS PRODUTOS	6.1. Entidades internacionais 6.2. Centros institucionais de terminoloxía 6.3. Servizos de tradución e lingüísticos 6.4. Asociacións profesionais e redes de cooperación en terminoloxía

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	15	30	45
Seminario	9	7	16
Resolución de problemas de forma autónoma	20	20	40
Presentación	3	9	12
Traballo tutelado	3	30	33
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia, da súa guía docente e da estrutura do curso presencial e virtual
Lección maxistral	Sesións de presentación dos fundamentos teóricos da materia, a través de lecturas, apuntamentos, referencias bibliográficas e titoriais
Seminario	Sesións de traballo monográficas con participación activa de docente e discentes (presentacións, debates, elaboración de esquemas, dúbidas, resolución de cuestionarios etc.)
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades prácticas, problemas terminolóxicos, elaboración de árbores conceptuais etc.
Presentación	Presentación en aula de traballo terminolóxico puntual e sistemático
Traballo tutelado	Elaboración dun repertorio terminográfico e dun dosier terminolóxico

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**

Resolución de problemas de forma autónoma	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma MOOVI: https://moovi.uvigo.gal/ e o Campus Remoto da Universidade de Vigo
Traballo tutelado	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma MOOVI: https://moovi.uvigo.gal/ e o Campus Remoto da Universidade de Vigo

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Lección maxistral	Proba tipo test, de resposta curta e prácticas de análise terminolóxica. Avaliación individual	40	CB3	CE18	CT4 CT6 CT22
Resolución de problemas de forma autónoma	Asistencia a clase e entrega de traballos de curso (10%). Avaliación individual Exposición de contidos teóricos (10%). Avaliación individual	20	CB2	CE3 CE8 CE17 CE18	CT4 CT6 CT22
Presentación	Elaboración e presentación do traballo de dossier terminográfico en equipo. Contidos e presentación (10%). Avaliación individual	10	CB2 CB3	CE3 CE8 CE10 CE11 CE17 CE18	CT3 CT4 CT6 CT7
Traballo tutelado	Elaboración e presentación dun traballo terminográfico en equipo (30%). Avaliación individual	30	CB2 CB3	CE8 CE10 CE11 CE17 CE18	CT3 CT6 CT7 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI ou do Campus Remoto e estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas etc.

AVALIACIÓN CONTINUA: A docencia desta materia organízase en 2 grupos teóricos e 3 grupos prácticos. A adscrición a cada grupo presencial determinarao a docente, segundo a combinación lingüística e a orde alfabética, e debe respectarse na medida do posible durante todo o curso. En caso de emerxencia sanitaria ou restricións da asistencia activarase a modalidade mixta, de xeito que unha parte do estudantado permanecerá na aula ao tempo que a outra parte seguirá a clase a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo dun modo síncrono. Esta mesma fórmula síncrona será a escollida en caso de que non sexa posible ningún tipo de presencialidade. O establecemento de quendas da docencia mixta é tarefa da dirección do centro (Decanato). As metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas tanto na modalidade mixta, a distancia, como na presencial, mentres que os grupos e as quendas se adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria vixente no período de docencia deste curso. A docente resérvase a posibilidade de avaliar a lección maxistral a través de exame oral en Campus Remoto en caso de que non sexa posible acreditar a identidade do alumnado que realiza o exame.
O alumnado deberá entregar unha ficha de clase nas primeiras semanas do curso para manifestar así a súa decisión de acollerse á avaliación continua. A data límite de entrega de ficha será a primeira semana de outubro de 2022, salvo excepción xustificada ante a docente. Se non o fai nese prazo entenderase que renuncia a ela. En todo caso, para poder acollerse a esta modalidade, é necesario entregar TODAS as tarefas nos prazos indicados. O alumnado que por motivos de traballo ou saúde non poida asistir a todas as clases (presencialmente ou por Campus Remoto) deberá comunicarllo á profesora.
Para superar a materia mediante o sistema de avaliación continua, a nota de cada unha das partes deberá ser igual ou superior a 5/10.

AVALIACIÓN ÚNICA:
No caso de non presentarse por avaliación continua, o alumnado deberá presentarse ao exame final de avaliación única e ademais ten que entregar tamén o traballo tutelado (dicionario). A data desa proba será a do exame oficial aprobado pola Xunta de Facultade. Ambas as probas suporán o 100% da materia e terá lugar nas datas que se indiquen oficialmente e que se publicarán tamén na plataforma. O exame constará das seguintes partes: a) Proba teórica tipo test ou resposta curta (30 %) b) Proba práctica (30 %) c) Traballo individual tutelado consistente na elaboración dun dicionario terminográfico (40 %) que se entregará de modo previo á realización do exame na data oficial. É igualmente necesario superar cada unha das partes (proba e

diccionario) cun 5/10 para superar a materia.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO:
No caso de non superar a materia na primeira convocatoria, o alumnado poderá presentarse ao exame da convocatoria de xullo, que suporá o 100% da materia, salvo indicación en contrario da docente. Esta proba realizarase nas mesmas condicións que se fose de avaliación única (exame teórico e práctico e entrega de dicionario elaborado previamente) e terá lugar na data oficial de exame aprobada en Xunta de Facultade. Independentemente do sistema de avaliación elixido non superará a materia quen incorra en plaxio ou copia total ou parcial, ao supoñer un 0 na cualificación do traballo, tarefa ou proba plaxiada.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cabré, M.ª Teresa, **La terminología. Teoría, metodología y aplicaciones**, Empuries, 1993

Cabré, M.ª Teresa, **La terminología. Representación y comunicación**, IULA, 1999

Montero Martínez, Silvia.; Faber Benítez, Pamela e Buendía Castro, Miriam, **Terminología para traductores e intérpretes**, 2ª, Tragacanto, 2011

Bibliografía Complementaria

L´Homme, Marie-Claude, **La terminologie : Principes et techniques**, 2ª, Les Presses de l´Université de Montréal, 2020

Pavel, Silvia e Nolet, Diane, **Précis de terminologie**, Bureau de la traduction, 2001

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301
Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Outros comentarios

Utilizarase a plataforma Moovi e o Campus Remoto da Universidade de Vigo como contorna de comunicación virtual e colectiva para indicar e completar as lecturas e actividades desta materia.

Recoméndase ao alumnado que tramite a sinatura dixital (http://www.fnmt.es/ceres) como posible procedemento para acreditar a identidade en caso de ter que realizar probas a distancia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01601			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Baxter , Robert Neal			
Profesorado	Baxter , Robert Neal			
Correo-e	jstefanlari@yahoo.com			
Web	http://cousasdeneal.webs.com/			
Descrición xeral	A materia constitúe o primeiro contacto do alumnado coa interpretación simultánea e ten por obxectivo impartir un coñecemento e manexo das técnicas básicas necesarias para a interpretación simultánea, apoiándose nos elementos teóricos necesarios para reforzar a práctica das mesmas. Ao nivel práctica, a materia pretende preparar o alumnado para realizar interpretacións simultáneas partindo de exercicios en torno ás técnicas da tradución á vista B-A aplicadas á interpretación simultánea, incluídos exercicios de tradución á vista cronometrados e cloze. A orientación da materia é esencialmente práctica, deseñada para proporcionar un coñecemento das técnicas básicas requiridos para realizar unha interpretación simultánea e para detectar potenciais especialistas na interpretación simultánea.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE30	Coñecemento de idiomas
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT4	Resolución de problemas
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT16	Adaptación a novas situacións
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas da interpretación simultánea: coñecemento das técnicas básicas	CB1 CB2 CB5	CE1 CE3 CE4 CE12 CE13 CE17 CE18 CE22 CE27 CE30 CE33	CT1 CT9 CT22
Introdución á tradución á vista libre	CB3 CB4	CE1 CE3 CE4 CE12 CE13 CE17 CE18 CE21 CE22 CE30 CE33	CT1 CT4 CT9 CT22
Introducir as técnicas de busca documental e a elaboración de glosarios aplicados á interpretación	CB3	CE8	CT4 CT22
Xestión da tensión (estrés) durante a interpretación	CB5	CE17 CE21 CE27	CT4 CT9 CT16
Traballo en equipo: repartición do traballo en cabina e capacidade de colaboración	CB5	CE17	CT12

Contidos	
Tema	
1. A interpretación simultánea	Características e diferenzas coa interpretación consecutiva e de enlace
2. O entorno de traballo	2.1. os congresos e reunións internacionais: características, usuari@s 2.2. os organismos internacionais: función e mandato 2.2. a cabina de IS: cabinas puras e mixtas; o uso do relay; o papel do pivote; o traballo en equipo en cabina; o uso de ferramentas informáticas
3. A división da atención	3.1. as canles de comunicación 3.2. limitacións e saturación das canles 3.3. a asignación de recursos atencionais
4. O modelo de esforzos de Gile para a IS	4.1. esforzo de escoita/comprensión 4.2. esforzo de memoria 4.3. esforzo de produción 4.4. esforzo coordinación
5. A anticipación da información: tipos de anticipación	5.1. gramatical 5.2. fraseolóxico-cultural 5.3. psicolóxico-contextual 5.4. discursiva
6. As tácticas e estratexias de traballo en IS	6.1. tácticas de comprensión 6.2. tácticas de reformulación 6.3. tácticas de memorización 6.4. o uso estratéxico del atraso 6.5. la xestión de elementos puntuais: díxitos, nomes propios e organismos
7. Estratexias de preparación dun congreso	Documentación e busca terminolóxica
8. O código deontolóxico d@ intérprete	Funcionamento do mercado profesional Lealdades: cara ao público; cara ao cliente; cara a si mesm@ (intérprete) Ética e deontoloxía
9. A IS como profesión	10.1. os mercados locais: características 10.2. os organismos internacionais: características

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	6	22	28
Traballo tutelado	41	80	121
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas	Actividade práctica orientada cara á resolución de problemas e dúbidas, sobre todo de tipo técnico.
Traballo tutelado	Trátase do traballo principal que se desenvolve nos laboratorios habilitados para a práctica da interpretación. A metodoloxía utilizada é a descrita no artigo: Baxter, R.N. (2014) A simplified multi-model approach to preparatory training in simultaneous interpreting, Perspectives: Studies in Translatology Volume 22, Issue 3 [349-372] Realizaranse actividades relacionadas coas principais estratexias para a interpretación simultánea, xunto con exercicios prácticos de interpretación simultánea nos diferentes ámbitos (shadowing, cloze, tradución á vista). Para alén dos traballos realizados nas aulas, o/a profesor/a orientará @s estudantes sobre os traballos prácticos de interpretación simultánea que deberán levar a cabo por conta propia. Algúns dos traballos entregues poderán contribuíra para a nota de avaliación continua final.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	No horario de atendendemento publicado.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas	Resolución de problemas e/ou exercicios ao longo do curso	20	CB1 CB5	CE1 CE3 CE4 CE8 CE13 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27 CE30 CE33	CT1 CT4 CT12 CT16 CT22
Práctica de laboratorio	Realización dunha proba de interpretación simultánea entre as linguas B-A. Para cualificar esta proba valorarase os seguintes elementos: 1. Técnica 2. Contidos 3. Expresión 4. Corrección lingüística Non rematar a proba ou deixar calquera elemento sen acabar implicarán suspender a proba no seu conxunto para alén de calquera outra consideración.	80	CB2 CB3 CB4	CE1 CE4 CE13 CE17 CE21 CE22 CE27 CE30 CE33	CT1 CT4 CT9 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes que desexaren acollerse á modalidade de avaliación continua deben comunicalo ao profesor ou á profesora cunha anterioridade máxima dun mes previa á data do exame final.

Independentemente da eventual nota de avaliación contunua, é imprescindíbel obter unha puntuación mínimo de 5 sobre 10 na proba de interpretación simultánea para aprobar a materia no seu conxunto, ao que se sumará a puntuación acadada nos outros apartados.

Manténse a nota de avaliación continua dunha edición para a seguinte dentro da mesma convocatoria.

A avaliación única levarase a cabo nas mesmas condicións que o exame final ordinario.

Data do exame final: Segundo o publicado no calendario oficial.

A segunda convocatoria levarase a cabo nas mesmas condicións que a primeira. .

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gile, Daniel, **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, John Benjamins,

Bibliografía Complementaria

Alonso Bacigalupe, Luis, **El procesamiento de la información durante la interpretación simultánea: un modelo a tres niveles**, Atrio,

Alonso Bacigalupe, Luis, **O mercado profesional da tradución e a interpretación, in Iserción profesional d@s estudantes de tradución e interpretación [pp. 13-25]**, Atrio,

Alonso Bacigalupe, Luis et alii, **A Interpretación en Galiza : unha profesión emerxente, in Viceversa, Nº 9/10 (2003/2004) [11-30]**, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións,

Jones, Roderick, **Conference interpreting explained**, St. Jerome,

Nolan, James, **Interpretation : techniques and exercises**, Multilingual Matters,

Pöchhacker, Franz & Miriam Shlesinger, **The Interpreting studies reader**, Routledge,

Seleskovitch, Danica, **L'Interprete dans les conférences internationales : problèmes de langage et de communication**, Minard,

VVAA, **Interpreter Training Resources (http://interpreters.free.fr/)**, -,

Baxter, Robert Neal, **A simplified multi-model approach to preparatory training in simultaneous interpreting**, Perspectives 22: 3 [349-372],

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01617

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210
Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés/V01G230V01303
Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01514

Outros comentarios

Lenguas de impartición: gallego e inglés.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español				
Materia	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01602			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Alonso Bacigalupe, Luis			
Profesorado	Alonso Bacigalupe, Luis			
Correo-e	lalonso@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia introdutoria ás técnicas de interpretación simultánea que inclúe contidos teóricos básicos sobre a comunicación oral e as técnicas de procesamento da información para a IS e, sobre todo, a realización de exercicios prácticos de tradución á vista e de interpretación simultánea na dirección B-A, así como unha pequena parte adicada á IS A-B.			

Competencias	
Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
CE7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE20	Facilidade para as relacións humanas
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais
CT12	Traballo en equipo
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT18	Creatividade
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor
CT20	Lideranza
CT21	Sensibilidade co medio

CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual
CT24	Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Adquisición das habilidades de comprensión e expresión oral en inglés a nivel avanzado.	CE1 CE2 CE3 CE4	
Adquirir os coñecementos das técnicas básicas da interpretación simultánea e da tradución a vista	CE13 CE16 CE17 CE18 CE19 CE21 CE22	CT3 CT4 CT7 CT8 CT9 CT13 CT14 CT15 CT16 CT20 CT22 CT23 CT24
Introducir as técnicas de procura documental e de elaboración de glosarios aplicados á interpretación simultánea	CE5 CE6 CE7 CE8 CE14 CE21 CE23	CT3 CT4 CT5 CT6
Desenvolver as habilidades de traballo en equipo	CE10 CE11 CE16 CE17 CE19 CE20	CT3 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT16 CT18 CT19 CT20
Adquirir coñecementos sobre o mercado profesional da interpretación simultánea nos seus distintos ámbitos de traballo	CE9 CE18	CT4 CT14 CT16 CT21

Contidos	
Tema	
1. A interpretación simultánea: caracterísiticas definitorias	1.1. Diferenzas con interpretación consecutiva e de ligazón 1.2. O intérprete como alter ego do orador: o uso de lan primeira persoa 1.3. As 3 limitacións da IS segundo Shlesinger
2. A contorna de traballo	2.1. Os congresos e reunións internacionais: características, usuarios 2.2. Os organismos internacionais: función e mandato. 2.2. A cabina de IS: cabinas puras e mixtas; o uso do relay; o papel do pivot; o traballo en equipo en cabina; o uso de ferramentas informáticas.
3. A división da atención	3.1. As canles de comunicación. 3.2. Limitacións e saturación das canles 3.3. A asignación de recursos atencionais
4. O modelo de esforzos de Gile para a IS	4.1. Esforzo de escoita/comprensión. 4.2. Esforzo de memoria. 4.3. Esforzo de produción. 4.4. Esforzo coordinación.
5. O modelo en tres niveis de Bacigalupe	5.1. Nivel lingüístico. 5.2. Nivel cognitivo. 5.3. Automatismos.

6. A anticipación da información: tipos de anticipación	6.1. Gramatical. 6.2. Fraseológico-cultural. 6.3. Psicolóxico-contextual. 6.4. Discursiva
7. As tácticas e estratexias de traballo en IS	7.1. Tácticas de comprensión. 7.2. Tácticas de reformulación. 7.3. Tácticas de memorización. 7.4. O uso estratéxico do atraso. 7.5. A xestión de elementos puntuais: díxitos, nomes propios e de organismos internacionais, etc.
8. Tipoloxía discursiva e función en IS	8.1. Persuadir. 8.2. Informar. 8.3. Mostrar cortesía. 8.4. A comprensión do discurso especializado en IS
9. Estratexias de preparación dun congreso	9.1. Documentación e procura terminolóxica. 9.2. Elaboración de glosarios para a IS. 9.3. Consultas previas e in situ
10. O código deontolóxico do intérprete	10.1. Obrigacións éticas e morais. 10.2. Obrigacións administrativas. 10.3. Deberes dos clientes.
11. O mercado da IS	11.1. Os mercados locais: características 11.2. Os organismos internacionais: características
12. Prácticas de exercicios introdutorios á IS	11.1. Exercicios de shadowing A-A e B-B 11.2. Exercicios de reformulación simultánea A-A. 11.3. Exercicios de cloze A-A e B-B. 12.4. Exercicios introdutorios de tradución a vista
13. Prácticas de tradución a vista en cabina con tempo controlado: desenvolvemento da técnica	13.1 Produción 13.2. Transmisión de contidos 13.3. Expresión
14. Prácticas de interpretación simultánea	14.1 Produción 14.2. Transmisión de contidos 14.3. Expresión
15. Introdución á práctica da interpretación de ligazón en simultánea	15.1 Produción 15.2. Transmisión de contidos 15.3. Expresión

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	5	10	15
Traballo tutelado	35	71	106
Prácticas con apoio das TIC	0	21	21
Seminario	3	0	3
Exame oral	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Descrición da materia e do curso Formulación de obxectivos Descrición da metodoloxía do curso Familiarización cos equipos de interpretación simultánea Explicación de criterios de avaliación
Lección maxistral	Explicación minuciosa dos contidos teóricos da materia. En xeral, a sesión maxistral será unha actividade transversal que se desenvolverá no marco das sesións prácticas de traballo na aula cando os fenómenos relevantes aparezan durante a realización dos exercicios prácticos, excepto no relativo á explicación de modelos psicolingüísticos de procesamento da información que requirirán de sesións íntegras
Traballo tutelado	Explicación e práctica de exercicios introductorios á interpretación simultánea. Práctica exhaustiva da tradución a vista Práctica exhaustiva da interpretación simultánea B-A Introdución á práctica da IS A-B mediante a práctica de interpretación de ligazón en simuiltánea
Prácticas con apoio das TIC	Prácticas individuais de IS do alumnado a partir de gravacións en vídeo de sesións reais e dispoñibles en cadeas de televisión on-line e nas webs dos diferentes organismos internacionais (UE, ONU e axencias especializadas, etc.).

Seminario	Recoñecemento de fenómenos relevantes Localización de problemas de lingua, de referentes culturais e sociais, e de tradución Procura de solucións: establecemento de tácticas e estratexias de traballo adaptadas ás necesidades de cada estudante e en función das súas características individuais; solucións estándar de tradución, automatismos, literalidade e procesamento profundo dos enunciados

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada realizarase en forma de titoría individual: (1) Profesor e alumno/a escoitarán as gravacións dos traballos prácticos realizados por este (xa sexa nas sesións de aula ou no seu traballo individual autónomo realizado con axuda das TIC) e levará a cabo unha crítica exhaustiva e construtiva dos mesmos. A partir desa escoita detectaranse erros e analizaranse as posibles razóns que levaron aos mesmos (técnica deficiente, escasa preparación de temas e discursos, problemas de dicción, ritmo inadecuado, deficiente uso das linguas de traballo, anotación, confianza, etc...), e tentarase buscar solucións a eses problemas. (2) aceptaranse tamén gravacións enviadas polos alumnos ao profesorado para a emisión dun informe detallado no que se sinalen os defectos e virtudes atopados. (3) o terceiro modo de avaliación consistirá en comentarios e valoracións sobre o traballo individual dos estudantes en clase, xa sexa con comentarios ao grupo ou en sesións de revisión individuais co profesorado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Traballo tutelado	O traballo tutelado consiste na realización sistemática de tarefas de tradución á vista e interpretación simultánea en cabina e co tempo controlado, de diversos temas e extensión. O traballo ten asignada unha porcentaxe do 30% da nota final e se utilizará para obter unha visión de conxunto do rendemento realizado polo alumnado ao longo do curso.	30	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE9 CE10 CE11 CE13 CE14 CE16 CE17 CE18 CE19 CE20 CE21 CE22 CE23	CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT18 CT19 CT20 CT21 CT22 CT23 CT24

Exame oral	Exame final A avaliación final da materia terá un valor do 70% da cualificación final. Para a avaliación final, o alumnado deberá realizar unha das siguientes probas opcionais: -proba de tradución á vista B-A en cabina e con tempo controlado. -proba de interpretación simultánea B-A. O sistema de avaliación, tanto para a proba de TV como para a de IS, consiste na valoración de tres aspectos: (1) Técnica de traballo (2) Expresión correcta, e (3) Transmisión precisa dos contidos. En cada un deses tres apartados o alumnado partirá dunha puntuación de 50 puntos, dos cuais irán descontándose penalizacións en función dos erros cometidos. Ditas penalizacións oscilarán entre os menos 10 puntos para os erros máis graves (graves erros de contido, interrupción da producción, segmentos incomprensibles) e os menos 3 puntos para os menos graves (ruídos, tatexos, omisións, uso incorrecto do léxico) e para cada unha das categorías descritas. A aparición de elementos inaceptables no traballo do intérprete -como a interrupción repetida ou prolongada no tempo da dúa produción, o uso de expresións malsonantes, a presenza de risas y manifestacións de desacougo, ou o feito de non activar o micro ou o sistema de gravación, entre outros- invalidará a totalidade do exame, que se dará por suspenso. A cualificación final do exame será o resultado de facer a media entre os tres apartados avaliados. O aprobado estará en 25 puntos (a metade da puntuación total). Con todo, non se farán medias caso de que en calquera dos tres apartados a puntuación obtida non chegue á metade do aprobado (12,5 puntos).Os textos de exame terán unha extensión aproximada de entre 600 e 800 palabras.	70	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7	CT5 CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os parámetros de valoración e penalización das probas explicanse polo miúdo na derradeira sesión práctica do curso. Recoméndase a todo o alumnado que asista a esa sesión.

O estudantado que decida acollerse ó sistema de avaluación continua deberá indicalo por escrito ó longo do primeiro mes do curso. Pasado ese prazo, e de non haber indicación ó respeto, entenderase que se acollen ó sistema de exame final único.
Para acollerse ó sistema de avaliación continua recoméndase asistir a, polo menos, un 80% das sesións de clase.
O alumnado que suspenda a materia nunha convocatoria deberá examinarse da totalidade da materia nas seguintes convocatorias de exame.
As probas se llevarán a cabo nas datas oficiais establecidas no calendario de exames da FFT en todas as convocatorias. Ese mesmo día e nesa mesma sesión se realizarán as probas tanto para o alumnado de avaliación continua como para os de avaliación única.
PARA O ALUMNADO QUE SE ACOLLA Ó SISTEMA DE AVALIACIÓN ÚNICA EN PRIMEIRA E SEGUNDA OPORTUNIDADE
En segunda convocatoria e en modalidade de exame final único o sistema de avaliación será o mesmo que para a primeira oportunidade, excepto porque en segunda oportunidade e exame final único non se valorará a avaliación continua do alumnado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alonso Bacigalupe, Luis, **El procesamiento de la información durante la IS: un modelo en tres niveles**, 2009,
Gile, Daniel, **Basic concepts and models for interpreter and translator training**, 1995,
Pöchhacker, F. y Shlesinger, M. (eds.), **The Interpreting Studies Reader**, 2002,

Bibliografía Complementaria

Alonso Bacigalupe, Luis, **Investigación experimental en interpretación de linguas: primeiros pasos**, 2003,
Alonso Bacigalupe, Luis, **Inserción profesional de los estudiantes de T/I**, 2010,
Collados, et al. (eds.), **La evaluación de la calidad en interpretación: docencia y profesión**, 2003,
Collados et al. (eds), **Avances en la investigación sobre interpretación**, 2003,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01906
Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01901

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01618

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01515

Outros comentarios

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma pedagóxica utilizada na materia e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Español				
Materia	Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Español			
Código	V01G230V01604			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Baxter , Robert Neal			
Profesorado	Baxter , Robert Neal Cano Carteret, Nathalie			
Correo-e	jstefanlari@yahoo.com			
Web	http://https://jstefanlari.wixsite.com/misitio			
Descrición xeral	Materia introdutoria ás técnicas de Interpretación Simultánea (IS) que inclúe contidos teóricos básicos sobre as distintas operacións realizadas durante a interpretación, a comunicación oral e as técnicas de procesamento da información así como a realización de exercicios prácticos de tradución a vista e de IS directa e unha introdución á IS inversa.			

Competencias	
Código	
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
CE7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE20	Facilidade para as relacións humanas
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais
CT12	Traballo en equipo
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT14	Motivación pola calidade
CT16	Adaptación a novas situacións
CT18	Creatividade
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor
CT20	Lideranza
CT21	Sensibilidade co medio
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Yuste Frías, José, **«Beurette» es mucho más que un insulto en francés**, https://www.joseyustefrias.com/2020/09/01/beurette-es-mucho-mas-que-un-insulto-en-frances/, Blog de Yuste. On y sème à tout vent [en red], 2020

Yuste Frías, José, **De la diversidad cultural a la transculturalidad. Traducción & paratraducción de la identidad**, https://www.joseyustefrias.com/2020/08/15/traduccion-paratraduccion-de-la-identidad/, Trabalhos em Linguística Aplicada (TLA). Presentac, 2020

Yuste Frías, José, **Traducir la identidad como mantequilla: el francés beur**, https://www.joseyustefrias.com/2020/08/15/traducir-la-identidad-como-mantequilla-el-frances-beur/, Trabalhos em Linguística Aplicada (TLA). Dosier te, 2020

Yuste Frías, José, **La tecnología aplicada a la traducción y a la interpretación**, https://tv.uvigo.es/video/60db218ed5e35a59fb6cf6f2, 43.ª Píldora T&P, 2021

Yuste Frías, José, **Tecnofobia, tecnofilia y tecnolatría**, https://tv.uvigo.es/video/61a4f365a33c0635f5193582, 44.ª Píldora T&P, 2021

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés/V01G230V01404

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104
Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés/V01G230V01204

Outros comentarios

O alumnado ha de asumir que a súa lingua *B (o francés) debe empezar a ser tan súa como a súa lingua A (o español). O tradutor ha de ser sempre un excelente redactor na lingua de chegada, por moito que esta sexa unha *L2 para el. Para iso debe adquirir previamente determinadas estratexias que lle permitan *reformular correctamente en francés o sentido do texto de partida redactado en español procurando facer gala da maior claridade á hora de expresarse en lingua francesa. Velaquí unha breve listaxe dos coñecementos previos e destrezas básicas que se consideran ferramentas indispensable do traballo *discente para esta materia:
-Dominio das normas cultas das dúas linguas de traballo e, por conseguinte, máxima corrección tanto na expresión escrita como na expresión oral.
-Lectura intensiva, extensiva e selectiva de textos escritos nas dúas linguas de traballo
-Interpretación de textos ou discursos (detección de dobres sentidos e implícitos, intencionalidades ocultas, ironía, manipulación ideolóxica, etc.) escritos ou orais nas dúas linguas de traballo
-Coñecementos básicos de ofimática, comunicación electrónica e Internet: procesador de textos; correo electrónico; *navegadores; léxicos, glosarios, dicionarios e enciclopedias en formato electrónico en liña e *off *line; correctores *ortográficos, etc.
-Uso eficiente dos fondos bibliotecarios, fontes de documentación e dicionarios en formato papel

Para conseguir estes *prerrequisitos proponse o seguinte plan de traballo que o alumno debería realizar antes de empezar o período de docencia:
-Estudo pormenorizado do *Bon *usage da lingua francesa (véxase apartado correspondente na bibliografía)
-Exercicios de lectura intensiva, extensiva e selectiva, en papel e en pantalla de textos escritos nas dúas linguas de traballo
-Uso cotián do computador, a «pluma do tradutor do século *XXI», con vistas á *familiarización no manexo dos distintos

programas e dos novos formatos *hipertextuales
-Sesións de traballo práctico na rede: procura e consulta de fontes de información terminolóxica (léxicos, glosarios, dicionarios, enciclopedias) e documental; xestión de contas de correo electrónico; envío telemático de arquivos, etc.
-Asistencia aos cursos de formación ofrecidos pola Biblioteca Central da *Universidade de Vigo e pola Biblioteca da *Facultade de *Filoloxía e *Tradución

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, III: Inglés-Español				
Materia	Tradución idioma 2, III: Inglés-Español			
Código	V01G230V01610			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Currais Arcay, Jacobo			
Profesorado	Gómez López, Elisa Méndez González, Ramón			
Correo-e	xcurrais@yahoo.co.uk			
Web				
Descrición xeral	Esta materia é continuación de Tradución idioma 2, I inglés-español e Tradución idioma 2,II inglés-español e concíbese como un espazo didáctico no que afondar no traballo de tradución inglés-español. O alumnado porá tamén en práctica a competencia para detectar e resolver problemas de tradución, deseñar estratexias para o transvasamento de textos cun certo grao de complexidade de diferentes variedades de uso, realizar de forma apropiada o proceso de tradución nesta combinación lingüística e defender o seu traballo. Esta materia serve de iniciación á tradución de textos especializados, que se tratarán nas materias de tradución especializada do 4º curso do grao. Dáse por suposto que o alumno posúe bos coñecementos das linguas e culturas de traballo.			

Competencias	
Código	
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE22	Destrezas de tradución
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT14	Motivación pola calidade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
O alumno será capaz de analizar o xénero e rexistro do TO e o encargo de tradución e deseñará unha estratexia de tradución apropiada.	CE17 CE18 CE22 CE27	CT4 CT7 CT22
O alumno detectará problemas de tradución e resolveraos escollendo, de entre as distintas posibilidades, a máis apropiada ao encargo e á estratexia xeral de transvase deseñada.	CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE27	CT4 CT7 CT14 CT22
O alumno coñecerá, será crítico e manexará as fontes documentais para a tradución inglés-español.	CE4 CE8	CT7
O alumnado será capaz de realizar de forma axeitada o proceso de tradución de textos ingleses de xéneros e variedades de uso diferentes e será quén de defender o seu traballo.	CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE27	CT7 CT14

Contidos

Tema	
1.Tradución de textos de carácter xeral en contextos diversos: textos culturalmente marcados e sobre temas diversos.	1.1.Textos correspondentes a (sub)xéneros variados (xornalístico, relatorios, textos de carácter divulgativo, etc.).
2. Introdución á tradución de textos semiespecializados. Proposta de novos encargos de tradución con textos máis especializados e con maior complexidade técnica.	2.1. Textos xurídicos, económicos e administrativos 2.2. Textos científicos e técnicos 2.3. Textos do ámbito empresarial
3. Análise de traducións e control de calidade. Actividades orientadas á análise e avaliación das traducións propias e dos compañeiros e presentación das principais estratexias de tradución adecuadas para cada texto.	3.1. Realización de traballos de tradución individual ou en grupo e posterior análise e estudo das estratexias adoptadas. 3.2. Revisión e crítica de traducións individual e en grupo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	10	0	10
Resolución de problemas	20	76	96
Aprendizaxe colaborativa	14	20	34
Lección maxistral	10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación dos aspectos teóricos máis relevantes para a realización dos encargos de tradución, análise e crítica de traducións. Realización de exercicios de reforzo das estrategias de tradución.
Resolución de problemas	Realización de encargos ou exercicios de aula que o estudantado deberá resolver, de maneira individual ou en grupo, aplicando as estratexias e os procedementos aprendidos.
Aprendizaxe colaborativa	Posta en común do traballo de grupo e posterior debate sobre as estratexias e solucións atopadas en cada caso. Revisión conxunta das diferentes encomendas de tradución e posta en común dos exercicios sobre as principais estratexias de tradución.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudantado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Os docentes estarán a disposición do alumnado, tanto na aula como fóra dela, por medio de titorías personalizadas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Resolución de problemas	A avaliación realizarase por medio de traballos de aula e encargos de tradución que se distribuirán ao longo do cuadrimestre. A distribución é a que segue: 1. Entrega en prazo dos encargos de tradución e participación nas revisións de clase (25%) 2. Un ou varios encargos e/ou probas de tradución. Poderá esixirse que polo menos algún deles se leve a cabo durante horas de aula e con acceso limitado a recursos dispoñibles na internet (50%) 3. Realización en grupo dun encargo de tradución (25%)	100	CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE27	CT4 CT7 CT14 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado pode acollerse ao sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación única. Os dous sistemas de avaliación son mutuamente excluíntes e o alumnado deberá indicar por escrito aos docentes nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre por cal deles opta.

Avaliación continua

O alumnado deberá seguir os requisitos arriba indicados e entregar todos os traballos solicitados durante o cuadrimestre.

Avaliación única

O alumnado que siga o sistema de avaliación continua deberá presentarse na data e a aula marcadas no calendario oficial para ser examinado dos contidos da materia.

O alumnado de avaliación única que non se presente na data da convocatoria oficial será cualificado con Non presentado.

Segunda edición de actas (xuño)

O alumnado que non supere a materia na primeira convocatoria poderá presentarse á segunda. Para iso deberá presentarse na data e a aula marcadas no calendario oficial para ser avaliado dos contidos da materia.

Outros comentarios

PresencialidadeEnténdese que o alumnado que se acolle ao sistema de avaliación continua ten que poder asistir ás clases de forma regular.
Plaxio
A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Corrección LingüísticaA avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.
Teledocencia
É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gonzalo García, C. e García Yebra, V. (eds.), **Manual de documentación y terminología para la traducción especializada.**, Arco, 2004

Gonzalo García, C. & V. García Yebra, **Manual de Documentación para la traducción literaria.**, Arco, 2005

uer Guerrero, M.J., **Técnicas específicas de la traducción periodística, Quaderns 13, 125-139.**, 2006

Hervey, S. et al., **Manual de traducción, Inglés/Castellano.**, Routledge, 2000

Nord, C., **ext Analysis in Translation**, Rodopi, 2005

Venuti, L, **The Translator s Invisibility**, Routledge, 2014

Toury, G., **Descriptive Translation Studies and Beyond.**, Rodopi, 2014

Bibliografía Complementaria

Baker, M., **A Course on Translation.**, Routledge, 2014

Mossop, B., **Revising and Editing for Translators**, St. Jerome, 2014

Mamkjaer, K. & K. Windle (Eds.), **The Oxford Handbook of Translation Studies.**, OUP, 2011

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 2, I: Inglés-Español/V01G230V01410
Tradución idioma 2, II: Inglés-Español/V01G230V01507

Outros comentarios

A planificación poderá modificarse para axustarse á heteroxeneidade do alumnado.
A bibliografía ampliarase no decurso do cuadrimestre e deberá prepararse axeitadamente.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, III: Francés-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, III: Francés-Galego			
Código	V01G230V01611			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Rodríguez, Áurea			
Profesorado	Fernández Rodríguez, Áurea			
Correo-e	aurea@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia ten como obxectivo mellorar as competencias adquiridas na materia Tradución Idioma 2,II: a) Afondar nos procedementos e técnicas da tradución e analizar as dificultades que presenta o texto de partida. b) Perfeccionar as competencias necesarias para traducir textos non especializados e semiespecializados redactados no Idioma II, amosando a capacidade de comprensión do Idioma II e a de expresión na Lingua I. c) Iniciar o alumnado na tradución de textos especializados, que se abordará nas materias de cuarto curso do grao.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE22	Destrezas de tradución
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT12	Traballo en equipo
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio de comprensión do idioma II (francés). Dominar a lingua meta (galego) a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico. SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos.	CB2 CB3 CB4	CE3 CE4 CE13 CE22	CT4 CT8 CT22
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: comprender textos máis complexos e de diferentes tipos redactados na lingua de partida. SUBCOMPETENCIA: mellorar o coñecemento da historia e das culturas das dúas linguas adquirido na materia Trad Idioma 2,II co fin de entender os textos así como de coñecer os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais etc.	CB1 CB2 CB3 CB4	CE3 CE4 CE13	CT7 CT8 CT22
COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto. SUBCOMPETENCIAS: afondar na análise dos textos con criterios científicos e con vistas a recoñecer sen dificultades os diferentes tipos de textos (literarios, publicitarios...) e as súas funcións e características (argumentativos, expositivos, narrativos...).	CB1 CB2 CB4	CE3 CE13	CT12 CT22

COMPETENCIA TRADUTORA: perfeccionar as diferentes competencias adquiridas nas materias de Trad. idioma II,1 e Trad. idioma II,2 precisas para traducir un texto non especializado en lingua francesa. SUBCOMPETENCIAS: afianzar a identificación dos axentes que interveñen no proceso de tradución (autor/a, mediador/a, tradutor/a, cliente/a, lector/a...) e a función comunicativa do texto. Perfeccionar a análise de cada texto e amosar o dominio das características de cada tipo de texto que é preciso traducir. Mellorar o coñecemento das distintas técnicas e estratexias de tradución. Identificar os problemas de tradución e aprender a resolvelos e a argumentar as escollas. Mellorar o traballo con textos paralelos. Perfeccionar o manexo das ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña, etc.). Comprender o papel do tradutor/a como mediador/a intercultural. Perfeccionar o traballo coas normas de revisión e presentación de traducións. Familiarizarse co mercado laboral. Reforzar as habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico (será obrigatorio elaborar e expoñer un traballo en grupo). En suma, o alumnado deberá perfeccionar todas as competencias necesarias para desenvolver calquera tradución dun texto non especializado ou semiespecializado coa responsabilidade esixida a un profesional da tradución.	CB1 CB2 CB3 CB4	CE3 CE4 CE22	CT4 CT7 CT8 CT22

Contidos

Tema	
1. Nocións básicas	1.1 Proceso de tradución 1.2 Fontes de documentación 1.3 Aspectos contrastivos da tradución fr-gl 1.4 Proceso de revisión vs. postedición
2. A tradución de textos semiespecializados/de divulgación	2.1 Textos científicos 2.2 Textos técnicos
3. Introdución á tradución de textos especializados	3.1 Textos xurídicos e administrativos 3.2 Textos económicos
4. A tradución de textos marcados culturalmente	4.1 Textos sobre gastronomía, humorísticos e/ou xornalísticos 4.2 Literatura

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Resolución de problemas	36	70	106
Presentación	6	6	12
Traballo tutelado	4	10	14
Seminario	4	0	4
Práctica de laboratorio	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado de dúas horas, a docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos e os traballos que hai que realizar e comentará tamén a bibliografía e as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación.
Resolución de problemas	Neste apartado de 36 horas, o alumnado deberá elaborar traducións de forma autónoma, baixo a supervisión da profesora. Realizaranse ademais exercicios de análises de texto, exercicios de tradución e exercicios de revisión con textos adaptados ao nivel do alumnado de Idioma II,3 e resolveranse problemas relacionados con eses exercicios.
Presentación	Durante as seis horas dedicadas a este apartado, o alumnado presentará o seu traballo en francés ou galego na clase.
Traballo tutelado	O alumnado elabora traducións na aula baixo directrices e supervisión docente. Estes traballos poden estar vinculados aos traballos discentes fóra de aula.
Seminario	Explicación de tarefas e proxectos e resolución de dúbidas do alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizaranse a plataforma Moovi (https://moovi.uvigo.gal) e o Campus Remoto da Universidade de Vigo.
Seminario	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizaranse a plataforma Moovi (https://moovi.uvigo.gal) e o Campus Remoto da Universidade de Vigo.
Probas	**Descrición**

Práctica de laboratorio	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizaranse a plataforma Moovi (https://moovi.uvigo.gal) e o Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Actividades introdutorias	O alumnado terá que realizar lecturas para preparar os comentarios que xustifiquen as propostas de tradución e revisión e a resolución de problemas. Estas lecturas avaliaranse nas distintas probas que se describen nos seguintes subapartados.	0			
Resolución de problemas	Neste apartado avaliaranse as traducións previamente preparadas fóra da aula e os exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora. Poderán ser exercicios que traten dificultades de tradución, de revisión etc. Terase en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado.	30	CB1 CB2 CB3 CB4	CE3 CE4 CE13 CE22	CT4 CT7 CT8 CT22
Presentación	O alumnado deberá presentar oralmente e por escrito, preferentemente en grupo, un traballo encomendado a principios de curso. Serán traballos de investigación de campo e/ou lecturas para asimilar os contidos teóricos e desenvolver as competencias tradutivas.	20	CB1 CB3 CB4		CT12
Traballo tutelado	Realizarase e entregarase 1 encomenda de tradución comentada. Ademais do texto traducido (10% da cualificación), incluiranse un apartado de fontes documentais consultadas, debidamente citadas e un comentario da tradución (5%).	15	CB1 CB2 CB3	CE3 CE4 CE22	CT4 CT7 CT8 CT22
Práctica de laboratorio	Realizarase 1 exame que consistirá na tradución razoada e xustificada dun texto do francés ao galego. Terá lugar na data de exame oficial da primeira convocatoria de actas (CF. web FFT). Durante a realización da proba pódese consultar documentación en papel e telemática.	35	CB1 CB2 CB3 CB4	CE3 CE4 CE13 CE22	CT4 CT7 CT8 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas etc. O plaxio ou copia parcial ou total dun encargo ou proba suporá un suspenso na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

Poderanse utilizar dicionarios e fontes de documentación en papel e telemáticos en todas as probas.

AVALIACIÓN CONTINUA (1.ª CONVOCATORIA)1. O alumnado deberá informar o profesorado, nas dúas primeiras semanas de clase, da súa decisión de acollerse á avaliación continua ou non. Para seguir esta modalidade recoméndase a asistencia continuada a clase e será obrigatoria a realización e presentación das diferentes actividades e probas.2. Aquelas persoas que, por motivos de traballo ou familiares, non poidan asistir ás clases deben comunicárllelo ao profesorado para que tome as medidas compensatorias que faciliten a conciliación laboral e familiar.3. Non realizar algunha das probas ou a presentación implicará a perda do dereito á avaliación continua e a anulación de todas as cualificacións obtidas anteriormente. Será entón necesario presentarse á convocatoria de avaliación única.4. É necesario obter a cualificación de 5/10 en cada unha das probas, na presentación e na cualificación global para superar a materia.AVALIACIÓN CONTINUA (2.ª CONVOCATORIA)O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso na primeira convocatoria poderá presentarse á segunda oportunidade (xuño-xullo) na data de exame oficial publicada polo Decanato coas seguintes condicións:1. Poderá recuperar a(s) parte(s) que teña pendente(s): preguntas sobre os contidos teóricos, no caso da presentación, e/ou tradución razoada e xustificada, no caso das probas.AVALIACIÓN ÚNICA (1.ª CONVOCATORIA)Consistirá nun exame que constará das seguintes partes:1. Proba presencial con preguntas sobre os contidos teóricos (20%).2. Proba presencial de tradución (40%) con comentario das decisións de tradución (20%).3. Encomenda de tradución: (20%). Só se avaliará esta proba en caso de que se superen (5/10) as dúas probas presenciais. O alumnado realizará a tradución razoada dun texto. Na análise inicial indicarase cal é o tipo de texto, cal é a súa estrutura na cultura de orixe e na cultura de chegada, así como as estratexias de tradución que ese xénero esixe (convencións formais, estrutura do texto, enunciación do emisor, enunciación do receptor etc.). Nun segundo apartado detallaranse as decisións de tradución e, por último, incluirase unha relación exhaustiva e con formato APA das fontes de documentación consultadas para a súa elaboración.AVALIACIÓN ÚNICA (2.ª CONVOCATORIA)O alumnado que se acolla á avaliación única e obteña unha cualificación de suspenso na primeira convocatoria poderá presentarse á segunda oportunidade de xullo na data de exame oficial publicada polo Decanato coas seguintes condicións:1. Poderá recuperar a(s) parte(s) que teña pendente(s): preguntas sobre os contidos teóricos, proba de tradución con comentario e encomenda en caso de que se superasen (5/10) as dúas probas presenciais.En caso de emerxencia sanitaria ou restricións da asistencia activarase a modalidade mixta, de xeito que unha parte do estudantado permanecerá na aula ao tempo que a outra parte seguirá a clase a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo dun modo síncrono. Esta mesma fórmula síncrona será a escollida en caso de que non sexa posible

ningún tipo de presencialidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

GREGORIO CANO, A., **Problemas de traducción, detección y descripción: un estudio longitudinal en la formación de traductores**, 11 (2), 25-49, Revista Digital de Investigación en Docencia Unive, 2017

GUILLOTON, N.: CAJOLET-LAGANIÈRE, H.,, **Le Français au bureau**, Office québécois de la langue française, 2000

LOOCK, R., **La plus-value de la biotraduction face à la machine Le nouveau défi des formations aux métiers de la traduction**, 241, Traduire, 2019

MAOS, **Recursos para o galego (ILG-RAG)**, Maos Cooperativa, 2020

VERDEGAL, J., **Me gusta traducir del francés**, Ed. Septem, 2010

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518
Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés/V01G230V01206
Tradución idioma 2, II: Francés-Galego/V01G230V01508

Outros comentarios

Forma parte do traballo autónomo do alumnado tanto a lectura de libros, diarios, blogs e revistas da actualidade social, científica e económica coma o visionado de películas e series das culturas francesa e galega.
Dadas as características da materia, é necesario que quen decida cursala a través do sistema de avaliación continua se integre e participe desde a data de inicio do cuadrimestre.
Nivel de francés mínimo recomendado para matricularse nesta materia: nivel B2 segundo o Marco Común Europeo de Referencia.

Recoméndaselle ao alumnado que tramite a sinatura dixital (http://www.fnmt.es/ceres) como posible procedemento para acreditar a súa identidade en caso de ter que realizar probas a distancia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, III: Francés-Español				
Materia	Tradución idioma 2, III: Francés-Español			
Código	V01G230V01612			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cruces Colado, María Susana			
Profesorado	Cano Carteret, Nathalie Cruces Colado, María Susana Sotelo Dios, Patricia			
Correo-e	scruces@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia afonda no traballo de tradución de textos do francés ao español. Trabállase nela con textos con certo grao de complexidade tanto desde o punto de vista lingüístico como dos contidos. Esta materia serve de iniciación á tradución de textos especializados, que se abordan nas materias de tradución especializada do grao (4º curso). A materia será impartida sucesivamente polas dúas profesoras.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Ser capaz de documentarse discriminando a información pertinente en relación coa tipoloxía textual, os destinatarios/as da tradución e o rexistro lingüístico. Desenvolver as capacidades de toma de decisións.	CB1 CB2 CB3 CB3 CB4 CB4	CG1 CG2	CE1 CE2 CE3 CE4 CE4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE9 CE14 CE16 CE28	CT1 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT15 CT16 CT17
Ser capaz de elaborar unha tradución que careza de interferencias léxicas e morfosintácticas estilísticamente axustada ás convencións do a lingua/cultura de chegada.	CB1 CB1 CB2 CB2 CB3 CB3 CB4 CB5	CG4 CG6 CG8	CE4 CE8 CE9 CE14 CE14 CE15 CE28	CT1 CT2 CT5 CT5 CT6 CT7 CT8 CT16 CT17

Contidos	
Tema	
1. Introdución. Nocións básicas	1.1 Aspectos contrastivos da tradución fr-es 1.2 Fontes de documentación 1.3 Introdución aos xéneros documentais 1.4 Proceso de tradución
2. A tradución de textos semiespecializados e de divulgación	2.1 Textos científicos 2.2 Textos técnicos 2.3 Textos xurídicos e administrativos 2.4 Textos económicos
3. A tradución de textos marcados culturalmente Os distintos campos de especialidade dos textos que se van á traducir non se abordarán necesariamente no mesmo orde no que aparecen no temario.	3.1 Historia e divulgación 3.2 Literatura 3.3 Ensaio

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	12	24	36
Estudo de casos	8	0	8
Traballo tutelado	30	30	60
Resolución de problemas de forma autónoma	2	40	42
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	2	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado, así como a presentar a materia no referido aos seus obxectivos, contidos, actividades que levarán a cabo e avaliación.
Lección maxistral	Exporanse determinados temas relacionados cos xéneros textuais habituais dos distintos campos de especialidade
Estudo de casos	Estes consistirán na comparación e comentario dunha tradución e o TO publicado, ou na comparación de traducións.
Traballo tutelado	O alumnado elabora traducións na aula baixo as directrices e supervisión docente. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento coas actividades autónomas discentes.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado realizará individualmente encargos de tradución que reproducen situacións reais da actividade profesional. Para iso aplicarán os coñecementos e destrezas adquiridos durante os traballos de aula.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma Moovi
Resolución de problemas de forma autónoma	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma Moovi

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Traballo tutelado	Estes traballos consistirán en traducións realizadas na aula, corrección en aula de traducións previamente preparadas, revisión de traducións publicadas e/ou algúns exercicios relacionados coas sesións maxistrais. A efectos de avaliación terase en conta a participación activa.	10	CB1 CB2 CB3 CB4	CE3 CE8 CE14	CT1 CT2 CT5 CT6 CT7 CT8 CT15 CT16
Resolución de problemas de forma autónoma	Realizarase 1 encargo de tradución, que constará da traducción dun texto en francés ao castelán precedida dunha análise inicial, e no que se incluirá un comentario razoado das decisións de tradución xunto coa relación ordenada alfabeticamente das fontes documentais consultadas. A data do encargo será acordada entre as docentes e o alumnado. En todo caso será na segunda metade do cuadrimestre. É necesario obter a nota mínima de 5 para poder aplicar as porcentaxes dos demais apartados.	40	CB1 CB2 CB3 CB4	CE3 CE8 CE14	CT1 CT2 CT5 CT6 CT7 CT8 CT15 CT16
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizarase 1 exame (30%) que consistirá na tradución dun texto do francés ao español. Para o alumnado de avaliación continua este realizarase o día da última sesión de clases Durante a realización das probas pódese consultar documentación en papel e electrónica. Ademais, ao final do cuadrimestre realizarase un exame de contidos teóricos (20%) que se explicaron durante as clases e aplicado para as traducións, complementados con lecturas. A data acordarase entre docente alumnado.	50	CB1 CB2 CB3 CB4	CE2 CE3 CE4 CE8 CE9 CE14 CE28	CT1 CT2 CT5 CT6 CT7 CT8 CT15 CT16 CT17

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas etc.

O plaxio ou copia parcial ou total dun encargo ou proba suporá a perda do dereito a avaliación continua. Considérase plaxio o uso de programas de tradución automática mesmo cando o texto resultante presente algunhas correccións. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade.

AVALIACIÓN CONTINUA

1- O alumnado deberá informar ao profesorado nas dúas primeiras semanas de clase da súa decisión de acollerse á avaliación continua ou non. Para seguir esta modalidade recoméndase a asistencia continuada a clase e será obrigatoria a entrega de todos os traballos e tarefas.

2- Aquelas persoas que por motivos de traballo ou familiares non poidan asistir ás clases deben comunicárllelo persoalmente ás docentes para que tomen as medidas compensatorias que faciliten a conciliación laboral e familiar.

3- Non realizar a proba ou a encomenda implicará a perda do dereito á avaliación continua e a anulación de todas as cualificacións obtidas anteriormente. Será entón necesario presentarse á convocatoria de avaliación única.

4- É necesario obter a cualificación de 5/10 no apartado "Resolución de problemas de forma autónoma (encomenda)" para superar a materia.

AVALIACIÓN DE XUÑO

O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria

extraordinaria de xuño na data de exame oficial publicada polo decanato coas seguintes condicións:

1_ Terá que recuperar a parte que teña pendente (exame_50% ou encomenda_40%)

2_ ou , en caso de que teña ambas, realizará todas as probas de avaliación única e avaliarase segundo ese sistema

Poderanse usar dicionarios e fontes de documentación electrónicas en todas as probas.

AVALIACIÓN ÚNICA

Consistirá nun exame que constará das seguintes partes:

1_Proba presencial:

- tradución do francés (40%)

- teoría (20%)

2_Encomenda: (40%). Só se avaliará esta proba en caso de que se supere a proba presencial.

O alumnado realizará a tradución razoada dun texto.

Na análise inicial indicarase cal é o tipo de texto, cal é a súa estrutura na cultura de orixe e na cultura de chegada, así como as estratexias de tradución que ese xénero esixe (convencións formais, estrutura do texto, enunciación do emisor, enunciación do receptor, etc.).

Nun segundo apartado detallaranse as decisións de tradución e, por último, incluirase unha relación exhaustiva e con formato APA das fontes de documentación consultadas para a súa elaboración.

Poderanse utilizar dicionarios e fontes de documentación telemáticas en todas as probas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

MARTÍNEZ DE SOUSA, J., **Manual de estilo de la lengua española.**, 1ª ed, Trea, 2000

Bibliografía Complementaria

Proporcionarase unha bibliografía completa ao inicio do cuadrimestre,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma 2, IV: Francés/V01G230V01406

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, III: Francés/V01G230V01306
Tradución idioma 2, I: Francés-Español/V01G230V01412
Tradución idioma 2, II: Francés-Español/V01G230V01509

Outros comentarios

Forma parte do traballo autónomo do alumnado a lectura tanto de libros como de diarios, blogs e revistas da actualidade social, como o visionado de películas e series das culturas francófonas e española.

Dadas as características da materia, é necesario que todos os estudantes -incluídos os estudantes erasmus- que decidan cursala a través do sistema de avaliación continua intégrense e participen na mesma desde a data de inicio do cuadrimestre.
Nivel de francés mínimo recomendado para matricularse nesta materia: nivel B2 segundo o Marco Europeo de Referencia.
Estudantes erasmus nivel de español mínimo recomendado para matricularse nesta materia: nivel C1 segundo o marco europeo de referencia.

Con respecto á avaliación de traballos ou proxectos, se se detecta que estes (ou algunha dos seus partes) son plaxios ou que non son de autoría propia, a cualificación será 0.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, III: Alemán-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, III: Alemán-Galego			
Código	V01G230V01613			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Garrido Rodríguez, Carlos			
Profesorado	Garrido Rodríguez, Carlos			
Correo-e	cgarrido@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	Teoría e práctica da tradución directa na combinación lingüística alemán-galego, focalizada na traslación de textos destinados á socialización do coñecemento técnico-científico.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT12	Traballo en equipo

CT13	Traballo nun contexto internacional
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT20	Lideranza
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Aprofundar o coñecemento das dúas linguas de traballo, alemán (Idioma II) e galego (Lingua A), sobre todo nos níveis lexical, morfosintáctico e textual. Adquirir nocións sobre a comunicación especializada, as súas esferas funcionais e os seus rexistos, e, nomeadamente, sobre os textos destinados á socialización do coñecemento técnico-científico e a súa relevancia para a tradución alemán-galego. Coñecer os aspectos contrastivos e tradutivos que din respecto aos xéneros textuais e ás discordancias interculturais na tradución dos textos destinados á socialización do coñecemento técnico-científico.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG3 CG4	CE3 CE3 CE4 CE8	CT2 CT2 CT5 CT5 CT6 CT7 CT22
Serse capaz de habilitar autónoma e eficazmente, do modo máis natural e económico, o léxico e a morfosintaxe típicos das linguas especializadas (técnico-científicas) en idioma galego, o que demanda o desenvolvemento de destrezas de lectura e exploración de textos especializados redixidos en luso-brasileiro (v. Principio 4.º das NOMIG da RAG-ILG [2003: 12]; Freixeiro Mato, 2009: 139-140; Garrido, 2011).	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5		CE1 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE10 CE12 CE13 CE14 CE17	CT1 CT2 CT3 CT4 CT7 CT15 CT22
Serse capaz de recoñecer no texto-fonte redixido en alemán, e en relación á lingua e á comunidade sociocultural galegas, as estruturas lexicais e morfosintácticas e os trazos textuais e culturais que, no cadro da correspondente tradución instrumental, se revelarán críticos ou problemáticos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5		CE1 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE11 CE12 CE17	CT2 CT12 CT15 CT16
Serse capaz, autónoma e eficazmente, de detectar e analisar problemas tradutivos e de aplicar as pertinentes estratexias tradutivas no cadro da tradución instrumental para galego de textos redixidos en alemán pertencentes aos diversos (sub)xéneros textuais técnico-científicos destinados ao ensino, á divulgación e á instrución práctica vinculada á comercialización de produtos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5		CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE14 CE15 CE17 CE21 CE22	CT1 CT3 CT7 CT12

Serse capaz de utilizar con proveito as diversas fontes de información e ferramentas de traballo de que hoxe dispón o tradutor profisional, tanto as tradicionais como as encadradas nas TIC.	CB1 CB1 CB2 CB2 CB3 CB3 CB4 CB4 CB5 CB5	CG5 CG6 CG9 CG10 CG11	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE5 CE8 CE10 CE14 CE14 CE17 CE17 CE20 CE24 CE28 CE65 CE66	CT1 CT1 CT2 CT2 CT3 CT3 CT4 CT5 CT5 CT6 CT6 CT7 CT7 CT8 CT8 CT9 CT9 CT10 CT10 CT12 CT13 CT13 CT14 CT14 CT15 CT16 CT17 CT17 CT18 CT20 CT20 CT22
Fomentar a curiosidade intelectual e o espírito crítico en relación ao uso das linguas, ben como desenvolver un concepto profisional da actividade tradutiva, conforme o cal o tradutor axe como mediador cultural orientado por principios deontolóxicos e de calidade.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1	CE4 CE4 CE9 CE11 CE14	CT8 CT9 CT12 CT15

Contidos	
Tema	
Fundamentos da tradución entre alemán e galego de textos destinados á socialización do coñecemento técnico-científico	Concepto de socialización do coñecemento técnico-científico e relevancia dos correspondentes (sub)xéneros textuais para a tradución alemán-galego. A linguaxe dos textos destinados á socialización do coñecemento técnico-científico. Habilitación en galego das linguas especializadas técnico-científicas. Identificación, caracterización e clasificación dos (sub)xéneros textuais destinados á socialización do coñecemento técnico-científico. Tipoloxía da tradución: a tradución instrumental e comunicativa. Modificacións substanciais na tradución comunicativa e tratamento tradutivo das discordancias interculturais. Ferramentas de traballo e documentación do tradutor.
Análise contrastiva e tradutiva dos caracteres esenciais dos textos alemáns destinados á socialización do coñecemento técnico-científico	Constitución e tradución das unidades lexicais de especialidade. Sintagmas nominais complexos. Alcance e restritividade da modificación nominal. Verbos modais. Aspectos da cohesión textual.
Análise dos problemas e das estratexias da tradución de textos alemáns destinados á socialización do coñecemento técnico-científico	Características dos (sub)xéneros «(artigo de) enciclopedia», «manual de instrucións de utilización de produto da técnica (de uso xeral)», «bula de medicamento», «artigo de divulgación», «libro de divulgación» e «libro de texto» en alemán e en galego. Problemas e estratexias de tradución.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	10	20	30
Resolución de problemas	8	0	8
Estudo de casos	32	64	96
Traballo tutelado	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Tomada de contacto co alumnado e apresentación da disciplina.
Lección maxistral	Presentación dos temas teóricos do programa.
Resolución de problemas	Análise e resolución colectiva de exercicios que visan desenvolver no alumnado competencia expresiva e destrezas metodolóxicas.
Estudo de casos	Presentación e análise de casos ou situacións máis habituais na práctica profesional mediante a realización de encomendas de tradución individuais.
Traballo tutelado	Realización e exposición pública por parte de equipas integradas por varios alumnos dun traballo consistente na tradución comentada dun folleto de divulgación técnico-científica.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Traballo tutelado	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Estudo de casos	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Resolución de problemas	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).

Avaliación					
Descrición xeral	Iniciarase o alumnado na interpretación da combinación lingüística alemán-español.			

Competencias	
Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE20	Facilidade para as relacións humanas
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CE30	Coñecemento de idiomas
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT16	Adaptación a novas situacións
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe		Competencias	
Estar preparado ou preparada para actuar no ámbito laboral o que significa adquirir a capacidade de realizar unha interpretación nas linguas de traballo, independentemente da técnica utilizada, enlace, consecutiva e simultánea	CB2 CB4	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE12 CE13 CE17 CE21 CE24 CE25 CE28	CT1 CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT16 CT17 CT22 CT23
Poder desenvolverse no ámbito laboral, traballando para *faciliitar a comunicación non só interpretando senón facilitando a comprensión e comunicación nos eventos paralelos	CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE16 CE17 CE18 CE20 CE25 CE30	CT1 CT2 CT4 CT6 CT7 CT8
Informar e propor aos *contratantes as distintas modalidades de traballo no ámbito da interpretación, tendo en conta a situación *socieconómica na que se desenvolverá a prestación	CB4	CE18 CE20 CE21 CE27	CT12 CT14 CT19

Contidos	
Tema	
1. A interpretación alemán-español	Ferramentas e recursos Tipos de interpretación Dificultades específicas da combinación lingüística
2. Aspectos profesionais da interpretación alemán-español	Mercado: tipos de interpretación, contextos, demanda etc. Perfil da/o profesional da interpretación Asociacionismo
3. Discurso oral en alemán	Características do discurso oral Fraseoloxía e conectores Tipos de discurso
4. A interpretación con texto	A tradución á vista (consecutiva)
5. Prácticas de interpretación consecutiva (IC)	Preparación: documentación, elaboración de glosarios etc. Proceso: escoita activa, toma e lectura de notas, produción Produto: contido, expresión e produción

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Prácticas de laboratorio	28	80	108
Resolución de problemas	14	22	36
Práctica de laboratorio	4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encaminadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a asignatura.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa interpretación. Desenvólvense en espacios especiais con equipamento especializado (laboratorio de idiomas).
Resolución de problemas	Actividade na que se realizan exercicios relacionados coa interpretación. A/o estudante debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**

Resolución de problemas	Préstase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto na clase coma fóra da aula, por medio das titorías presenciais ou telemáticas. Deste xeito, a/o estudante poderá estar en contacto directo coa docente para formular as súas dúbidas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Prácticas de laboratorio	Observación sistemática para recompilar datos sobre a participación da/o estudante Participación en elaboración de discursos e entrevistas e na súa corrección Documentación e elaboración de glosarios	40	CB2 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE12 CE13 CE16 CE17 CE18 CE20 CE21 CE24 CE25 CE27 CE28 CE30	CT1 CT2 CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14 CT16 CT17 CT19 CT22 CT23
Práctica de laboratorio	Proba consistente en dúas IC en que se verificarán as competencias adquiridas durante o curso: técnica, expresión, contido e produción.	60	CB2 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE12 CE13 CE16 CE17 CE18 CE20 CE21 CE24 CE25 CE27 CE28 CE30	CT1 CT2 CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14 CT16 CT17 CT19 CT22 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:

Nas tres primeiras semanas de docencia, cada estudante deberá comunicar á docente por medio dunha enquisa en Moovi creada para este efecto se opta polo sistema de avaliación única ou continua. Caso de non comunicar, entenderase que opta pola avaliación única. A opción pola avaliación continua implica a renuncia á avaliación única. Se por causa de forza maior (traballo, enfermidade...) a/o estudante non puidese seguir o sistema de avaliación continua a pesar de escoller opción, poderá acollerse á avaliación única.

A/o estudante que non supere a materia en avaliación continua na primeira convocatoria, acudirá ás convocatorias seguintes en avaliación única e deberá superar un exame (véxase máis abaixo "Avaliación única") con todos os contidos da materia.

Para unha axeitada avaliación e aproveitamento, recoméndase unha asistencia asidua e participativa ás aulas.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade de avaliación continua poderá presentarse ao exame oficial da materia nas datas establecidas pola FFT. Este exame consistirá nunha proba de IC na que se verificarán as competencias adquiridas durante o curso: técnica, expresión, contido e produción.

Observacións xerais:

As entregas (glosarios, prácticas, etc.) deben estar identificadas nominalmente e sempre da mesma forma (apelidos, nome):

aquelas que non o estean non se aceptarán nin se terán en conta.

A revisión dos exames realizarase, salvo impedimento de forza maior, que haberá de acreditarse documentalmente, única e exclusivamente na data sinalada. Non se atenderán, salvo en casos excepcionais e xustificados, requirimentos de revisións por medio de correo electrónico ou análogos.

Considérase que a guía docente da materia ten un carácter orientativo, pois a heteroxenidade dos cursos e, dentro destes, a variedade en coñecementos, habilidades e destrezas aconsella flexibilidade co fin de alcanzar da mellor maneira posible os obxectivos. Así pois, en función das circunstancias, o programa da materia pode sufrir ou experimentar cambios en calquera momento que se comunicarán oportunamente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Baumgart, Thomas; Gerlach, Mona, **Basiswissen für Dolmetscher: Deutschland und Spanien,**, Frank & Timme, 2018

Kellner, Simone, **Basiswissen für Dolmetscher und Übersetzer: Österreich**, Frank & Timme, 2017

Gillies, Andrew, **Consecutive interpreting : a short course**, Routledge, 2019

Bibliografía Complementaria

LEON, M., **Manual de Interpretación y Traducción**, Publicaciones Luna, 2000

SNELL-HORNBY, M., HÖNIG, H.G., KUSSMAUL, P., SCHMITT, P.A., **Handbuch Translation**, Tübingen, Stauffenburg, 1999

Iglesias Fernández, E., **La didáctica de la interpretación de conferencias: Teoría y Práctica**, Comares, 2007

Bosh, Clara, **Técnicas de interpretación consecutiva: la toma de notas**, 2014

Iliescu Gheorghiu, Catalina, **Introducción a la interpretación : la modalidad consecutiva**, 2001

Gillies, Andrew, **Conference interpreting : a student's practice book**, Routledge, 2013

Gile, Daniel, **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, John Benjamins, 2009

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, III: Alemán/V01G230V01307
Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01515
Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01602
Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01906

Outros comentarios

O nivel de alemán requirido para poder levar a cabo o traballo en clase é de B2. As materias anteriores de interpretación recomendadas poden variar segundo a combinación principal.
Así mesmo, recoméndase ler e escoitar textos e audios referentes ou relacionados coa actualidade en Alemaña, Austria e Suíza en alemán, castelán e galego.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación idioma 2: Portugués-Galego				
Materia	Interpretación idioma 2: Portugués-Galego			
Código	V01G230V01915			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación idioma 2: Portugués-Español				
Materia	Interpretación idioma 2: Portugués-Español			
Código	V01G230V01916			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Castelán Portugués			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Profesorado	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Correo-e	xoanmontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é que o estudante perfeccione a súa competencia interpretativa no marco da interpretación simultánea e que desenvolva as técnicas de tradución á vista como actividade profesional e como aprendizaxe da coordinación de esforzos cognitivos. O que se procurará con esta materia é que o alumno sexa capaz ao final da súa carreira formativa de interpretar de forma simultánea un discurso do portugués ao castelán.			

Competencias	
Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE17	Capacidade de tomar decisións
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Profundizar nos conceptos teóricos sobre os principios da interpretación.	CE1 CE2 CE6 CE9 CE13 CE17	CT23
Perfeccionar as técnicas de interpretación simultánea.	CE1 CE9 CE17	CT4 CT7 CT13 CT23
Desenvolver as destrezas de lectura, comprensión, análise e produción oral nas linguas traballadas: Portugués-castelán.	CE1 CE2 CE13	CT7 CT23

Contidos	
Tema	
1.- Marco teórico.	1.1. Particularidades da comunicación oral con relación á escrita. Superación do estrés e nerviosismo. A voz. Os rexistros. 1.2. Modelos e fases de procesamento da información para a interpretación simultánea. 1.3. Especificidades da interpretación na combinación lingüística portugués-español. 1.4. Características do mercado laboral.

2.- Prácticas de interpretación en laboratorio	2.1. Exercicios de análise e síntese de discursos orais. 2.2. Exercicios de memorización. 2.3. Exercicios de reactivación léxica e semántica. 2.4. Exercicios de reformulación. 2.5. Exercicios de aplicación de estratexias comunicativas e interpretativas. 2.5. Exercicios de interpretación simultánea de discursos orais (pt>es).

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	1	2
Lección maxistral	9	13	22
Prácticas de laboratorio	26	52	78
Debate	6	22	28
Estudo de casos	4	14	18
Práctica de laboratorio	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado presentarase a materia e a súa programación. Explicaranse os contidos, a metodoloxía, o funcionamento das cabinas e o sistema de avaliación.
Lección maxistral	Ao fío dos traballos prácticos, trataranse na aula diferentes cuestións relacionadas co desempeño profesional da interpretación, as modalidades da actividade e as técnicas de interpretación máis estendidas nas distintas situación comunicativas.
Prácticas de laboratorio	Trátase do traballo principal que se desenvolve nos laboratorios habilitados para a práctica da interpretación. Realizaranse actividades relacionadas coas principais estratexias para a interpretación simultánea na combinación pt>es, xunto con exercicios prácticos de interpretación simultánea en diferentes áreas temáticas. Para alén dos traballos realizados nas aulas, o docente orientará os estudantes sobre os traballos prácticos de interpretación simultánea que deberán levar a cabo por conta propia. A finalidade é que o alumnado consiga realizar satisfactoriamente unha interpretación simultánea na combinación pt>es.
Debate	O docente e os alumnos sentaranse para discutir, a modo de terapia, as diferentes dificultades que aparezan durante a realización dos exercicios prácticos. O obxectivo é que a posta en común contribúa a resolver os distintos problemas de interpretación que vaian xurdindo ao longo do curso.
Estudo de casos	Coa axuda de materiais audiovisuais e textuais, presentarase e intentará resolverse diferentes dificultades que o intérprete tería que enfrontar durante un traballo de interpretación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Prácticas de laboratorio	As dúbidas puntuais atenderanse nos horarios de titoría.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Prácticas de laboratorio	Terase en conta só para os estudantes que se acolleren á avaliación continua. Valorarase a participación na resolución de problemas derivados da práctica da IS e da tradución á vista.	30	CE1 CE2 CE6 CE9 CE13 CE17	CT4 CT7 CT13 CT23
Práctica de laboratorio	Realización dunha proba de interpretación simultánea pt>es. Para cualificar esta proba valoraranse os seguintes elementos: 1. Técnica: capacidade de escoita activa e análise; toma de decisións a respecto da información principal necesaria (estratexia mínima, principio de simplificación); estruturación (ordenar os bloques coherentemente e uso de nexos); resolución de problemas. 2. Contidos: corrección e adecuación dos contidos. 3. Produción: rexistro, fluidez, prosodia, seguridade, ritmo/compás, articulación. 4. Expresión: corrección lingüística e adecuación léxica.	70	CE1 CE2 CE6 CE9 CE13 CE17	CT4 CT7 CT13 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes serán avaliados a través dunha proba consistente na interpretación simultánea dun discurso na combinación PT>ES.

Os criterios de avaliación serán os descritos no apartado anterior.

ALUMNADO DE AVALIACIÓN CONTINUA:

A proba terá lugar na última semana do calendario lectivo.

A porcentaxe da nota do exame é do 70% para os estudantes que se acolleren a este sistema de avaliación.

Será imprescindíbel obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 na proba de interpretación simultánea para aprobar a materia no seu conxunto, ao que se sumará a puntuación acadada nos outros apartados.

Será necesario aprobar todas as partes da materia para facer a media na avaliación continua.

ALUMNADO DE AVALIACIÓN ÚNICA:

A proba terá lugar no día indicado no calendario de exames aprobado no decanato.

A porcentaxe da nota do exame é do 100% para os estudantes que se acolleren a este sistema de avaliación.

EXAME DE XULLO

O exame da convocatoria extraordinaria de xullo celebrarase o día marcado no calendario oficial. Empregaranse os mesmos criterios de avaliación que se aplican á proba realizada na convocatoria ordinaria. Non se terá en conta o correspondente á avaliación continua e a cualificación de xullo corresponderá unicamente ao resultado do exame realizado nesta convocatoria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

MONTERO DOMÍNGUEZ, X., **Didáctica de la interpretación Portugués-Españo**, DIAZ FOUCES, O. (Ed.) Olhares & Miradas. Reflexiones sobre la traducción portugués-español y su, Comares, 2012

MONTERO DOMÍNGUEZ, X., **Interferencias do galego na interpretación simultánea español-portugués**, Interferencias do galego na interpretación simultánea español-portugués, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2012

VIDAL FIGUEROA, T., **Presuntos falsos amigos entre portugués e galego I**, Viceversa, Revista galega de traducción, 1,, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 1995

VIDAL FIGUEROA, T., **Presuntos falsos amigos entre portugués e galego II**, Viceversa, Revista galega de traducción, 3, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 1997

VIDAL FIGUEROA, T., **Presuntos falsos amigos entre portugués e galego III**, Viceversa, Revista galega de traducción, 6, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 2001

Bibliografía Complementaria

GILE, D., **Regards sur la recherche en interprétation de conférence**, Presses Universitaires de Lille, 1995

CURRAIS ARCAY, J., **Aproximación ao mercado da interpretación de conferencias en Galicia**, ALONSO BACIGALUPE, L. [Ed.] Inserción profesional d@s estudantes de tradución e interpretación, Comares, 2010

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Tradución idioma 2, I: Portugués-Español/V01G230V01416
Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Español/V01G230V01954
Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Portugués-Español/V01G230V01938

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués/V01G230V01108
Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués/V01G230V01208
Idioma 2, III: Portugués/V01G230V01308
Idioma 2, IV: Portugués/V01G230V01408
Tradución idioma 2, I: Portugués-Español/V01G230V01416

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Relacións Internacionais				
Materia	Relacións Internacionais			
Código	V01G230V01917			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Domínguez Castro, Luís			
Profesorado	Domínguez Castro, Luís			
Correo-e	dominguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia é unha das dúas que conforman a materia Cultura e Civilización e ten un claro carácter instrumental na formación do alumnado da titulación. É de carácter optativo e sitúase no cuarto curso do grao. Pretende familiarizar ao alumnado coas teorías e principios das relacións internacionais e, máis concretamente, con aquelas organizacións internacionais que teñen uns servizos de tradución e interpretación potentes.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CT6	Capacidade de xestión da información
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Adquisición de coñecementos sobre xeopolítica e organismos internacionais que permita a correcta comprensión dun texto para traducir ou dun discurso para interpretar	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE8 CE10 CE24 CE25	CT6 CT13 CT17
Adquisición de coñecementos sobre o funcionamento dos protocolos e rexímenes lingüísticos de diferentes organismos internacionales	CB2 CB5	CE2 CE8 CE24 CE25	CT6 CT13 CT17

Contidos	
Tema	
1. Concepto e principais teorías das Relacións Internacionais	- O concepto das Relacións Internacionais a través do tempo. - Teorías das Relacións Internacionais e a súa evolución

2. Os actores internacionais	- O individuo - O Estado e os poderes subestatais. - As organizacións internacionais gobernamentais. - As organizacións internacionais non gobernamentais. - As empresas multinacionais.
3. A Unión Europea: as institucións	- O Consello Europeo: composición, funcionamento e competencias. - O Consello da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias. - A Comisión Europea: composición, funcionamento e competencias. - O Parlamento Europeo: composición, funcionamento e competencias. - O Tribunal de Xustiza Europeo: composición, funcionamento e competencias. - Outras institucións e órganos: composición, funcionamento e comopetencias. - Réxime lingüísto das institucións comunitarias. - Tipoloxía dos distintos documentos emanados das institucións comunitarias.
4. A Unión Europea: as políticas	- A Política Agrícola - As Políticas de Cohesión - A Unión Económica e Monetaria - A Política Exterior e de Seguridade Común - Outras políticas comunitarias - Características da documentación relacionada coas políticas comunitarias, con especial atención ás convocatorias públicas.
5. A Organización das Nacións Unidas	- Propósitos e principios das Nacións Unidas. - Estrutura Orgánica - Os organismos especializados das Nacións Unidas - Réxime lingüístico das Nacións Unidas. - Tipoloxía dos distintos documentos emanados das Nacións Unidas e dos seus organismos especializados.
6. O Consello de Europa e outras organizacións internacionais	- O Consello de Europa: estrutura, funcionamento e atribucións. - Réxime lingüístico do Consello de Europa. - Tipoloxía da documentación emanada do Consello de Europa. - Outras organizacións internacionais gobernamentais. - Outras organizacións internacionais non gobernamentais.
7. Estudio de caso da xeopolítica actual	- Estudio de caso da xeopolítica actual

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	1	2
Lección maxistral	36	58	94
Estudo de casos	8	40	48
Exame de preguntas obxectivas	2	2	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	1	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación do curso e do programa. Creación de grupos de traballo para o estudo de caso que será presentado nesta sesión. Tarefas de xestión e administración da conta do alumno en Moovi.
Lección maxistral	Exposición dos seis primeiros temas que compoñen a materia. As exposicións serán completadas coa indicación dos manuais nos que o alumnado deberá traballar aqueles aspectos non cubertos nas sesións maxistrais.
Estudo de casos	O alumnado, distribuído en grupos de traballo, deberá analizar as implicacións xeopolíticas dun tema de actualidade que será anunciado nas actividades introdutorias, presentando os resultados e sendo avaliado polos mesmos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico, atendendo as distintas necesidades do alumnado en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas.

Estudo de casos	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico, asesorando ao alumnado sobre a realización do estudo encargado.

Probas	**Descrición**
Exame de preguntas obxectivas	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico.
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Estudo de casos	Valoración do estudo de caso entregado e defendido polo grupo de traballo e debate cos seus membros. Entre a entrega e a defensa pública, o grupo recibirá os comentarios oportunos que poidan mellorar o texto. O traballo poderá entregarse en castelán ou en galego, indistintamente. A puntuación será de 0 a 4, nunha escala de 0 a 10, reservarase de 0 a 1 puntos para a defensa pública. O traballo deberá ser subido á plataforma, antes de comezar o receso de Semana Santa.	40	CB1 CE2 CT6 CB3 CE8 CT13 CB4 CE10 CT17 CB5 CE24 CE25
Exame de preguntas obxectivas	Realización de dous cuestionarios sobre os contidos da materia. O primeiro terá lugar na semana ecuador do semestre. O segundo, no último día lectivo da materia. A puntuación será de 0 a 6, nunha escala de 0 a 10. Todas as semanas, agás a primeira e a última, o alumnado disporá de cuestionarios de autoavaliación que lle permitan ir secuencializando a preparación desta proba. Na semana previa aos cuestionarios oficiais, a proba de autoavaliación terá a mesma extensión e estrutura que a da avaliación oficial.	60	CB1 CE2 CT6 CB2 CE8 CT13 CE24 CT17 CE25
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización dunha proba sobre os contidos da materia na semana de maio indicada polo decanato. Esta proba non será obrigatoria xa que está pensada para mellorar a nota obtida no estudo de caso e nos cuestionarios. A súa puntuación será de 0 a 2, nunha escala de 0 a 10.	0-20	CB1 CE2 CT6 CB2 CE8 CT13 CB3 CE10 CT17 CB4 CE24 CB5 CE25

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para ter dereito á avaliación continua e a unha cualificación final, o alumno deberá participar nas actividades previstas na materia e asistir ao 70% das sesións presenciais de clase, agás circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas e admitidas polo docente. Quedará exento desta obriga o alumnado que, conforme ao establecido no artigo 46k da LO 6/2001 e no artigo 7d do RD 1791/2010, acredite documentalmente necesidades de conciliación laboral ou familiar. Dadas as porcentaxes de cualificación asignadas, o alumnado pode obter a máxima cualificación sen necesidade de realizar a proba de resposta curta. Non obstante, poderá mellorar a súa cualificación presentándose á esta.

No caso do alumnado que non se acolla á avaliación continua, deberá subir a Moovi, antes do comezo do receso de Semana Santa, o estudo de caso que se indique ao comezo do curso; nesta modalidade, será feito de maneira individual e suporá o 40% da cualificación (a puntuación será de 0 a 4, nunha escala de 0 a 10). Así mesmo, realizará un exame escrito na data indicada polo calendario oficial do decanato. O exame versará sobre os primeiros seis temas e constará de seis preguntas, unha por cada tema, sendo necesario puntuar en todas elas. O exame suporá o 60% da cualificación (a puntuación será de 0 a 6, nunha escala de 0 a 10). O exame poderá facerse en castelán ou galego indistintamente.

Na convocatoria de xullo o alumnado de avaliación continua deberá dar conta daquelas probas obrigatorias non superadas (traballo e/ou cuestionarios). O alumnado de avaliación única deberá realizar o estudo de caso e/ou o exame escrito, segundo as cualificacións obtidas na primeira edición, na data oficial marcada pola Facultade. Para o caso de ter que facer o estudo de caso, deberá entregalo en Moovi con anterioridade a data oficial marcada pola Facultade para a realización do exame (a puntuación será de 0 a 4, nunha escala de 0 a 10). Para o caso de ter que facer o exame escrito, este versará sobre os primeiros seis temas e constará de seis preguntas, unha por cada tema, sendo necesario puntuar en todas elas (a puntuación será de 0 a 6, nunha escala de 0 a 10). O exame poderá facerse en castelán ou galego indistintamente.

NB.- A acreditación das circunstancias de conciliación laboral e familiar contempladas na lexislación vixente constará de documentación emanada da Seguridade Social que certifique a condición de alta como traballador autónomo ou por conta allea. No caso da conciliación familiar documentación oficial que no alumno ou na alumna concorren as circunstancias que outorgan ese dereito conforme a normativa en vigor.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Barbé, Esther, **Relaciones Internacionales**, Tecnos, 2020
Brown, Ch./Ainley, K., **Compreender as relações internacionais**, Gradiva, 2012
García Picazo, Paloma, **Teoría breve de las relaciones internacionales**, Tecnos, 2017
Mangas Martín, A./Liñan Nogueras, D.J, **Instituciones y derecho de la Unión Europea**, Tecnos, 2020

Bibliografía Complementaria

Canas Mendes, N./Pereira Coutinho, F., **Enciclopédia das relações internacionais**, Dom Quixote, 2014
del Arenal, C./Sanahuja, J.A. (coord.), **Teorías de las relaciones internacionales**, Tecnos, 2015
Díez de Velasco, Manuel, **Las organizaciones internacionales**, Tecnos, 2013
Fernández Navarrete, Donato, **Fundamentos económicos y políticas de la Unión Europea**, Delta Editores, 2014
Neila Hernández, J.L. et al., **Historia de las Relaciones Internacionales**, Alianza Editorial, 2018
Wassenberg, Birte, **Histoire du Conseil de l´Europe (1949-2009)**, Peter Lang, 2012
http://europa.eu/index_es.htm,
http://www.coe.int/,
http://www.un.org/,

Recomendacións

Outros comentarios

Resulta moi conveniente o seguimento diario das principais cabeceiras da prensa internacional.

Aínda que por defecto a docencia será impartida en galega, se houberá alumnado de intercambio faríase en castelán.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01918			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Garrido Rodríguez, Carlos			
Profesorado	Garrido Rodríguez, Carlos			
Correo-e	cgarrido@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	Teoría e práctica da tradución técnico-científica na combinación lingüística inglés-galego (tradución directa e inversa). É obxectivo fundamental da presente cadeira a capacitación do alumno para traducir con fidelidade comunicativa e corrección expresiva textos especializados dos campos da Matemática, das Ciencias Naturais e da Técnica entre inglés e galego, recoñecendo as características básicas dos diferentes xéneros textuais e linguas especializadas.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade

CT15	Aprendizaxe autónoma
CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Serse capaz de discriminar, a partir da análise dos correspondentes caracteres textuais, entre textos técnico-científicos e textos alleos ao campo técnico-científico; serse capaz de adscribir, a partir da análise das súas características, calquera texto técnico-científico redixido en inglés ou en galego a un dado (sub)xénero textual e a un dado tipo textual.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG7 CG10	CE3 CE4 CE9 CE13 CE18 CE19 CE20 CE27 CE33	CT1 CT2 CT2 CT3 CT9 CT22
Serse capaz de habilitar autónoma e eficazmente, do modo máis natural e económico, o léxico e a morfosintaxe típicos das linguas especializadas técnico-científicas en idioma galego, o que demanda o desenvolvemento de destrezas de lectura e exploración de textos especializados redixidos en luso-brasileiro (v. Principio 4.º das NOMIG da RAG-ILG [2003: 12]; Freixeiro Mato, 2009: 139-140; Garrido, 2011).	CB1 CB2 CB2 CB3 CB3 CB4 CB5	CG1	CE1 CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE10 CE11 CE14 CE17 CE18 CE21 CE27 CE32	CT2 CT3 CT7 CT9 CT14 CT15 CT22 CT23
Serse capaz de recoñecer no texto-fonte redixido en inglés, e en relación á lingua e á comunidade sociocultural galegas, as estruturas lexicais e morfosintácticas e os trazos textuais e culturais que, no cadro da correspondente tradución instrumental, se revelarán críticos ou problemáticos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG5	CE2 CE3 CE3 CE4 CE9 CE17	CT1 CT2 CT12 CT15
Serse capaz, autónoma e eficazmente, de detectar e analisar problemas tradutivos e de aplicar as pertinentes estratexias tradutivas no cadro da tradución instrumental (ecuifuncional ou heterofuncional) entre inglés e galego de textos técnico-científicos pertencentes aos xéneros «artigo de enciclopedia», «manual de instrucións de utilización de produto da técnica», «artigo de divulgación» e «artigo de revista especializada».	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5		CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE14 CE17 CE18 CE22 CE26 CE27	CT2 CT3 CT7 CT9 CT10 CT12 CT14 CT15 CT18 CT22 CT23
Serse capaz de utilizar con proveito as diversas fontes de información e ferramentas de traballo de que hoxe dispón o tradutor profisional, tanto as tradicionais como as encadradas nas TIC.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5		CE5 CE8 CE10 CE14 CE22 CE27	CT5 CT6 CT9
Fomentar a curiosidade intelectual e o espírito crítico en relación ao uso das linguas, ben como desenvolver un concepto profisional da actividade tradutiva, conforme o cal o tradutor axe como mediador cultural orientado por principios deontolóxicos e de calidade.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG5	CE3 CE4 CE9 CE21 CE32	CT1 CT8 CT9 CT12 CT14 CT18

Contidos

Tema

Fundamentos da tradución técnico-científica (entre inglés e galego)	Concepto e división da Matemática, das Ciencias Naturais e da Técnica. Lingua xeral e linguas especializadas técnico-científicas. Habilitación en galego das linguas especializadas técnico-científicas. Tipoloxía dos textos técnico-científicos. Tipoloxía da tradución técnico-científica. Modificacións substanciais na tradución comunicativa de textos técnico-científicos e tratamento tradutivo das discordancias interculturais. Ferramentas de traballo e documentación do tradutor.
Tipo textual dos xéneros compilatorios	Características do xénero textual «(artigo de) enciclopedia» en inglés e en galego. Problemas e estratexias de tradución.
Tipo textual dos xéneros didáctico-instrutivos	Características dos xéneros textuais «manual de instrucións de utilización de produto da técnica» e «artigo de divulgación técnico-científica» en inglés e en galego. Problemas e estratexias de tradución.
Tipo textual dos xéneros orientados para o avanzo do coñecemento	Características do xénero textual «artigo de revista especializada» en inglés e en galego. Introdución á tradución técnico-científica inversa galego-inglés.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	10	20	30
Resolución de problemas	2	4	6
Estudo de casos	32	64	96
Traballo tutelado	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Tomada de contacto co alumnado e apresentación da disciplina.
Lección maxistral	Apresentación dos temas teóricos do programa.
Resolución de problemas	Análise e resolución colectiva de exercicios que visan desenvolver no alumnado competencia expresiva e destrezas metodolóxicas.
Estudo de casos	Apresentación e análise de casos ou situacións mais habituais na práctica profisional mediante a realización de encomendas de tradución individuais.
Traballo tutelado	Realización e exposición pública por parte de equipas integradas por varios alumnos dun traballo consistente na tradución comentada dun artigo de divulgación técnico-científica.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e ou da plataforma de teleformación). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Traballo tutelado	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e ou da plataforma de teleformación). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Estudo de casos	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e ou da plataforma de teleformación). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Resolución de problemas	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e ou da plataforma de teleformación). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Estudo de casos	Realización de modo autónomo e individual de dúas encomendas de tradución, as cales visan reproducir as condicións da práctica profisional.	70	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE14 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27 CE33	CT2 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT14 CT18
Traballo tutelado	Elaboración en equipa e exposición pública dun traballo consistente na tradución comentada dun artigo de (alta) divulgación técnico-científica.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE14 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27 CE32 CE33	CT2 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT12 CT14 CT18

Outros comentarios sobre a Avaliación

A presente disciplina pode cursarse, na primeira chamada anual, en rexime de *avaliación continua* (en que se valorizará fundamentalmente a adquisición de competencia tradutiva e a participación regular e activa nas aulas) ou de *avaliación final única* (exame oficial). No entanto, na chamada de xuño/xullo só é posíbel o rexime de avaliación final única (exame oficial).

Na primeira chamada anual, enténdese que un alumno opta polo rexime de avaliación continua (o máis recomendábel nesta disciplina!) cando realiza algunha das actividades da avaliación continua (encomendas de tradución individuais, traballo en equipa). Para superar a avaliación continua, o alumno deberá obter o aprobado na media aritmética ponderada das clasificacións nas dúas encomendas de tradución individuais (cada unha, 35 % da clasificación global) e no traballo en equipa (30 %); non obstante, no caso de a media aritmética das clasificacións nas dúas encomendas de tradución individuais ser inferior a 4,6 pontos, a clasificación global coincidirá con esa media aritmética de dúas clasificacións. Os alumnos que non superaren a avaliación continua mediante as actividades referidas deberán realizar o *exame oficial da chamada de xuño/xullo* (de cuxa parte teórica ficarán eximidos no caso de teren apresentado, no correspondente ano lectivo, un traballo en equipa con clasificación da sección do comentario tradutivo de 5,0 pontos ou superior) ou acollérense aos reximes de avaliación de sucesivas chamadas. (A primeira encomenda de tradución individual será lanzada durante a terceira semana lectiva de novembro, a segunda encomenda de tradución individual será lanzada na primeira semana de decembro e o traballo en equipa será exposto e entregado na segunda semana de xaneiro).

O *exame oficial* da disciplina (chamadas de decembro/xaneiro [data, hora e lugar estabelecidos polo Decanato] e xuño/xullo [data, hora e lugar estabelecidos polo Decanato]) consta dunha *parte práctica* (75 % da clasificación global) e --se o alumno non estiver isento por ter apresentado no mesmo ano traballo en equipa cunha sección de comentario tradutivo satisfactoria (v. *supra*)-- dunha *parte teórica* a redixir en galego (25 % da clasificación global); a parte práctica do exame, para cuxa realización o alumno deberá comparecer provido dun computador portátil con ligazón á internet, consiste en dúas traducións para galego de textos técnico-científicos redixidos en inglés, unha breve e presencial (33 % da clasificación da parte práctica) e outra extensa e non presencial (67 % da clasificación da parte práctica).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AA.VV., **Dicionário de Inglês-Português**, 5.ª ed., Porto Editora / www.infopedia.pt, 2009

TAVARES, Joaquim Farinha dos Santos e Jaime SOTTO-MAYOR, **Dicionário Verbo de Inglês Técnico e Científico**, 2.ª ed., Editorial Verbo, 2007

NAVARRO, Fernando A., **Diccionario crítico de dudas inglés-español de medicina**, 2.ª ed., McGraw Hill/Interamericana, 2005

GARRIDO, Carlos e Carles RIERA, **Manual de Galego Científico. Orientaçons Lingüísticas**, 2.ª ed., Através Editora, 2011

GARRIDO, Carlos, **A Traduçom do Ensino e Divulgaçom da Ciência**, 1.ª ed., Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2016

GARRIDO, Carlos e Carles RIERA, **Capítulo de Garrido e Riera (2011) «Dúvidas e interferências lexicossemânticas»**, 2.ª ed., Através Editora, Santiago de Compostela, 2011

GARRIDO, Carlos, **«Valorizaçom do critério da coerência sistémica para patentear a superior adequaçom da codificaçom reintegracionista no ámbito da estagnaçom e suplência castelhanizante do léxico galego»**, LECTURA OBRIGATORIA, Kallaikia. Revista de Estudos Galegos, 1: 77-100, 2016

FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón, **Lingua de Calidade. Vinte Reflexións e Unha Proposta Esperanzada para un Galego con Futuro**, LECTURA OBRIGATORIA, Edicións Xerais de Galicia, 2009

Bibliografía Complementaria

AA.VV., **Dicionário Visual Verbo. Português, Francês, Inglês**, 1.ª ed., Editorial Verbo, 1995

ANTAS, Luiz Mendes, **Dicionário de Termos Técnicos Inglês-Português**, 6.ª ed., Traço Editora, s/d

FÜRSTENAU, Eugênio, **Novo Dicionário de Termos Técnicos Inglês-Português**, 25.ª ed., Editora Globo, 2001

Comissom Lingüística da Associaçom Galega da Língua, **O Modelo Lexical Galego. Fundamentos da Codificaçom Lexical do Galego-Português da Galiza**, 1.ª ed., Através Editora, 2012

BYRNE, Jody, **Scientific and Technical Translation Explained. A Nuts and Bolts Guide for Beginners**, 1.ª ed., St. Jerome, 2012

GAMERO, Silvia, **La traducción de textos técnicos. Descripción y análisis de textos (alemán-español)**, 1.ª ed., Ariel, 2001

GARRIDO, Carlos, **Aspectos Teóricos e Práticos da Traduçom Científico-Técnica (Inglês-Galego)**, 1.ª ed., Associaçom Galega da Língua, 2001

GÖPFERICH, Susanne, **Textsorten in Naturwissenschaften und Technik. Pragmatische Typologie - Kontrastierung - Translation**, 1.ª ed., Gunter Narr, 1995

MONTALT I RESURRECCIÓ, Vicent, **Manual de traducció cientificotècnica**, 1.ª ed., Eumo Editorial, 2005

SCHMITT, Peter A., **Translation und Technik**, 1.ª ed., Stauffenburg, 1999

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502
Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego/V01G230V01605

Outros comentarios

Recoméndase frecuentar todas as cadeiras da combinación lingüística inglés-galego.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Español				
Materia	Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01919			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Veiga Díaz, María Teresa			
Profesorado	Veiga Díaz, María Teresa			
Correo-e	mveiga@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia concíbese como un espazo didáctico en que o alumnado deberá alcanzar competencia na tradución de textos especializados dos ámbitos científico e técnico do inglés cara ao español e do español cara ao inglés. Enténdese que o alumnado está familizarizado cos principios metodolóxicos básicos da tradución e que posúe un coñecemento excelente das linguas de traballo.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Identificar e comprender as características da linguaxe empregada nos textos científicos e técnicos nas comunidades socioculturais vinculadas pola tradución.	CB3 CB4	CE4 CE8 CE26 CE27	CT6 CT15 CT23

Recoñecer os diferentes tipos de tradución practicados no ámbito profesional nos campos científico e técnico e seleccionalos eficazmente en función dos correspondentes xéneros textuais que, no marco da tradución científico-técnica, se revelarán críticos ou problemáticos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE17 CE22 CE27	CT6 CT15 CT22 CT23
Recoñecer no texto de partida científico ou técnico redactado en inglés ou en español as estruturas léxicas, morfosintácticas, textuais e conceptuais que se revelarán críticas ou problemáticas no marco da tradución científico-técnica.	CB1 CB2 CB3	CE4 CE17 CE22 CE26 CE27	CT6 CT15 CT22 CT23
Detectar e analizar problemas tradutivos autónoma e eficazmente e aplicar as pertinentes estratexias de tradución tanto directa como inversa no marco da tradución científico-técnica.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE5 CE8 CE15 CE17 CE21 CE22 CE26 CE27	CT3 CT5 CT6 CT8 CT12 CT14 CT15 CT16 CT22 CT23
Aplicar un método de traballo eficiente que permita abordar un texto científico ou técnico dunha materia inicialmente pouco coñecida para chegar a traducilo adecuadamente.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE5 CE8 CE15 CE17 CE21 CE27	CT3 CT5 CT6 CT14 CT16 CT22 CT23

Contidos	
Tema	
A COMUNICACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA	Obxectivos e fins. A situación comunicativa: axentes implicados. O texto científico como ferramenta de comunicación. A linguaxe científica como medio de expresión: características e metas. O estilo científico-técnico: características.
A TRADUCIÓN DIRECTA DE TEXTOS CIENTÍFICO-TÉCNICOS: A DOCUMENTACIÓN COMO CLAVE DO ÉXITO	O proceso de busca documental: fases e procedementos. Revisión das características textuais e tradución de textos de distintos xéneros de temas variados.
A TRADUCIÓN INVERSA DE TEXTOS CIENTÍFICO-TÉCNICOS	Contextualización da tradución inversa científico-técnica no mercado da tradución. O artigo científico-técnico especializado: características e tradución.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	2	3
Lección maxistral	4	4	8
Aprendizaxe colaborativa	14	40	54
Resolución de problemas	23	44	67
Aprendizaxe-servizo	0	0	0
Práctica de laboratorio	2	4	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	4	6
Autoavaliación	2	4	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias teñen dous obxectivos: presentar a materia ao alumnado e reunir información sobre o alumnado para avaliar a situación de partida.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Aprendizaxe colaborativa	Realización de actividades que enfrontan os alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.

Resolución de problemas	Actividade en que se formulan exercicios ou encomendas relacionados coa materia. O alumno, de maneira individual ou en grupo, debe resolver adecuadamente a tarefa encomendada aplicando procedementos e estratexias adecuados.Esta metodoloxía inclúe tamén traballo na aula.
Aprendizaxe-servizo	Actividades en que o alumnado colabora cunha entidade social para traducir materiais e adaptalos a distintos destinatarios co fin de axudarlle obxectivos de desenvolvemento sostible, relacionados coa saúde e benestar, a redución das desigualdades e a xeración de alianzas. O alumnado que participe nesta metodoloxía dependerá do tamaño do grupo. En caso de ser un grupo pequeno, todo o alumnado participará desta metodoloxía. No caso contrario, todos colaborarán para a consecución dos proxectos. A avaliación do alumnado que siga esta metodoloxía asimilarase ao especificado nas metodoloxías de aprendizaxe colaborativa e resolución de problemas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nas titorías. No caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.
Lección maxistral	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nas titorías. No caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.
Aprendizaxe colaborativa	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nas titorías. No caso dos proxecctos poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma de teledocencia. No caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.
Resolución de problemas	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nas titorías. No caso dos problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma de teledocencia. En caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.
Aprendizaxe-servizo	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nas titorías. No caso dos problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma de teledocencia. En caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias servirán para facer unha avaliación inicial do alumnado que axudará a determinar cal é a situación de partida na materia en canto á competencia tradutora dos estudantes, a súa actitude cara á materia e os seus coñecementos previos.	0	CB1 CE4 CT14 CB2 CE5 CT16 CB3 CE8 CT22 CB4 CE17 CT23 CE22 CE27
Aprendizaxe colaborativa	Durante as últimas 4 semanas do curso, correspondentes ao tema 3, os estudantes desenvolverán un proxecto de tradución inversa en grupo. O desenvolvemento do proxecto explicarase de maneira detallada na primeira sesión dedicada ao tema 3. Data de entrega: 16/12/22. Lugar de entrega: exercicio creado no sitio da materia na plataforma de teledocencia. No caso do alumnado que participe nas actividades da modalidade de Aprendizaxe-servizo, este proxecto desenvolverase no marco do proxecto de ApS.	30	CB1 CE4 CT3 CB2 CE5 CT8 CB3 CE8 CT12 CB4 CE15 CT14 CB5 CE17 CT16 CE21 CT22 CE22 CE27
Resolución de problemas	Os estudantes deben subir á plataforma de teledocencia dentro do prazo establecido para cada unha delas todas as tarefas que se lles encomenden, sexan exercicios, traballos, proxectos, traducións ou revisións de traducións (individuais ou grupais). A profesora fará un seguimento dos cartafoles persoais do alumnado e corrixirá e puntuará dúas das tarefas propostas (as mesmas para todo o alumnado do curso). A cada tarefa corresponderalle un 20%. No caso do alumnado que participe nas actividades da modalidade de Aprendizaxe-servizo, as tarefas puntuadas serán tarefas desenvolvidas no marco do proxecto de ApS.	40	CB1 CE4 CT5 CB2 CE5 CT6 CB3 CE8 CT14 CB4 CE15 CT15 CB5 CE17 CT16 CE21 CT22 CE22 CT23 CE27

Práctica de laboratorio	Na segunda sesión da semana do 24 ao 28 de novembro de 2022 os estudantes desenvolverán unha proba práctica que consistirá na tradución, do inglés ao español, dun texto breve (sobre 250 palabras). Para o desenvolvemento desta proba non se permite o uso de apuntamentos nin de medios telemáticos. Se houbera algún cambio con respecto a esta data, anunciarase con suficiente antelación a todos os estudantes matriculados na materia a través da plataforma de teledocencia.	20	CB2	CE4 CE5 CE17 CE22	CT15 CT22
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao remate do tema 1, os estudantes desenvolverán una proba teórica de resposta curta en que demostrarán que adquiriron os coñecementos mínimos establecidos (detallados no apartado "Outros comentarios e segunda convocatoria"). Dun total de oito preguntas, deben responder axeitadamente sete. De non superaren esta proba, poderán recuperala ao longo do curso. É obrigatorio aprobar a proba teórica para aprobar a materia. Para o desenvolvemento desta proba non se permite o uso de apuntamentos nin de medios telemáticos. Data de celebración da proba: segunda sesión da semana do 17 ao 21 de outubro de 2022, en horario de clase. Se houbera algún cambio con respecto a esta data, comunicarase con suficiente antelación a todos os estudantes matriculados a través da plataforma de teledocencia.	10	CB1 CB2 CB3 CB4	CE4 CE26 CE27	CT15 CT22
Autoavaliación	Ao longo do curso, o alumnado irá desenvolvendo actividades de autoavaliación, que lle permitirán determinar o seu progreso e detectar posibles necesidades de aprendizaxe.	0	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE5 CE8 CE15 CE17 CE21 CE22 CE26 CE27	CT3 CT5 CT6 CT8 CT12 CT14 CT15 CT16 CT22 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

O sistema de avaliación seguido nesta materia respecta o establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo no relativo aos dereitos e deberes do alumnado. Xa que logo, o alumnado ten dereito a ser avaliado dúas veces por curso académico, segundo o procedemento que se especifica nesta guía docente. O alumnado que se encontre en situacións excepcionais que poidan ser documentadas, como as de embarazo, enfermidade ou lesión, ou que compaxine a vida universitaria coa actividade laboral, ten dereito a recibir unha consideración especial, polo que estas situacións deberán ser notificadas na primeira semana do curso ou no momento en se produzan para que a docente poida adoptar as medidas oportunas.

As metodoloxías descritas no cadro anterior e as porcentaxes asignadas a cada unha delas aplícanse á primeira oportunidade de avaliación no rexime de avaliación continua. As metodoloxías e porcentaxes correspondentes á avaliación única e á segunda oportunidade de avaliación son as especificadas máis adiante neste mesmo apartado. A metodoloxía de aprendizaxe-servizo só se aplicará ao alumnado de avaliación continua.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais, os requisitos de avaliación e as novidades a través da plataforma MooVi e estar ao tanto das datas nas que as probas da avaliación teñen lugar.

PRIMEIRA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN (DECEMBRO):

O sistema de avaliación aplicado na primeira oportunidade de avaliación correspóndese co sistema de avaliación continua. A aceptación da avaliación continua implicará a aceptación das condicións que se indican a continuación e a renuncia á avaliación única. O sistema de avaliación continua non esixe asistencia ás clases, o que permite que todos os estudantes matriculados teñan as mesmas condicións na primeira oportunidade de avaliación.

Esixencias do sistema de avaliación continua:

- Deixar constancia por escrito a través de MooVi da vontade de acollerse á modalidade de avaliación continua na primeira semana do curso.

- Entregar dentro do prazo establecido o 80% das tarefas encomendadas ao longo do curso,incluídas aquelas que non teñen peso na cualificación final. Dentro dese 80% inclúense **obrigatoriamente** as seguintes:

a) Encomenda individual de tradución directa.

b) Proba teórica de resposta curta sobre os contidos mínimos esixidos*.

c) Proba práctica de tradución directa.

d) Encomenda grupal de tradución inversa.

Para o desenvolvemento das probas teórica e práctica non se permite o uso de apuntamentos nin de medios telemáticos.

Criterios de avaliación empregados no sistema de avaliación continua:

Os criterios de avaliación aplicados a cada traballo ou proba explicaranse nas clases e publicaranse na plataforma docente para que todo o alumnado matriculado na materia poida acceder a eles.

De maneira xeral, en calquera das probas, traballos ou exercicios, obterán a cualificación de suspenso (0) aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía (aplicable ao castelán).

- Incurran en plaxio total ou parcialmente. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

- Incumpran as instrucións proporcionadas para a realización e entrega do exercicio ou proba.

- Cometan un contrasentido (aplicable ás traducións).

EXCEPCIONALMENTE, PODERÁ ACORDARSE COS ESTUDANTES QUE NON SUPERASEN UNHA PARTE CONCRETA DA MATERIA O MECANISMO OPORTUNO PARA RECUPERAR ESA PARTE NA SEGUNDA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN.

Que ocorre se non quero acollerme ao sistema de avaliación continua?

O estudantado que **deixase constancia por escrito a través de MooVi durante a primeira semana do curso da súa vontade de non acollerse ao sistema de avaliación continua**, perderá o dereito á avaliación continua e formativa, mais terá dereito a realizar un exame na data oficial fixada polo Decanato, que constará das seguintes probas (indícase o peso de cada proba dentro do exame entre parénteses):

1. Proba teórica sobre os contidos mínimos esixidos*. (10%) Será obrigatorio aprobar esta proba para aprobar a materia. Para aprobar esta parte do exame será obrigatorio responder correctamente 7 preguntas de 8.

2. Proba práctica de tradución dun texto breve (de arredor de 250 palabras) do inglés cara ao español (60%)

3. Proba práctica de tradución dun texto breve (de arredor de 250 palabras) do español cara ao inglés (30%).

Para desenvolver este exame non se permite o uso de apuntamentos nin medios telemáticos. Neste exame obterán acualificación de suspenso aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía (aplicable ao castelán).

- Cometan un contrasentido (aplicable ás traducións).

- Incurran en plaxio total ou parcialmente. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

SEGUNDA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN (XULLO):

PARA SUPERAR A MATERIA NA SEGUNDA CONVOCATORIA, O ESTUDANTADO DEBERÁ APROBAR UN EXAME, QUE SE CELEBRARÁ NA DATA OFICIAL PREVISTA POLO DECANATO DO CENTRO E QUE CONSTARÁ DAS SEGUINTES PROBAS (indícase o peso de cada proba dentro do exame entre parénteses):

1. Proba teórica sobre os contidos mínimos esixidos*. (10%) Será obrigatorio aprobar esta proba para aprobar a materia. Para aprobar esta parte do exame será obrigatorio responder correctamente 7 preguntas de 8.

2. Proba práctica de tradución dun texto breve (de arredor de 250 palabras) do inglés cara ao español (60%).

3. Proba práctica de tradución dun texto breve (de arredor de 250 palabras) do español cara ao inglés (30%).

Para desenvolver o exame de segunda convocatoria non se permite o uso de apuntamentos nin medios telemáticos.

En calquera das probas obterán a cualificación de suspenso aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía (aplicable ao castelán).

- Cometan un contrasentido (aplicable ás traducións).

- Incurran en plaxio total ou parcialmente.

PARA SUPERAR A MATERIA SERÁ NECESARIO OBTER, COMO MÍNIMO, A CUALIFICACIÓN DE APROBADO TANTO NA PARTE TEÓRICA COMO NA PARTE PRÁCTICA, SEXA CAL FOR A CONVOCATORIA E O SISTEMA DE AVALIACIÓN ELIXIDO.

En calquera das convocatorias e probas, o estudantado tén dereito, se o solicita, a un xustificante documental que acredite terse presentado á proba ou exame. Aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data.

*CONTIDOS TEÓRICOS MÍNIMOS ESIXIDOS:

1. A comunicación científica: obxectivos, fins e axentes.

2. Diferenzas entretextos científicos e textos técnicos.

3. O texto científico como ferramenta de comunicación.

4. Metas da linguaxe científica.

5. Elementos e características do estilo científico-técnico.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AA.WW., **Scientific Style and Format. The CBE Manual for Authors, Editors and Publishers.**, 7ª, CUP, 2014

ALLEY, M., **The Craft of Scientific Writing.**, Srpinger, 1996

BYRNE, J, **Scientific and Technical Translation Explained.**, St. Jerome, 2012

GONZALO, C. e V. GARCÍA, eds., **Documentación,Terminología y Traducción**, Síntesis, 2000

MARKEL, M, **Technical Communication.**, 10ª, Palgrave MacMillan, 2012

MOSSOP, B., **Revising and Editing for Translators**, St. Jerome, 2014

RICO-VILLADEMOROS, F. e HERNANDO, T., **"La introducción de un artículo científico original: el minusválido corazón del estudio", en Panacea, 12(33): 108-111.**, 2011

Bibliografía Complementaria

AA.WW., **he Chicago Manual of Style. The Essential Guide for Writers, Editors, and Publishers**, 16ª, University of Chicago Press, 2010

ALCINA, A. e S. GAMERO, eds., **La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información.**, Servei de Publicacions de la Universitat Jaume I, 2002

ALLEY, M., **The Craft of Editing: a Guidefor Managers, Scientists and Engineers.**, Springer, 2000

CABRÉ, M. T., **La terminología: representación y comunicación**, InstitutUniversitari de Lingüística Aplicada, 1999

CABRÉ, T. e FELIU, J. (eds.)., **La terminología científico-técnica: reconocimiento,análisis y extracción de información formal y semántica (DGES PB96-0293)**, Universitat PompeuFabra., 2001

COSTA, J.M., **Diccionario de química física**, Díaz de Santos, 2005

GAMERO, S., **La tradución de textos técnicos. Descripcióny análisis de textos (alemán-español).**, Ariel, 2001

GARRIDO, C., **Aspectos Teóricos e Práticos da Traduçom Científico-Técnica (Inglês > Galego).**, Associaçom Galega da Língua., 2001

HERMAN, M., **"Technical Translation Style: Clarity, Concision, Correctness", in WRIGHT, S.E & WRIGHT, L.D. (eds.). Scientific and Technical Translation.**, Benjamins, 1993

NAVARRO, F. A., **Diccionario crítico de dudas inglés-español de medicina**, 2ª, McGraw-Hill/Interamericana, 2005

PINTO, M. e J.A. CORDÓN, **Técnicas documentales aplicadas a la traducción.**, Síntesis, 1999

DE LA RIVA FORT, J.A., **"Cuatro herramientas para cuatro actividades profesionales. Recursos de Microsoft Word para la redacción, traducción, corrección y revisión de documentos especializados", en Panace@, 12(33): 88-97.**, 2011

ROSENBERG, B.J., **Technical Writing for Engineers and Scientists.**, Addison-Wesley, 2005

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302
Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Outros comentarios

- A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

- Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

- É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Galego				
Materia	Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01920			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Español				
Materia	Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Español			
Código	V01G230V01921			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo			
Correo-e	valquente@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	A materia está orientada a un alumnado familiarizado coas estratexias básicas de tradución e que domina as linguas de traballo. Concíbese como un espazo didáctico no que o alumnado deberá desenvolver as competencias precisas para traducir cun grao significativo de autonomía textos dos ámbitos científicos e técnicos. A direccionalidade do traballo de tradución será directa (fr>es) e inversa (es>fr).			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE22	Destrezas de tradución
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT18	Creatividade

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Adquirir coñecementos sobre as características fundamentais dos xéneros textuais máis relevantes do ámbito científico-técnico.	CB1	CE4 CE26	
Adquirir coñecementos sobre a terminoloxía e a morfosintaxe propias do discurso científico-técnico.	CB1 CB2	CE4 CE5	CT15 CT16

Desenvolver a capacidade de anticipar e recoñecer no texto de partida aqueles termos,estruturas, trazos textuais ou culturais que se revelarán problemáticos á hora de realizar a tradución.	CB2 CB3	CE8 CE17 CE22 CE27	CT4 CT6 CT7 CT9 CT15 CT16 CT18
Fomentar a capacidade de detectar, analizar e resolver dificultades traductolóxicas e aplicar as estratexias precisas no marco da tradución de textos científico-técnicos.	CB4 CB5	CE5 CE8 CE17 CE22 CE23	CT4 CT6 CT7 CT9 CT15 CT16 CT18
Coñecer os recursos terminolóxicos e documentais máis utilizados no ámbito da tradución científico-técnica para solucionar as dificultades atopadas durante o proceso tradutivo.	CB2 CB5	CE4 CE5 CE8 CE23	CT6 CT15

Contidos	
Tema	
1. Difusión da ciencia e da técnica	1.1. Ciencia e técnica 1.2. Situación comunicativa e axentes implicados 1.3. Cultura conceptual e material
2. Tradución	2.1. Familiarización co campo temático e anticipación ás dificultades 2.2. Equivalencias no campo da tradución científico-técnica 2.3. Análise textual 2.3. Tradución directa e inversa 2.4. Revisión e corrección 2.5. Xestión de proxectos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	8	24	32
Estudo de casos	12	30	42
Resolución de problemas e/ou exercicios	26	48	74
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da dinámica de clase, das ferramentas, do sistema de avaliación e dos obxectivos didácticos e profesionais da materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do equipo docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto.
Estudo de casos	Os estudos de casos concirnen proxectos de tradución ós que se acceden a través dun coñecemento empírico dos conceptos e dos obxectos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Estudo de casos	O equipo docente estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Lección maxistral	O equipo docente estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Probas	**Descrición**
Resolución de problemas e/ou exercicios	O equipo docente estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.

Avaliación		
Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Estudo de casos	Os casos estudados serán traducións preparadas con anterioridade, que se analizarán e se corrixirán nunha titoría en grupo.	30	CB1 CB2 CB4 CB5	CE4 CE5 CE17 CE22 CE26 CE27	CT4 CT6 CT9 CT15 CT18
Resolución de problemas e/ou exercicios	Empregaranse ferramentas de asistencia á tradución para responder a 3 encargas de tradución, que se traballarán individualmente dende a casa. Polo menos unha das encargas consistirá en posteditar.	70	CB1 CB3	CE4 CE8 CE23	CT4 CT7 CT16

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado pode acollerse ó sistema de avaliación continua ou ó sistema de avaliación única. Os dous sistemas de avaliación son mutuamente excluíntes e o alumnado deberá indicar por escrito ó equipo docente nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre por cal deles opta.

Avaliación continua

Segunda edición de actas

O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso poderá presentarse á materia na segunda convocatoria, na data establecida polo calendario oficial de exames da Facultade. O alumnado que superase as probas correspondentes á actividade impartida por un/ha dos/as docentes da materia conservará a correspondente nota ata a convocatoria da segunda edición de actas, e polo tanto só se terá que presentar á parte suspensa.

Avaliación única

Primeira edición de actas

O alumnado deberá presentarse na aula na data oficial de exame. Nesa ocasión, o alumnado que se presente recibirá as encomendas, que poden ser de tradución directa e inversa, e que terá que realizar nunhas condicións e prazo determinados. O equipo docente comunicaralle ó alumnado as instrucións sobre a realización das encomendas e o seu prazo de entrega.

O alumnado de avaliación única que non se presente o día da convocatoria oficial será cualificado con Non presentado. O alumnado de avaliación única que por razóns xustificadas non poida presentarse no día do exame poderá comunicarlle ó equipo docente a súa intención de presentarse, para buscar as alternativas correspondentes.

Segunda edición de actas

O alumnado deberá presentarse na aula na data oficial de exame fixada pola FFT. Nesa ocasión, o alumnado que se presente recibirá as encomendas, que poden ser de tradución directa e inversa, que terá que realizar nun prazo determinado. O equipo docente comunicaralle ó alumnado as instrucións sobre a realización das encomendas e o seu prazo de entrega.

O alumnado que non se presente o día da convocatoria oficial será cualificado con Non presentado. O alumnado que por razóns xustificadas non poida presentarse no día do exame poderá comunicarlle á docente a súa intención de presentarse para buscar as alternativas correspondentes.

Outros comentarios

Presencialidade

Enténdese que o alumnado que se acolle ó sistema de avaliación continua ten que poder asistir ás clases de forma regular. O alumnado deberá, en todo caso, entregar os traballos requiridos na forma e prazo indicados polo equipo docente.

O alumnado que desexe cursar a materia en réxime de avaliación continua pero por razóns xustificadas non poida asistir ás clases presenciais deberá comunicarlle estas circunstancias ó equipo docente, para buscar as alternativas correspondentes.

Plaxio

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Corrección lingüística

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Teledocencia

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia e de estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Maillot, J., **La traducción científica y técnica**, Gredos, 1997

Montalt i Resurrecció, V., **Manual de traducció cientificotècnica**, Eumo Editorial/Universitat Autònoma de Barcel, 2005

Vivanco Cervero, V., **El español de la ciencia y la tecnología**, Arco/Libros, 2006

Bibliografía Complementaria

Alcina Caudet, A. e S. Gamero Pérez (eds.), **La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información**, Servei de Publicacions de la Universita, 2002

Cabré, T. e Feliu, J. (eds.), **La terminología científico-técnica: reconocimiento, análisis y extracción de información formal y semántica**, Institut Universitari de Lingüística Ap, 2001

De l´Homme, M.-C., **La terminologie : principes et tecnhiques**, Les Presses de l´Université de Montréal, 2004

Gamero Pérez, S., **La traducción de textos técnicos**, Ariel, 2001

Gutiérrez Rodilla, B., **La ciencia empieza en la palabra. Análisis e historia del lenguaje científico**, Península, 1998

Gutiérrez Rodilla, B., **El lenguaje de las ciencias**, Gredos, 2005

Gonzalo, C. y V. García (eds.), **Documentación, Terminología y Traducción**, Síntesis, 2002

Kocourek, R., **La langue française de la technique et de la science**, Oscar Brandstetter Verlag, 1991

Muñoz Torres, C.A., **Hacia una tipología de géneros médicos inglés-español. En Bach, C. & Martí, J. (Eds.), Actas I Jornada Internacional sobre la Investigación en Terminología y Conocimiento Especializado**, Universidad Pompeu Fabra, 2001

Gonzalo, C. e V. García, eds., **Documentación,Terminología y Traducción**, Síntesis, 2000

García Negroni, María, **Subjetividad y discurso científico-académico. Acerca de algunas manifestaciones de la subjetividad en el artículo de investigación en español**, 2008

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302
Tradución idioma 1, III: Francés-Español/V01G230V01608
Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

Outros comentarios

Requírese un nivel de francés C1.
A bibliografía indicada ampliarase no decurso do cuadrimestre e será preparada axeitadamente.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01922			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	López González, Rebeca Cristina			
Profesorado	López González, Rebeca Cristina			
Correo-e	rebecalopez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo primordial desta materia é un achegamento tanto á actividade da tradución audiovisual en si mesma como a todos os aspectos que a rodean e que van influír no traballo do profesional da tradución. Isto será imprescindible para que os futuros tradutores e tradutoras adquiran unha base sólida sobre a que comezar a traballar e para que coñezan polo miúdo e tomen conciencia do factor colectivo desta actividade, primeiro paso para enfrontarse a unha encomenda de tradución audiovisual. Trátase dunha introdución ao campo e á combinación na que se dará unha visión panorámica das principais modalidades e se exporán con maior detimento 2: subtitulación e dobraxe.			

Competencias	
Código	
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (inglés e galego) a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	CE2 CE3 CE4	CT1 CT2 CT15 CT17 CT22
Ter un coñecemento profundo da cultura das dúas linguas de traballo, que repercutirá nunha comprensión óptima dos textos audiovisuais orixinais, factor clave para a realización dunha tradución de calidade.	CE2 CE8 CE28	CT6 CT15 CT17
Analizar correctamente todos os aspectos relativos a cada encargo de tradución audiovisual concreto, para deseñar unha estratexia xeral de traballo apropiada e produtiva.	CE8 CE9 CE17	CT6 CT7 CT12 CT15 CT16 CT22

Analizar o texto orixinal para detectar problemas de tradución ou problemas derivados da modalidade de tradución audiovisual concreta coa que se estea a traballar. Aprender a resolver eses problemas escollendo a solución máis apropiada entre varias e sabendo xustificar a escolla.	CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE28	CT1 CT2 CT6 CT7 CT16 CT17 CT22
Aplicar os coñecementos de informática para aprender a manexar todas as ferramentas que se requiren para certas modalidades de tradución audiovisual.	CE14	CT5

Contidos	
Tema	
1. Introdución á tradución audiovisual (TAV)	1.1. Os medios audiovisuais 1.2. O texto audiovisual. Características e particularidades 1.3. A tradución audiovisual (TAV). Definición e modalidades 1.3.1. Características diferenciais da TAV 1.3.2. Modalidades principais de TAV. Características e particularidades - Dobraxe - Subtitulación
2. A dobraxe	2.1. Historia: evolución da dobraxe en España 2.2. Etapas do proceso de dobraxe 2.3. Tipos de encargos 2.4. Convencións de dobraxe 2.5. Principais problemas de dobraxe: xerais (tradución de neoloxismos, do humor, etc.) e específicos dos códigos de significación audiovisuais (subordinación da palabra á imaxe, "canned laughter" e oralidade prefabricada) 2.6. Análise crítica de estudos de caso
3. A subtitulación	3.1. Historia: evolución da subtitulación en España 3.2. Etapas do proceso de subtitulación 3.3. A práctica subtituladora: software, condicións laborais, convencións, o discurso subtitulador 3.4. Principais problemas de subtitulación: xerais (referentes culturais e intertextuales, xogos de palabras, etc.) e específicos dos códigos de significación audiovisual (limitacións de espazo, "canned laughter", subordinación da palabra á imaxe, caracter "vulnerable" e oralidade prefabricada) 3.5. Análise crítica de estudos de caso

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	24	36
Resolución de problemas de forma autónoma	0	48	48
Aprendizaxe baseado en proxectos	0	30	30
Resolución de problemas	33	0	33
Exame de preguntas obxectivas	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos recollidos no apartado correspondente desta guía. Malia tratarse de sesións maxistrais, cómpre a participación activa do alumnado (resolución de dúbidas, debates abertos, etc.).
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de exercicios prácticos de tradución audiovisual, que se expoñerán e corrixirán nas correspondentes sesións prácticas presenciais.

Aprendizaxe baseado en proxectos	Preparación de dúas encomendas, unha por cada modalidade básica (dobraxe e subtitulación). Poden facerse de xeito individual ou colectivo, previa consulta coa profesora. Adoptarán as seguintes formas: - SUBTITULACIÓN: Realización de 40 subtítulos e xustificación (se o alumno/a o considera pertinente) das decisións de tradución. - DOBRAXE: Análise crítica dunha tradución para dobraxe xa existente (15-20 minutos mínimo ou o que o alumno/a estime oportuno para dar conta de problemas/solucións de tradución tomadas). O alumnado deberá demostrar que adquiriu as técnicas necesarias para levar a cabo con éxito unha tradución audiovisual, sexa para dobraxe ou para subtitulación e que dispón das ferramentas analíticas mínimas para facer unha análise crítica ou para explicar as súas decisións de tradución.
Resolución de problemas	Sesións prácticas que se desenvolverán a modo de obradoiros de comentario e tradución en equipo a partir das propostas individuais (previamente preparadas) de cada alumno ou alumna. O alumnado deberá demostrar que conta cunhas destrezas básicas á hora de acometer unha tradución audiovisual e, así mesmo, que interiorizou os conceptos básicos expostos nas sesións teóricas. Estas sesións terán lugar na aula habitual e na biblioteca cando o traballo en equipo e a consulta de material bibliográfico (revistas especializadas) así o requira. Neste caso, estarán titorizados en tempo real desde Moovi pola profesora.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou en liña) para solucionar dúbidas. Para as titorías a través de campus remoto cómpre pedir cita previa.
Resolución de problemas	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou en liña) para solucionar dúbidas. Para as titorías a través de campus remoto cómpre pedir cita previa.
Resolución de problemas de forma autónoma	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou en liña) para solucionar dúbidas. Para as titorías a través de campus remoto cómpre pedir cita previa.
Aprendizaxe baseado en proxectos	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou en liña) para solucionar dúbidas. Para as titorías a través de campus remoto cómpre pedir cita previa.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Aprendizaxe baseado en proxectos	Dúas encomendas de tradución (vid. metodoloxía docente), unha de subtitulación e outra de dobraxe. As datas de entrega fixaranse na clase e publicaranse en Moovi, atendendo o calendario e procurando unha distribución racional da carga de traballo.	60	CE2 CE3 CE4 CE8 CE9 CE14 CE17	CT1 CT5 CT6 CT7 CT12 CT22
Resolución de problemas	Encomendas de dobraxe e subtitulación, problemas de dobraxe e subtitulación, lecturas, etc. que serán entregadas a través de Moovi.	20	CE2 CE3 CE4 CE8 CE9 CE14 CE17	CT1 CT5 CT6 CT7 CT22
Exame de preguntas obxectivas	Proba de resposta curta ou tipo test dos contidos teóricos da materia. Constará dunha parte teórica pura (non se poderá usar ningún material) e dunha parte teórico-práctica (estudos de caso de dobraxe ou subtitulación); para esta última parte o alumnado poderá empregar todo tipo de material e ordenador. Entregaráselle despois de que o estudante entregue a parte teórica.	20		

Outros comentarios sobre a Avaliación

****PODERANSE DESCONTAR ATA 2 PUNTOS POR FALTA DE ORTOGRAFÍA EN CALQUERA DAS PROBAS DE AVALIACIÓN ESPECIFICADAS ARRIBA.**

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS:

Dous sistema de avaliación:

1 Presencial e avaliación continua (as probas e porcentaxes de avaliación son os arriba indicados: exame presencial (20%) de teoría e tradución (dobraxe e subtitulación) e 2 encomendas (60%) a través de Moovi (dobraxe e subtitulación). As lecturas e traballo de aula suman o 20% restante. **As datas das probas serán fixadas pola docente ao longo do curso e publicadas en Moovi.**

No caso da avaliación continua, a asistencia non é obrigatoria, pero a docente poderá establecer outros sistemas de control da participación do estudantado (traballos de curso con prazos en Moovi, etc).

2 Non presencial e avaliación única: exame de teoría (30%) e práctica (70%: dobraxe --35%-- e subtitulación --35%--)

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO):

O/A alumno/a que siga o sistema de avaliación continua e non acade a nota mínima presentarase en xullo ás partes non superadas na data indicada no calendario de exames. As partes aprobadas gardaranse unicamente ata a convocatoria de xullo.

Os/as alumnos/as que sigan a avaliación única e non superen a materia na primeira edición de actas presentaranse á proba fixada no calendario de exames, que terá as mesmas partes e condicións que o exame de avaliación única da primeira edición de actas.

Todas as probas realizaranse na lingua termo da combinación da materia.

Respecto á avaliación, se se detecta plaxio (total ou parcial), a cualificación será 0. A entrega de calquera traballo, lectura ou encomenda fóra de prazo contará como un 0.

É responsabilidade do/da alumno/a consultar os materiais e novidades a través da plataforma de teledocencia MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

**Esta materia NON se recomenda para ALUMNADO ERASMUS.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Chaume, Frederic, **Cine y traducción**, Cátedra, 2004

Díaz Cintas, Jorge, **Teoría y práctica de la subtitulación**, Ariel, 2003

Bibliografía Complementaria

La bibliografía se completará en el aula,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109
Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309
Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502

Outros comentarios

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español				
Materia	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01923			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	López González, Rebeca Cristina Lorenzo García, María Lourdes Sotelo Dios, Patricia			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia concíbese como un espazo didáctico que ha de servir ao alumno, por unha banda, para coñecer os conceptos básicos da tradución audiovisual, fundamentalmente as súas modalidades principais, a dobraxe e o subtitulado, e, por outra, para saber identificar os principais problemas de tradución dos textos audiovisuais en lingua inglesa e implementar as estratexias para resolvelos. Así mesmo, o alumno aprenderá a aplicar métodos analíticos aos textos audiovisuais co fin de alcanzar unha boa tradución (análise textual e contextual) ou de establecer a calidade de traducións xa existentes e saberá manexar un programa de subtitulación.			

Competencias	
Código	
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
Descrición xeral	A materia tradución editorial, de carácter eminentemente práctico, ten por obxectivo que o alumnado se familiarice co tipo de textos e contextos de tradución propios do eido editorial dende o francés cara ao galego e na diversidade de temas, encargas e tarefas ligadas ao exercicio da profesión no sector editorial. Preténdese que ao longo do cuadrimestre, o alumnado adquira ou perfeccione as competencias necesarias para o seu desenvolvemento como profesional neste ámbito.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE30	Coñecemento de idiomas
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións

CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual
CT24	Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: dominar perfectamente as dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico. SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas linguïsticos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE12 CE25 CE30 CE32 CE33	CT10 CT14 CT17 CT22
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos redactados na lingua de partida. SUBCOMPETENCIA: Coñecer a historia e as culturas das dúas linguas co fin de entender perfectamente os textos así como dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE24 CE30 CE32 CE33	CT1 CT2 CT7 CT9 CT10 CT15 CT17
COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto. SUBCOMPETENCIAS: coñecer os diferentes tipos de texto (literarios, publicitarios...) e as súas características (argumentativos, expositivos...)	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE33	CT17
COMPETENCIA TRADUTORA: saber traducir un texto sen interferencias e con calidade. SUBCOMPETENCIAS: Identificar os participantes no proceso de tradución (autor, tradutor, lector...) e a función comunicativa do texto. Coñecer as distintas técnicas e estratexias de tradución. Traducir textos destinados a seren editados. Identificar os problemas de tradución editorial e aprender a resolvelos. Identificar problemas ortotipográficos e aprender as estratexias e normas para resolvelos. Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Coñecer as normas de presentación de tradución. Coñecer o mercado laboral (aspectos económicos e profesionais). Desenvolver habilidades de traballo en equipo (xestión de proxectos editoriais) e adquirir un compromiso deontolóxico.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE8 CE10 CE15 CE17 CE18 CE21 CE22 CE24 CE25 CE27	CT4 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT14 CT15 CT18 CT22 CT23 CT24

Contidos

Tema	
1. A industria editorial 2. A industria editorial galega	1.1 Fundamentos teóricos sobre a edición: O sector editorial dentro das industrias culturais. O proxecto de empresa editorial. Proxectos cultural vs. proxecto económico. Panorama da edición española e galega. Organización do sector. 1.2 Experiencias profesionais no sector do libro: editores, autores, tradutores, libreiros, institucións do sector e responsables da política editorial (políticas de axudas, canles de distribución e mercadotecnia). 1.3 O papel da persoa que traduce. A funcións dos axentes mediadores. 2.1 Presentación do panorama da tradución editorial da industria galega 2.2. Importación vs. exportación.

2. Dereitos e deberes. Ética profesional	2.1 A Lei de Propiedade Intelectual. Dereitos de autoría das traducións (patrimoniais e morais). 2.2 O tradutor no seu contexto. 2.3 Ética e responsabilidade da persoa que traduce. 2.4 Colectivos e asociacións de profesionais.
3. Tipoloxías textuais	3.1 Tradución editorial: textos literarios e non literarios 3.2 Identificación das diferentes tipoloxías, formatos e modalidades.
4. Tradución de textos	4.1 Tradución de diferentes modalidades textuais 4.2 Encargas que simulen o proceso de tradución profesional.
5. Crítica dos textos traducidos	5.1 Valoración e argumentación da calidade no produto traducido. 5.2 Comparación de textos xa traducidos editados 5.3 Criterios de critica de tradución editorial 5.4 A recepción dos textos traducidos para editorais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	10	2	12
Resolución de problemas de forma autónoma	20	40	60
Traballo tutelado	4	32	36
Presentación	4	8	12
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	2	20	22
Práctica de laboratorio	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado, a docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e comentará tamén as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación
Lección maxistral	As 7 horas de sesión maxistral destinaranse a presentar a situación da tradución editorial no Estado español e en Galicia e a explicar o proceso tradutivo. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativa e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas de forma autónoma	Neste apartado de 25 horas, realizaranse exercicios de tradución que tentarán reproducir situacións reais, resolución de problemas (dificultades de tradución) e todo tipo de exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistrais.
Traballo tutelado	O alumnado deberá realizar un traballo sobre algún dos aspectos presentados nas clases maxistrais, que será tutelado pola docente. Durante as dúas horas presenciais dedicadas a este apartado, a docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo.
Presentación	Durante as 4 horas dedicadas a este apartado, o alumnado presentará de xeito individual os resultados do seu traballo na clase.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Durante as prácticas autónomas a través de TIC, o alumno realizará encargas de tradución editorial e coñecerá as bases de datos e fontes de documentación necesarias para acadar un traballo de tradución de calidade.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Traballo tutelado	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Probas	**Descrición**
Práctica de laboratorio	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Resolución de problemas e/ou exercicios	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Lección maxistral	A avaliación das sesións maxistrais permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante un exame, ben mediante a encomenda de cuestionarios ou resumos de artigos sobre a materia.	10	CB1 CB2 CB3	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE24 CE30 CE32 CE33	CT1 CT2 CT7 CT9 CT10 CT15 CT17

Resolución de problemas de forma autónoma	Neste apartado avaliaranse todo tipo de exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora. Poderán ser exercicios que traten de dificultades de tradución, análise de tradución... Terase especialmente en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado tanto escritos como orais e a súa participación activa nas clases.	30	CB1 CB3 CB4	CE33	CT4 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT14 CT15 CT18 CT22 CT23 CT24
Presentación	O alumnado deberá presentar oralmente, e de xeito individual o traballo encomendado a comezos de curso.	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE12 CE25 CE30 CE32 CE33	CT10 CT14 CT17 CT22
Práctica de laboratorio	Neste apartado, entragaránselle ao alumnado textos para seren traducidos que tenten simular situacións reais de traballo. Haberá prazos de entrega de encargas de tradución.	35	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE33	CT17
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado deberá realizar varias lecturas obrigatorias que se indicarán nas sesións presenciais de clase y que se poden descargar da plataforma faitic (cf. bibliografía). As lecturas serán avaliadas mediante proba de resposta curta.	10			

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para o alumnado que segue a modalidade presencial, todas as probas realizadas son de caráter obrigatorio, así como a elaboración do traballo cuxa data límite de entrega é marzo-abril. O alumnado deberá superar todas as probas para poder acadar o aprobado. O alumnado que suspenda algunha das probas deberá recuperar esa parte da materia na data do exame oficial da convocatoria de xullo.

A avaliación continua e única son incompatibles.

Para o alumnado que se acolla a sistema non presencial ou que perda a presencialidade, haberá dúas convocatorias de exame: unha en maio (data oficial publicada na web da FFT que coincide coa proba de resposta curta do alumnado que segue a avaliación continua), e en xullo na data fixada polo centro.

O exame final de maio e xullo consistirá na realización dunha encarga de tradución comentada (dende o francés cara ao galego), así como dunha proba de resposta curta sobre as lecturas e os contidos teóricos impartidos ao longo do curso. Deberá superar as dúa probas.

Penalízase a copia ou plaxio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

MECD, **http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/dms/mecd/cultura-mecd/areas-cultura/libro/mc/observatoriolect/redirige/estudios-e-informes/elaborados-por-el-observatoriolect/TRADUCCION_2010.pdf**,
CEDRO, **Libro Blanco de la Traducción en España**, http://www.cedro.org/docs/lecturas/libro_blanco_ac,
AGPTI, **Guía Práctica**, http://www.agpti.org/web/uploads/documentos/arquiv,
ATG, **Bivir.com**, http://tradutoresgalegos.com/bivir.html,
SFT, **Publications**, https://www.sft.fr/publications.html,
TLFI, **Trésor de la langue Française**, http://atilf.atilf.fr/,
Dicionario cas-gal, **Rinoceronte**, https://rinoceronte.gal/dicionario/,
ANL Uvigo, **Recursos e Ferramentas**, https://www.uvigo.gal/campus/lingua/asesoramento,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418
Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701
Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución editorial idioma 1: Frances-Español				
Materia	Tradución editorial idioma 1: Frances-Español			
Código	V01G230V01929			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución especializada lingua A1-lingua A2				
Materia	Tradución especializada lingua A1-lingua A2			
Código	V01G230V01930			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Varela Vila, Tamara			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	Trátase dunha materia optativa que complementa a formación de futuras/os tradutoras/es e intérpretes que se inserirán proximamente no mundo profesional. Está orientada tanto ao traballo no seo dos servizos de tradución públicos (servizos lingüísticos responsables da tradución de publicacións oficiais: Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial do Estado, boletíns oficiais da provincia etcétera) e servizos de normalización lingüística (principalmente os servizos municipais), coma ao traballo autónomo das e dos profesionais que traballen para axencias de tradución ou por conta propia. Os seus textos son obxecto de encarga de tradución frecuentemente no mercado profesional. Trabállase a tradución en ambas as direccións, especialmente a tradución cara ao galego. Para o seguemento eficaz e produtivo desta materia recoméndase un nivel C2 do MCER.			

Competencias	
Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CE31	Coñecementos de informática profesional e TAC
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT4	Resolución de problemas
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico

CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT21	Sensibilidade co medio
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Perfeccionar a competencia tradutora especializada entre estas dúas linguas. Exercitar as estratexias de tradución acaídas aos textos especializados, acudindo aos principios teóricos e metodolóxicos da tradutoloxía, con especial atención á superación da interferencia lingüística que, de normal, ten lugar entre dúas linguas próximas.	CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE10 CE11 CE15 CE17 CE18 CE21 CE22 CE23 CE24 CE25 CE28 CE31 CE33	CT1 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT12 CT14 CT21 CT22 CT23

Contidos

Tema	
Coñecementos temáticos básicos	- Sistema político, xurídico e administrativo, institucións e publicacións oficiais - Tipoloxías documentais xurídico-administrativas - Procedemento administrativo en España. Lexislación de referencia
Modelos documentais	- Publicacións oficiais - Certificados, resolucións e outros documentos administrativos - Lexislación, sentenzas, contratos e outros documentos xurídicos
Enunciación xurídica e administrativa	- A lingua dos documentos administrativos e xurídicos - Manuais de estilo - Modernización e simplificación da linguaxe administrativa e xurídica: panorama internacional
Fontes para a tradución especializada	- Metodoloxía da busca documental - Xerarquía de fontes - Metodoloxía da busca terminolóxica puntual
Fundamentos da tradución especializada	- Convencións de xénero textual - Tipos de equivalencia - Estratexias tradutivas
Deontoloxía da tradución xurídica e administrativa	- Estratexias de redacción - Corrección e revisión - Aspectos profesionais

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	8	14	22
Resolución de problemas	30	48	78
Exame de preguntas obxectivas	2	20	22
Práctica de laboratorio	6	20	26

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia e realización dunha avaliación inicial para determinar a situación de partida.
Lección maxistral	Exposición por parte das docentes dos contidos teóricos da materia.

Resolución de problemas	Realización por parte das/os estudantes de diferentes actividades, como resumos, traballos, proxectos, traducións ou revisións de traducións (individuais ou en grupo).

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma Moovi.
Resolución de problemas	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma Moovi.
Probas	**Descrición**
Práctica de laboratorio	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma Moovi.
Exame de preguntas obxectivas	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma Moovi.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Exame de preguntas obxectivas	O alumnado desenvolverá dúas probas teóricas en que demostrará que adquiriu os coñecementos teóricos mínimos establecidos. Será necesario obter como mínimo un 4 en cada unha das probas teóricas.	25	CB2 CB3 CB4 CB5	CE17 CE24	CT6
Práctica de laboratorio	O alumnado realizará ao longo do curso tres probas prácticas/encargas de tradución. Será necesario obter como mínimo un 4 en cada unha das probas prácticas/encargas.	75	CB2 CB3 CB4	CE17 CE21 CE22 CE23 CE24 CE31	CT1 CT4 CT5 CT7 CT8 CT12 CT14 CT21 CT22 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA:

As probas descritas na táboa anterior e as porcentaxes asignadas a cada unha delas só se aplican ao sistema de avaliación continua. Para acollerse a esta forma requírese:

- Comunicarlle á docente por medio de Moovi a escolla deste sistema de avaliación antes do 30 de setembro.
- Realizar as tres probas prácticas/encargas e as dúas probas teóricas nas datas establecidas. Para o desenvolvemento das probas teóricas non está permitido o uso de notas, libros nin ningunha outra fonte en soporte papel ou telemático. Para a proba práctica permítese o uso das fontes documentais en papel ou telemáticas.

Será necesario obter unha nota igual ou superior a 4 en cada unha das tres probas prácticas/encargas e dúas probas teóricas para que se apliquen as porcentaxes anteriores. Para aprobar a materia, a nota media deberá ser igual ou superior a 5.

AVALIACIÓN ÚNICA:

As/os estudantes que non opten polo sistema de avaliación continua realizarán un exame na data oficial da convocatoria de xaneiro fixada pola Facultade que representará o 100 % da nota final e que constará das seguintes probas:

1. Proba teórica (30 %)
2. Proba práctica de tradución dun texto breve do español ao galego (40 %)
3. Proba práctica de tradución dun texto breve do galego ao español (30 %)

Para aprobar a materia requírese unha media igual ou superior a 5 puntos, e obter polo menos un 4 en cada unha das probas. Para o desenvolvemento do exame teórico non está permitido o uso de notas, libros nin ningunha outra fonte en soporte papel ou telemático. Para as probas prácticas permítese o uso das fontes documentais en papel ou telemáticas.

SEGUNDA CONVOCATORIA (XUÑO/XULLO):

Para aprobar a materia en segunda convocatoria, o alumnado debe superar unha proba coas mesmas condicións que o exame de avaliación única e que se realizará na data oficial da convocatoria de xuño/xullo fixada pola Facultade. Para aprobar a materia requírese unha media igual ou superior a 5 puntos, e obter polo menos un 4 en cada unha das probas. Excepcionalmente, poderase acordar que o alumnado se presente só a algunha das partes que estean pendentes en segunda convocatoria.

Independentemente do sistema de avaliación elixido, non superará a materia quen incorra en plaxio total ou parcialmente. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia Moovi, así como estar ao día das datas en que teñen lugar as probas de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

García Cancela, X. e Díaz Abraira, C., **Manual de linguaxe administrativa**, Santiago de Compostela: EGAP, 1994,

Varela Vázquez, B. et alii, **Curso superior de linguaxe administrativa**, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2013,

Bibliografía Complementaria

Boullón Agrelo, A. I. (coord.), **Léxico da Administración Castelán-Galego**, Santiago de Compostela: ILG-RAG, 1991,

Conde Antequera, J., **Lenguaje administrativo y Derecho: El lenguaje como aspecto de la actividad administrativa**, Navarra: Aranzadi, 2009,

Galanes Santos I. et alii, **A lingua dos documentos xurídicos**, COM_FORMA, Consello de Avogacía Galega, 2000,

Gómez Guinovart, X. e Torres Padín, A., **Vocabulario xurídico-administrativo galego-castelán**, Vigo: Universidade de Vigo, 2005,

Leobalde García, M. M. et alii, **Curso de linguaxe administrativa**, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2007,

López Mira, A. X., **Introdución ao sistema político español**, Santiago de Compostela: Tórculo edicións, 2006,

Ramos Insua, M., **Glosario de termos xurídicos dubidosos (castelán-galego)**, Santiago de Compostela: Colexio de Avogados de Santiago/Xunta de Galicia, 2008,

Rivas Cid, X. (coord.), **Manual básico de documentación administrativa e xurídica**, Santiago de Compostela: EGAP, 2010,

VV. AA., **Manual de documentos administrativos**, Madrid: Tecnos, 2003,

Vidal Barral (coord.), **Curso de actualización da lingua e linguaxe administrativa galegas**, Santiago de Compostela: EGAP, 2005,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Alemán-Español/V01G230V01944
Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Alemán-Galego/V01G230V01943
Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Francés-Español/V01G230V01942
Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Inglés-Español/V01G230V01940

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Español/V01G230V01705
Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01703
Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01702

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518
Tradución entre lingua A1 e lingua A2/V01G230V01501

Outros comentarios

Recoméndase que o alumnado lea con regularidade prensa e documentación especializada, especialmente os boletíns oficiais (BOE, DOG). Tamén se recomenda que analice os documentos administrativos que en tanto que cidadá/án se ve obrigada/o a cubrir ou redactar.
Pártese de que o alumnado coñece as dúas linguas de traballo en profundidade, polo que non se admitirán erros lingüísticos. Se a súa competencia for insuficiente, pode poñerse en contacto coa docente antes do comezo do curso ou nas primeiras sesións para que lle recomende materiais que melloren a calidade dos seus escritos. Tamén se recomenda a realización de cursos gratuítos relacionados coa redacción en lingua galega.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada				
Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada			
Código	V01G230V01931			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Pintelos, María José			
Profesorado	Fernández Pintelos, María José Hermida Ruibal, Ana			
Correo-e	mjpintelos@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Aprendizaxe avanzada do uso das ferramentas informáticas necesarias para a tradución: procesadores de texto, maquetación, programas de tradución asistida por ordenador, localización, xestión terminolóxica, etc.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Ser capaz de aprender con autonomía	CB1	CE10	CT1
	CB2	CE11	CT3
	CB3	CE16	CT3
	CB4	CE17	CT4
		CE18	CT5
		CE19	CT6
		CE19	CT7
		CE21	CT8
			CT9
			CT10
			CT12
			CT13
			CT14
			CT15

Contidos
Tema

1. Ferramentas de xestión terminolóxica e control de calidade	1.1. Creación de recursos 1.2. Importación/Exportación de recursos 1.3. Control de calidade
2. Ferramentas de tradución asistida	2.1. Uso profesional de ferramentas de tradución asistida 2.2. Xestión de proxectos
3. Ferramentas para a localización	3.1. Localización de sitios web 3.2. Localización de programas e aplicacións

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	30	36	66
Resolución de problemas de forma autónoma	10	20	30
Lección maxistral	4	0	4
Actividades introdutorias	4	6	10
Práctica de laboratorio	0	40	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Prácticas con ferramentas de TAO, localización e xestión de proxectos, que se desenvolverán na aula de informática.
Resolución de problemas de forma autónoma	Prácticas autónomas de TAO, localización e xestión de proxectos.
Lección maxistral	Explicacións teóricas destinadas a introducir os principais conceptos de cada tema.
Actividades introdutorias	Sesións presenciais destinadas a: 1) Presentar os contidos da materia, a planificación e a metodoloxía docentes, e o sistema de avaliación que se empregará 2) Facer un repaso dos contidos da materia Infórmática I.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	As docentes guiarán os alumnos na realización das prácticas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Práctica de laboratorio	Unha práctica para avaliar os contidos do bloque 1 (25 % da nota). Dúas prácticas para avaliar os contidos do bloque 2 (25 % da nota cada unha). Unha práctica para avaliar os contidos do bloque 3 (25 % da nota). O contido e as condicións das prácticas quedarán especificados en Moovi.	100	CB1 CB2 CB3 CB4	CE10 CE11 CE17 CE18 CE19 CE21	CT3

Outros comentarios sobre a Avaliación

No inicio do curso, cada estudante poderá escoller entre acollerse a: 1) un sistema de avaliación progresivo e acumulativo, a partir da resolución das encomendas prácticas e a entrega dun exercicio obrigatorio ou 2) un sistema de avaliación única cun único exame.

As prácticas serán ao acabar o período lectivo asignado a cada tema. A proba de avaliación única realizarase na data que determine o calendario institucional.

O alumnado que siga o sistema de avaliación única deberá mandar unha mensaxe de correo electrónico ata dous días antes

da data marcada no calendario oficial para recibir as condicións das probas de avaliación. Estas abranguerán todos os contidos da materia, tanto teóricos (nunha proba que suporá o 20 % da nota da materia) como prácticos (o 80% da nota). O alumnado de avaliación única que non se puxera en contacto o día da convocatoria oficial será cualificado con Non presentado.

Segunda edición de actas

O alumnado que non supere a materia na primeira edición, poderá presentarse á segunda edición de actas. Este alumnado deberá mandar unha mensaxe de correo electrónico ata dous días antes da data marcada no calendario oficial para recibir as condicións das probas de avaliación. Estas abranguerán todos os contidos da materia, tanto teóricos (nunha proba que suporá o 20 % da nota da materia) como prácticos (o 80% da nota). O alumnado de avaliación única que non se puxera en contacto o día da convocatoria oficial será cualificado con Non presentado.

Outros comentarios

Presencialidade

Enténdese que o alumnado que se acolle ao sistema de avaliación continua ten que poder asistir ás clases de forma regular.

O alumnado que desexe cursar a materia en réxime de avaliación continua, pero por razóns xustificadas no poida asistir ás clases presenciais deberá comunicarlle estas circunstancias á docente, para buscar as alternativas correspondentes.

Plaxio

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Corrección lingüística

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística

Teledocencia

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de docencia e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Reineke, Detlef, **Traducción y localización. Mercado, gestión y tecnologías**, Las Palmas de Gran Canaria: Anroart, 2005

Cazenave, María Eugenia et al., **Manual de informática aplicada a la traducción**, Buenos Aires: CTPBA, 2016

Bibliografía Complementaria

Dunne, Keiran; Elena Dunne (eds), **Translation and Localization Project Management**, Amsterdam [etc.]: John Benjamins, 2011

Esselin, Bert, **A Practical Guide to Localization**, Amsterdam [etc.]: John Benjamins, 2000

Jiménez Crespo, Miguel A., **Translation and web localization**, Abingdon (England) [etc.]: Routledge, 2011

Díaz-Fouces Oscar; García-González, M. (eds.), **Traducir (con) software libre**, 9788498364873, Granada: Comares, 2008

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Galego				
Materia	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01932			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo ofrecer ao alumnado unha panorámica da tradución nos servizos culturais (inglés/galego). Centrarase nas necesidades de tradución en ámbitos como: xestión e tradución de patrimonios culturais, organización de eventos e publicidade. Especial dedicación se prestará a servizos que atendan a discapacidade: subtitulación para persoas xordas, audiodescrición para persoas cegas e lectura fácil para persoas con discapacidade cognitiva ou dificultades lectoras en xeral.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE22	Destrezas de tradución
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE29	Formación universitaria específica
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais
CT12	Traballo en equipo
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT18	Creatividade
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor

CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias	
Aprender a traducir textos derivados dos sectores dos servizos culturais na combinación inglés/galego e, en xeral, adquirir as competencias de tradución propias da especialidade da tradución de servizos culturais.	CB1 CB2	CE3 CE4 CE8 CE16 CE17 CE22	CT4 CT7 CT8 CT9 CT12 CT16 CT22
Desenvolver competencias profesionais prospectivas, baseadas no coñecemento das dinámicas do mercado, no comportamento e expectativas da clientela e na anticipación de necesidades.	CB1 CB2 CB3	CE1 CE2 CE3 CE8 CE17 CE22	CT7 CT8 CT9 CT14 CT16
Saber defender, avaliar e realizar con profesionalidade traducións a partir dun amplo abano de textos, encargas e formatos característicos de diversos ámbitos culturais na combinación lingüística inglés>galego.		CE16 CE17 CE22	CT4 CT12 CT14 CT16
Coñecer a diversidade de ámbitos de especialidade e tipoloxías textuais da tradución no eido dos servizos culturais entre o inglés e o galego. Ampliar a cultura xeral, ser conscientes das lagoas propias e fomentar a curiosidade.		CE12 CE25 CE26 CE27 CE29 CE32	CT8 CT9 CT10 CT11 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT18 CT19 CT22 CT23

Contidos	
Tema	
1. Os servizos culturais: diversidade de textos e contextos	1.1. A cultura e os servizos culturais: definición 1.2. Os servizos culturais: tipoloxía
2. Os textos turísticos	2.1. Textos turísticos ingleses e galegos: análise contrastiva de convencións para conseguir unha tradución funcional 2.2. Ámbitos (museos, concellos, institucións encargadas de Patrimonio...) e formatos (folletos, páxinas web): a tradución do patrimonio cultural
3. A publicidade institucional	3.1. Textos publicitarios: análise e tradución funcional 3.2. Tradución subordinada: o peso da imaxe na tradución 3.3. Publicidade en papel e publicidade audiovisual: problemas e estratexias de tradución
4. Accesibilidade: tradución intralingüística	4.1. Subtitulación para persoas xordas 4.2. Audiodescrición para persoas cegas 4.3. Lectura fácil para persoas con discapacidade cognitiva ou dificultades lectoras en xeral

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	4	7
Estudo de casos	8	11	19
Resolución de problemas de forma autónoma	6	12	18
Lección maxistral	16	6	22
Aprendizaxe-servizo	12	60	72
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	9	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente
Descrición

Actividades introdutorias	Sesión de presentación da guía docente e actividades de repaso sobre conceptos básicos de tradución (que se aplicarán na materia).
Estudo de casos	Presentación de textos reais (folletos dun museo, páxina web dun concello, audiodescrición dunha película...) que o alumnado deberá analizar e avaliar criticamente.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os alumnos traballarán os textos de forma individual ou en grupos, atendendo ás dificultades tradutolóxicas dos mesmos. Estas sesións poden desenvolverse en aula ou na biblioteca, monitorizados neste caso en tempo real a través de Moovi pola profesora.
Lección maxistral	A profesora presentará os puntos teóricos mediante presentacións de power point. Pero serán sesións de natureza participativa nas que se espera que os alumnos interveñan con preguntas, suxestións, etc.
Aprendizaxe-servizo	Os estudantes realizarán traballos de accesibilidade (subtitulación para persoas xordas, audiodescrición para persoas cegas e lectura fácil para persoas con discapacidade cognitiva ou dificultades lectoras

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Estudo de casos	A profesora estará a disposición do alumnado na clase e nas horas de titoría (presenciais ou telemáticas a través de campus remoto) para solucionar dúbidas: despacho 1448 // https://campusremotouvigo.gal/faculty/993// Contrasinal: Estudante2020
Probas	**Descrición**
Exame de preguntas de desenvolvemento	A profesora estará a disposición do alumnado na clase e nas horas de titoría (presenciais ou telemáticas a través de campus remoto) para solucionar dúbidas: despacho 1448 // https://campusremotouvigo.gal/faculty/993// Contrasinal: Estudante2020

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
